

*Proxecto do Decreto \_\_\_\_/\_\_\_\_, do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é da competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme a alínea primeira do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e a súa garantía.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas.

No artigo 10, alíneas 1 e 2, da devandita lei establécese que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149.1, 30ª e 7ª da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cuxos contidos poderán ampliar as administracións educativas no ámbito das súas competencias.

No artigo 8.1 establécese, así mesmo, que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e serán expedidos polas administracións competentes.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no capítulo V do seu título I os principios xerais da formación profesional inicial e dispón no artigo 39.6 que o Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, introduciron modificacións na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no marco legal das ensinanzas de formación profesional, que pretendéron, entre outros aspectos, adecuar a oferta formativa ás demandas dos sectores produtivos.

Pola súa vez, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, en aspectos que atinxen ao procedemento de acceso e admisión ás ensinanzas de formación profesional, e tamén desde estas ensinanzas aos estudos universitarios de grao.

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, tomando como base o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.

No seu artigo 8 establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina nos seus capítulos III e IV, dedicados ao currículo e á organización das ensinanzas, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos profesionais dos ciclos formativos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Publicado o Real decreto 653/2017, do 23 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva e se fixan os aspectos básicos do currículo, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, e de acordo co establecido no citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, determínanse a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a prospectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo para cada módulo profesional no que se refire a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para os efectos de docencia.

Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as modalidades e as materias de bacharelato que facilitan a conexión co ciclo formativo, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza preciso para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de Formación en centros de traballo posibi-

lita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos, que non terán carácter laboral, en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

O módulo de Proxecto que se inclúe no ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaran no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de Formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

De acordo co artigo 10 do citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultados o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil \_\_\_\_\_,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### **Disposicións xerais**

#### Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto establecer o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva, establecido polo Real decreto 653/2017, do 23 de xuño.

## CAPÍTULO II

## **Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e perspectiva do título no sector ou nos sectores**

### *Artigo 2. Identificación*

O título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva identifícase polos seguintes elementos:

Denominación: Ensinanza e Animación Sociodeportiva.

Nivel: formación profesional de grao superior.

Duración: 2.000 horas.

Familia profesional: Actividades Físicas e Deportivas.

Referente europeo: CINE-5b (Clasificación internacional normalizada da educación).

Nivel do Marco español de cualificacións para a educación superior: nivel 1; técnico superior.

### *Artigo 3. Perfil profesional do título*

O perfil profesional do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título.

### *Artigo 4. Competencia xeral*

A competencia xeral do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva consiste en elaborar, xestionar e avaliar proxectos de animación físico-deportivos recreativos para todos os tipos de persoas usuarias, programando e dirixindo as actividades de ensino, de inclusión sociodeportiva e de tempo libre, coordinando as actuacións dos/das profesionais implicados/as, garantindo a seguridade, respectando o ambiente e conseguindo a satisfacción das persoas usuarias, nos límites de custo previstos.

### *Artigo 5. Competencias profesionais, persoais e sociais*

As competencias profesionais, persoais e sociais do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva son as que se relacionan:

a) Elaborar proxectos de animación sociodeportiva a partir da análise das características do contorno, incorporando as últimas tendencias dese campo profesional e, de ser o caso, as propostas de mellora extraídas do seguimento doutros proxectos anteriores, aproveitando as convocatorias institucionais.

b) Desenvolver e rexistrar o plan de avaliación dos proxectos de animación sociodeportiva, concretando os instrumentos e a secuencia de aplicación, así como o

tratamento e a finalidade dos datos obtidos, todo iso con axuda das tecnoloxías da información.

c) Xestionar a posta en marcha do proxecto de animación sociodeportiva, organizando os recursos e as accións necesarias para a súa promoción, o seu desenvolvemento e a súa supervisión.

d) Avaliar a condición física, a competencia motriz e as motivacións das persoas participantes nos programas de animación sociodeportiva, tratando os datos de xeito que sirvan na formulación e na retroalimentación dos programas.

e) Programar a ensinanza de actividades físico-deportivas individuais, de equipo e de implementos e xogos, en función das persoas participantes, dos medios dispoñibles e dos datos de seguimento, indicando a metodoloxía didáctica e de animación máis apropiada e as adaptacións para persoas con discapacidade.

f) Programar as actividades de inclusión sociodeportiva en función das características dos grupos, dos medios dispoñibles e dos datos de seguimento, indicando a metodoloxía de intervención máis apropiada.

g) Programar a recreación mediante actividades físico-deportivas e xogos, en función das características dos grupos, dos medios dispoñibles e dos datos de seguimento, indicando a metodoloxía de animación máis apropiada e as adaptacións para persoas con discapacidade.

h) Deseñar, adaptar e secuenciar exercicios e tarefas das sesións de ensinanza de actividades físico-deportivas e xogos para todos os tipos de participantes, respectando os obxectivos e as fases das sesións.

i) Deseñar e secuenciar exercicios e tarefas das actividades de inclusión sociodeportiva para persoas maiores e para colectivos en risco de exclusión, respectando os obxectivos e as fases das sesións ou actividades.

j) Deseñar, adaptar e secuenciar exercicios e tarefas das sesións ou actividades de recreación, para todos os tipos de participantes, respectando os obxectivos e as fases das sesións ou actividades.

k) Dirixir e dinamizar o proceso de ensinanza de actividades físicas e deportivas, adaptando o programado á dinámica da actividade e do grupo, e avaliando as aprendizaxes das persoas participantes.

l) Dirixir e dinamizar as actividades de inclusión sociodeportiva programadas, adaptándoas á dinámica da actividade e do grupo.

m) Dirixir e dinamizar as actividades recreativas físico-deportivas e os xogos programados, adaptándoos á dinámica da actividade e do grupo.

n) Asegurar a dispoñibilidade dos recursos necesarios para a realización das actividades, preparando os espazos, os equipos e os materiais requiridos.

ñ) Proporcionarlles a atención básica ás persoas participantes que sufran accidentes durante o desenvolvemento das actividades, aplicando os primeiros auxilios.

o) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu contorno profesional,

xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida, e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

p) Resolver situacións, problemas ou contingencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.

q) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas e asumindo o liderado, e asumir solucións aos conflitos grupais que se presenten.

r) Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou os coñecementos adecuados e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

s) Xerar contornos seguros no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.

t) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de “deseño para todas as persoas”, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

u) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

v) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan da súa actividade profesional, consonte o establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

## *Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título*

### 1. Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

a) Animación físico-deportiva e recreativa, AFD509\_3 (Real decreto 146/2011, do 4 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de doce cualificacións profesionais da familia profesional Actividades Físicas e Deportivas, e se actualizan determinadas cualificacións profesionais das establecidas no Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, no Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro, e no Real decreto 1521/2007, do 16 de novembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC1658\_3: Elaborar, xestionar, promocionar e avaliar proxectos de animación físico-deportivos e recreativos.

UC1659\_3: Organizar e dinamizar eventos, actividades e xogos de animación físico-deportiva e recreativa para todo tipo de persoas usuarias.

UC1095\_3: Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa.

UC1096\_3: Organizar e desenvolver veladas e espectáculos con fins de animación.

UC0272\_2: Asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

b) Dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil, SSC565\_3 (Real decreto 567/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC1869\_3: Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo.

UC1867\_2: Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e da xuventude.

UC1868\_2: Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre.

UC1870\_3: Xerar equipos de persoal monitor, dinamizalos e supervisalos en proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil.

## 2. Cualificacións profesionais incompletas incluídas no título:

a) Actividades de natación, AFD341\_3 (Real decreto 1521/2007, do 16 de novembro, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas):

UC1084\_3: Programar actividades de ensinanza e acondicionamento físico básico relativas a actividades de natación.

UC1085\_3: Dirixir a aprendizaxe e o acondicionamento físico básico en actividades de natación.

b) Acondicionamento físico en grupo con soporte musical, AFD162\_3 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen novas cualificacións profesionais, que se inclúen no Catálogo nacional de cualificacións profesionais, así como os seus correspondentes módulos formativos, que se incorporan ao Catálogo modular de formación profesional, e se actualizan determinadas cualificacións profesionais das establecidas polo Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, e modificada polo Real decreto 1521/2007, do 16 de novembro, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas):

UC0273\_3: Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria.

c) Animación turística, HOT329\_3 (Real decreto 1700/2007, do 14 de decembro, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de trece cualificacións profesionais da familia profesional de Hostalaría e Turismo):

UC1093\_3: Crear e dinamizar grupos en situación de ocio.

UC1094\_3: Organizar e desenvolver actividades lúdicas e físico-recreativas en animación turística.

## Artigo 7. *Contorno profesional*

1. As persoas que obteñen o título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva exercen a súa actividade profesional tanto no ámbito público (na administración xeral, autonómica ou local), como en entidades de carácter privado e en grandes, medianas ou pequenas empresas que ofrezan servizos de ensinanza deportiva, acondicionamento físico, inclusión sociodeportiva e recreación.

A súa actividade desenvólvese nas áreas da animación social, a ensinanza físico-deportiva en diferentes contextos e idades, a animación turística e as actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil, ocupándose da planificación, a organización, a dinamización e a avaliación das actividades.

Así mesmo, pódese ocupar da organización de competicións non oficiais e pequenos eventos físico-deportivos para todos os tipos de persoas usuarias e para empresas de turismo activo.

A súa actividade desenvólvese en instalacións deportivas convencionais e non convencionais e no contorno natural, así como en instalacións turísticas, tales como hoteis, balnearios, campamentos para turismo e cidades de vacacións.

Os sectores produtivos de inserción profesional son os do deporte, turismo, lecer, e tempo libre educativo infantil e xuvenil.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Profesor/a de actividades físico-deportivas (natación, atletismo, baloncesto, voleibol, tenis, pádel, etc.).

Animador/a físico-deportivo e recreativo.

Animador/a de actividades de inclusión sociodeportiva.

Animador/a de veladas e espectáculos en instalacións turísticas.

Animador/a de actividades recreativas ao aire libre en instalacións turísticas.

Coordinador/a de actividades de animación deportiva.

Coordinador/a de actividades físico-deportivas en instalacións deportivas de empresas turísticas ou entidades públicas e privadas.

Coordinador/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Coordinador/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.

Coordinador/a de actividades paracurriculares no marco escolar.

Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.



Director/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.

Director/a de actividades paracurriculares no marco escolar.

Xefe/a de departamento de animación turística.

Cronometrador/a, xuíz/a e árbitro/a de competicións deportivas non oficiais.

Promotor/a deportivo/a e de competicións de nivel elemental ou social e de eventos deportivos de nivel básico.

Monitor/a de actividades físico-deportivas e recreativas en campamentos.

Monitor/a de tempo libre.

Socorrista en instalacións acuáticas.

## Artigo 8. *Prospectiva do título no sector ou nos sectores*

1. O perfil profesional do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva, dentro do sector terciario, define un/unha profesional polivalente con capacitación para exercer a súa actividade profesional no ámbito dos servizos sociais, do lecer activo, e do turismo e a actividade física saudables, respondendo ao cambio de tendencia que experimentou a práctica da actividade física e deportiva na nosa sociedade, tal e como recolle o libro branco sobre o deporte da Comisión Europea e as sucesivas enquisas de hábitos deportivos da poboación española.

Desde as administracións públicas recoñécese a actividade físico-deportiva como un instrumento potente na necesaria transmisión de valores de participación e inclusión social, solidariedade e multiculturalidade. A garantía de profesionalidade na satisfacción desas necesidades é un dos compromisos do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.

Por outra banda, as consecuencias derivadas dos hábitos sedentarios da poboación na nosa sociedade propiciaron iniciativas de promoción da actividade físico-deportiva desde as propias administracións públicas. A materialización desas iniciativas necesita profesionais con cualificación que teñan acreditadas as competencias que lles permitan desenvolver as funcións de planificación, organización, realización e avaliación das actividades de ensinanza físico-deportiva, de inclusión sociodeportiva e de recreación a través das actividades físicas e deportivas, respectando en todo o proceso as marxes da saúde, tal e como recolle o perfil deste título.

2. No ámbito europeo, considérase que o sector da actividade física e do deporte medra con rapidez e pode contribuír aos obxectivos de Lisboa de crecemento e creación de emprego; ten sinerxías co turismo e pode estimular a mellora das infraestruturas e o establecemento de novas colaboracións para financiar as instalacións deportivas e de lecer. En España, concretamente, nas estatísticas oficiais, as actividades deportivas como actividade económica principal inclúen o sector da actividade física, que afecta este título. Nos datos dispoñibles rexístrase unha alta porcentaxe de empresas con menos de seis empregados/as (aproximadamente o

80 %) e, respecto á súa condición xurídica, aproximadamente o 25 % son persoas físicas, arredor do 36 % adoptan a forma de sociedades limitadas e só o 3 % son sociedades anónimas. Existe un alto nivel de contratación temporal e unha elevada porcentaxe de traballadores/as autónomos/as.

En Galicia, un dos maiores niveis de inserción laboral do alumnado de formación profesional preséntase na familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas. As persoas tituladas en Animación de Actividades Físicas e Deportivas alcanzaron unha taxa de inserción laboral do 81 %, segundo o último estudo da ocupación laboral do alumnado que rematou a formación en centros de traballo no ano 2015. Así mesmo, a media de persoas tituladas que teñen a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo, sitúase sempre por riba da media xeral.

3. As características do mercado de traballo, a mobilidade laboral e os movementos entre sectores e subsectores obrigan a formar profesionais polivalentes capaces de adaptárense ás novas situacións socioeconómicas, laborais e organizativas. Esta finalidade perséguese neste título.

Por todo iso, parece oportuno desenvolver o título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva, que vai substituír o actual de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas e para o que se prevé unha boa inserción laboral, tendo en conta os datos de inserción do actual título.

## CAPÍTULO III

### **Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos de contexto**

#### Artigo 9. *Obxectivos xerais*

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva son os seguintes:

a) Relacionar de xeito coherente os elementos e os factores dun proxecto de animación sociodeportiva, valorando os datos socioeconómicos, físico-xeográficos, culturais, deportivo-recreativos, etc., para elaborar proxectos de animación sociodeportiva.

b) Propor actuacións no ámbito sociodeportivo que repercutan na saúde e na calidade de vida da cidadanía, caracterizando os colectivos destinatarios e incorporando os avances do sector, para elaborar proxectos de animación sociodeportiva.

c) Determinar os instrumentos e as secuencias de aplicación na avaliación dos proxectos de animación sociodeportiva, utilizando as tecnoloxías da información no tratamento das variables, para desenvolver e rexistrar o plan de avaliación.

d) Secuenciar as actuacións que se deben realizar na posta en marcha dun proxecto, especificando os recursos necesarios e a súa forma de obtención, para xestionar a posta en marcha do proxecto de animación sociodeportiva.

e) Organizar os recursos humanos e materiais dispoñibles, prevendo accións para a promoción, o desenvolvemento e a supervisión, para xestionar a posta en

marcha do proxecto de animación sociodeportiva.

f) Aplicar técnicas e instrumentos de avaliación, relacionándoos co tipo de datos que se pretenda obter, para avaliar a condición física, a competencia motriz e as motivacións das persoas que participan nos programas de animación sociodeportiva.

g) Establecer os elementos da programación, os recursos, as adaptacións e as estratexias didácticas, relacionándoos coas características das persoas potencialmente participantes, para programar a ensinanza de actividades físico-deportivas individuais, de equipo e de implementos, e xogos.

h) Establecer os elementos da programación, os recursos e as estratexias metodolóxicas de intervención, relacionándoos coas características dos colectivos potencialmente implicados, para programar as actividades de inclusión sociodeportiva.

i) Establecer os elementos da programación, os recursos, as adaptacións e as estratexias de animación, relacionándoos coas características das persoas potencialmente participantes, para programar a recreación mediante actividades físico-deportivas e xogos.

j) Valorar a participación dos mecanismos implicados na práctica de actividades físicas, diferenciando os graos de intensidade e de dificultade, para deseñar, adaptar e secuenciar exercicios e tarefas das sesións de ensinanza de actividades físico-deportivas e xogos.

k) Analizar os compoñentes ou os requisitos físicos, psíquicos e sociais de diferentes actividades físicas, relacionándoos cos obxectivos da inclusión social, para deseñar e secuenciar exercicios e tarefas das sesións ou actividades de inclusión sociodeportiva para persoas maiores e para colectivos en risco de exclusión.

l) Valorar os compoñentes físicos, psíquicos e sociais, e os riscos asociados ás actividades físico-deportivas recreativas, avaliando os graos de incerteza dos elementos, para deseñar, adaptar e secuenciar exercicios e tarefas das sesións ou actividades de recreación para todos os tipos de participantes.

m) Aplicar técnicas didácticas, adaptando a organización dos recursos e do grupo, as canles e o tipo de información, e as ferramentas de motivación e de reforzo, entre outros, para dirixir e dinamizar a realización dos exercicios de ensinanza de actividades físicas e deportivas.

n) Aplicar técnicas de intervención social, adaptando a organización dos recursos e do grupo, as canais e o tipo de información, e as ferramentas de construción de redes de relación, de inclusión e de participación, entre outros, para dirixir e dinamizar a realización das actividades de inclusión sociodeportiva.

ñ) Aplicar técnicas de animación, adaptando a organización dos recursos e do grupo, as canais e o tipo de información, e as estratexias recreativas, entre outros, para dirixir e dinamizar as actividades recreativas físico-deportivas e os xogos.

o) Dispor os espazos, os equipamentos e os materiais das actividades, aplicando criterios de optimización na súa utilización, para asegurar a dispoñibilidade dos recursos necesarios para a realización das actividades.

p) Aplicar procedementos de intervención e administración de primeiros auxilios en caso de accidente, utilizando os protocolos establecidos, para proporcionar a atención básica ás persoas participantes que sufran accidentes durante o desenvolvemento das actividades.

q) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe que se relacionan coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e se adaptar a novas situacións laborais e persoais.

r) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.

s) Tomar decisións de xeito fundamentado, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas e continxencias.

t) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.

u) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir e á finalidade e as características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.

v) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e propor e aplicar medidas de prevención persoais e colectivas, consonte a normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir contornos seguros.

w) Identificar e propor as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidade universal e ao “deseño para todas as persoas”.

x) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade, e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

y) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

z) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

aa) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, transexual, transxénero e intersexual.

## Artigo 10. Módulos profesionais

Os módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Ani-

mación Sociodeportiva, que se desenvolven no anexo I, son os que se relacionan:

MP1123. Actividades de lecer e tempo libre.

MP1124. Dinamización grupal.

MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes.

MP1137. Planificación da animación sociodeportiva.

MP1138. Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística.

MP1139. Actividades físico-deportivas individuais.

MP1140. Actividades físico-deportivas de equipo.

MP1141. Actividades físico-deportivas de implementos.

MP1142. Actividades físico-deportivas para a inclusión social.

MP1143. Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas.

MP1144. Proxecto de ensinanza e animación sociodeportiva.

MP1145. Formación e orientación laboral.

MP1146. Empresa e iniciativa emprendedora.

MP1147. Formación en centros de traballo.

#### Artigo 11. *Espazos e equipamentos*

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva son os establecidos no anexo II.

2. Os espazos formativos establecidos respectarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo, e cantas outras normas sexan de aplicación.

3. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.

4. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.

5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe.

6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que exixan as máquinas en funcionamento.

#### Artigo 12. *Profesorado*

1. A docencia dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticos e catedráticas de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo III A).

2. As titulacións requiridas para acceder aos corpos docentes citados son, con carácter xeral, as establecidas no artigo 13 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei. As titulacións equivalentes ás anteriores para os efectos de docencia, para as especialidades do profesorado, son as recollidas no anexo III B).

3. As titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que forman o título, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas, concréntanse no anexo III C).

4. As titulacións habilitantes para os efectos de docencia para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras administracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración educativa, concréntanse no anexo III D).

A consellería con competencias en materia de educación establecerá un procedemento de habilitación para exercer a docencia, no que se exixirá o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

a) Que as ensinanzas conducentes ás titulacións citadas engloben os obxectivos dos módulos profesionais.

b) Se os devanditos obxectivos non estivesen incluídos, ademais da titulación deberá acreditarse mediante certificación unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos no sector vinculado á familia profesional, realizando actividades produtivas en empresas relacionadas implicitamente cos resultados de aprendizaxe.

## CAPÍTULO IV

### **Accesos e vinculación a outros estudos, e correspondencia de módulos profesionais coas unidades de competencia**

*Artigo 13. Preferencias para o acceso ao ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva, en relación coas modalidades e as materias de bacharelato cursadas*

Terá preferencia para acceder ao ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva o alumnado que cursara calquera modalidade de bacharelato.

#### Artigo 14. *Acceso e vinculación a outros estudos*

1. O título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva permite o acceso a calquera outro ciclo formativo de grao medio ou de grao superior, consonte o establecido nos artigos 44.2 e 41.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. O título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva permitirá cursar calquera modalidade de bacharelato e a obtención do título de bacharel pola superación da avaliación final de bacharelato, consonte o disposto no artigo 44.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

#### Artigo 15. *Validacións e exencións*

1. As validacións entre os módulos profesionais de títulos de formación profesional do sistema educativo e os módulos profesionais do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva establécense no anexo IV.

2. As persoas que tivesen superado o módulo profesional de Formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de Empresa e iniciativa emprendedora, en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terán validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. As persoas que obtivesen a acreditación de todas as unidades de competencia incluídas no título, mediante o procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, poderán validar o módulo de Formación e orientación laboral sempre que:

a) Acrediten, polo menos, un ano de experiencia laboral.

b) Estean en posesión da acreditación da formación establecida para o desempeño das funcións de nivel básico da actividade preventiva, expedida de acordo co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 39 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de Formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia relacionada co ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva, nos termos previstos no devandito artigo.

#### Artigo 16. *Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención*

1. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais que forman as ensinanzas do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva para a súa validación ou exención queda determinada no anexo V A).

2. A correspondencia dos módulos profesionais que forman as ensinanzas do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada no anexo V B).

## CAPÍTULO V

### Organización da impartición

#### Artigo 17. *Distribución horaria*

Os módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva organizaranse polo réxime ordinario, segundo se establece no anexo VI.

#### Artigo 18. *Unidades formativas*

1. Consonte o artigo 10 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo de Galicia, e coa finalidade de promover a formación ao longo da vida e servir de referente para a súa impartición, establécese no anexo VII a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

2. A consellería con competencias en materia de educación ha determinar os efectos académicos da división dos módulos profesionais en unidades formativas.

#### Artigo 19. *Módulo de Proxecto*

1. O módulo de Proxecto incluído no currículo do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaran no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial. Organízase sobre a base da titoría individual e colectiva. A atribución docente corresponderá ao profesorado que imparta docencia en módulos asociados ás unidades de competencia do ciclo formativo correspondente, preferiblemente nos de segundo curso.

2. Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de Formación en centros de traballo e avaliarase logo de cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

Disposición adicional primeira. *Oferta nas modalidades semipresencial e a distancia do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva*

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva nas modalidades semipresencial ou a distancia, que se ofrecerán unicamente polo réxime para as persoas



adultas, ha requirir a autorización previa da consellería con competencias en materia de educación, conforme o procedemento que se estableza, e garantirá que o alumnado poida conseguir os resultados de aprendizaxe destes, de acordo co disposto neste decreto.

PROXECTO

Disposición adicional segunda. *Titulacións equivalentes e vinculación coas capacitacións profesionais*

1. O título que se relaciona a continuación terá os mesmos efectos profesionais e académicos que o título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva, establecido no Real decreto 653/2017, do 23 de xuño, cuxo currículo para Galicia se desenvolve neste decreto:

Título de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas establecido polo Real decreto 2048/1995, do 22 de decembro, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 91/1999, do 25 de marzo.

2. A formación establecida neste decreto no módulo profesional de Formación e orientación laboral capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

3. A formación establecida neste decreto, nos seus módulos profesionais, inclúe os contidos que forman parte dos programas para a formación de socorrista en instalacións acuáticas, cuxo exercicio profesional está regulado pola normativa que fixa a formación mínima dos/das socorristas acuáticos/as de Galicia.

Así mesmo, a formación establecida neste decreto, nos seus módulos profesionais, garante o nivel de coñecemento esixido nos diplomas de director/a de actividades de tempo libre conforme o disposto pola normativa nesta materia para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional terceira. *Regulación do exercicio da profesión*

1. Os elementos recollidos neste decreto non constitúen regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

2. Así mesmo, as equivalencias de titulacións académicas establecidas no punto 1 da disposición adicional segunda entenderanse sen prexuízo do cumprimento das disposicións que habilitan para o exercicio das profesións reguladas.

Disposición adicional cuarta. *Accesibilidade universal nas ensinanzas do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva*

1. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que o alumnado poida acceder e cursar o ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva nas condicións establecidas na disposición derradeira segunda do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido neste decreto deberán ter en conta o principio de “deseño para todas as persoas”. Para tal efecto, han recoller as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida con-

seguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

3. En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Disposición adicional quinta. *Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto*

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva exixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados neste decreto.

Disposición adicional sexta. *Desenvolvemento do currículo*

1. O currículo establecido neste decreto será obxecto dun posterior desenvolvemento a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional, consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ás características do contorno socioproductivo, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

2. Os centros educativos desenvolverán este currículo de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Disposición transitoria única. *Centros privados con autorización para impartir o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro*

A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 91/1999, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas entenderase referida ás ensinanzas reguladas neste decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogado o Decreto 91/1999, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, e todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto, sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira primeira. *Implantación das ensinanzas recollidas neste decreto*

1. No curso 2018-2019 implantarase o primeiro curso das ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime ordinario e deixará de impartirse o primeiro curso das ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 91/1999, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas.

2. No curso 2019-2020 implantarase o segundo curso das ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime ordinario e deixará de impartirse o segundo curso das ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 91/1999, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas.

3. No curso 2018-2019 implantaranse as ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime para as persoas adultas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

1. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido neste decreto.

2. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para modificar o anexo II B), relativo a equipamentos, cando por razóns de obsolescencia ou actualización tecnolóxica así se xustifique.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil \_\_\_\_\_.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

# 1. Anexo I. Módulos profesionais

---

## 1.1 Módulo profesional: Actividades de lecer e tempo libre

- Equivalencia en créditos ECTS: 9.
- Código: MP1123.
- Duración: 156 horas.

### 1.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Planifica proxectos de lecer e tempo libre, tendo en conta a relación dos principios da animación no lecer e no tempo libre coas necesidades das persoas usuarias e as características dos equipamentos e dos recursos.
  - CA1.1. Valoráronse os contextos de intervención no lecer e no tempo libre.
  - CA1.2. Caracterizouse os principios da animación no lecer e no tempo libre.
  - CA1.3. Establecéronse as bases da educación no tempo libre.
  - CA1.4. Adecuouse o proxecto de lecer e tempo libre ás necesidades das persoas usuarias.
  - CA1.5. Valoráronse estratexias para o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre.
  - CA1.6. Seleccionáronse os equipamentos e recursos de lecer e tempo libre.
  - CA1.7. Identificáronse as funcións e o papel do persoal animador nas actividades de lecer e tempo libre.
  - CA1.8. Xustificouse a importancia da intencionalidade educativa no lecer e no tempo libre.
- RA2. Organiza actividades de lecer e tempo libre educativo, para o que analiza os espazos e os recursos, así como a normativa en materia de prevención e seguridade.
  - CA2.1. Identificáronse os principios da pedagogía do xogo.
  - CA2.2. Identificáronse os tipos e as pautas de evolución do xogo.
  - CA2.3. Seleccionáronse xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais, intelectuais e motrices.
  - CA2.4. Seleccionáronse espazos, recursos e materiais para o desenvolvemento de actividades lúdicas.
  - CA2.5. Establecéronse criterios para a organización de espazos e materiais.
  - CA2.6. Establecéronse estratexias para a utilización de recursos lúdicos nas actividades de lecer e tempo libre.
  - CA2.7. Tivéronse en conta as medidas de seguridade e prevención na realización das actividades de lecer e tempo libre educativo.
  - CA2.8. Argumentouse o valor educativo do xogo.
- RA3. Pon en práctica actividades de lecer e tempo libre seleccionando recursos e técnicas educativas de animación.

- CA3.1. Utilizáronse técnicas para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, musical, plástica e audiovisual.
- CA3.2. Seleccionáronse xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais, intelectuais e motrices.
- CA3.3. Seleccionáronse os recursos tendo en conta os obxectivos da intervención.
- CA3.4. Utilizáronse recursos audiovisuais e informáticos como ferramentas de animación no lecer e no tempo libre.
- CA3.5. Acondicionáronse os espazos atendendo á potencialidade educativa das actividades.
- CA3.6. Adaptáronse os recursos e as técnicas de animación ás necesidades das persoas usuarias.
- CA3.7. Argumentouse a importancia das técnicas de expresión para o desenvolvemento da creatividade das persoas usuarias.
- RA4. Realiza actividades de lecer e tempo libre no medio natural respectando os principios de conservación ambiental e as medidas de prevención e seguridade.
  - CA4.1. Valorouse a importancia da educación ambiental a través das actividades de lecer e tempo libre.
  - CA4.2. Definíronse as características do medio natural como espazo de lecer e tempo libre.
  - CA4.3. Aplicáronse técnicas e ferramentas coherentes cos obxectivos do proxecto de actividades de lecer e tempo libre no medio natural.
  - CA4.4. Seleccionáronse estratexias e pautas de actuación para o desenvolvemento de actividades educativas no medio natural.
  - CA4.5. Valorouse a importancia de xerar ámbitos seguros no medio natural, reducindo riscos.
  - CA4.6. Identificáronse os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades no medio natural.
  - CA4.7. Organizáronse os recursos humanos para garantir o desenvolvemento da actividade.
  - CA4.8. Aplicáronse protocolos de atención en casos de situacións de emerxencia nas actividades desenvolvidas no medio natural.
  - CA4.9. Analizouse o impacto ambiental das actividades de lecer e tempo libre.
- RA5. Desenvolve actividades de seguimento e avaliación das actividades de lecer e tempo libre seleccionando estratexias, técnicas e recursos para identificar os aspectos susceptibles de mellora.
  - CA5.1. Seleccionáronse os indicadores que cumpra seguir na avaliación de proxectos e actividades de lecer e tempo libre.
  - CA5.2. Definíronse as técnicas e os instrumentos para a realización da avaliación no ámbito do lecer e tempo libre.
  - CA5.3. Elaboráronse e cubríronse rexistros de seguimento dos proxectos e actividades de lecer e tempo libre.
  - CA5.4. Elaboráronse informes e memorias de avaliación.
  - CA5.5. Usáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración do seguimento e a avaliación das actividades.
  - CA5.6. Transmitíronselles os resultados da avaliación ás persoas implicadas.

- CA5.7. Tivéronse en conta procesos de calidade e mellora no desenvolvemento do proxecto de animación de lecer e tempo libre.
- CA5.8. Xustificouse a importancia da avaliación no proceso de intervención educativa na animación de lecer e tempo libre.

## 1.1.2 Contidos básicos

### BC1. Planificación de proxectos de lecer e tempo libre

- Lecer e tempo libre. Uso dos tempos: tempo libre. Lecer: dimensións.
- Pedagogía do lecer.
- Fundamentos pedagóxicos da educación para o tempo libre.
- Necesidades de lecer actuais.
- Lecer inclusivo: ocupación do tempo libre nas persoas con discapacidade.
- Planificación de proxectos de lecer e tempo libre: adaptación a colectivos específicos.
- Metodoloxía da animación de lecer e tempo libre: estratexias e técnicas.
- Análise de recursos e equipamentos de lecer e tempo libre. Centros de lecer e tempo libre. Análise de institucións e políticas de lecer a nivel comunitario, estatal, autonómico, provincial e local. Administración, sector privado, sector comunitario e terceiro sector. Centros escolares: actividades extraescolares. Análise de servizos e programas.
- Análise do papel do persoal animador e diferentes profesionais nas actividades de lecer e tempo libre.
- Valoración do lecer e do tempo libre para a educación en valores.
- Valoración do lecer como dereito.

### BC2. Organización de actividades de lecer e tempo libre educativo

- Pedagogía do xogo: valor educativo do xogo.
- Xogo: teorías e tipoloxía.
- Uso do xogo na animación de lecer e tempo libre.
- Recursos lúdicos.
- Provisión de xogos.
- Xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais e intelectuais.
- Xogos para o desenvolvemento motor da persoa.
- Organización de espazos de lecer.
- Espazos de xogo: ludoteca, parques infantís de lecer, etc.
- Tipos de actividades lúdicas: grandes xogos: xincanas, feiras, rallyes, pistas e rastrexamentos.
- Organización e selección de materiais para as actividades de lecer e tempo libre.
- Xoguete: tipos.
- Deseño e confección de materiais alternativos para o seu uso nas actividades lúdicas.

- Prevención e seguridade en espazos de lecer e tempo libre.
- Valoración da importancia da xeración de ámbitos seguros nas actividades de lecer e tempo libre.
- Identificación do valor educativo do xogo.

### BC3. Posta en práctica de actividades de lecer e tempo libre

- Animación e técnicas de expresión.
- Creatividade: significado e recursos.
- Introducción á expresión oral, plástica, corporal, motora, musical e audiovisual.
- Obradoiros na educación no tempo libre. Organización e acondicionamento de espazos.
- Aplicación de técnicas para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, corporal, motora, musical e audiovisual.
- Deseño de actividades para o lecer e tempo libre a partir de recursos e técnicas expresivas.
- Deseño de actividades de lecer e tempo libre normalizadas para persoas con discapacidade.
- Realización de actividades para o desenvolvemento da expresión.
- Elaboración de recursos.
- Adecuación dos recursos expresivos ás necesidades da poboación usuaria.
- Aplicacións dos recursos audiovisuais e informáticos na animación de lecer e tempo libre.
- Valoración da importancia da expresión no ámbito do lecer e o tempo libre.

### BC4. Realización de actividades de lecer e tempo libre no medio natural

- Educación ambiental: fins e obxectivos. Educación ambiental no medio natural e no medio urbano. Marco legislativo nas actividades ao aire libre.
- Instalacións para a práctica de actividades no medio natural.
- Uso e mantemento dos recursos no medio natural.
- Organización e desenvolvemento de actividades para o medio natural.
- Actividades en instalacións ao aire libre: campos de traballo, granxas escola e aulas de natureza.
- Técnicas de descuberta do medio natural.
- Xogos e actividades ambientais: xogos de interpretación e simulación ambiental.
- Análise e aplicación de recursos de excursionismo.
- Actividades de orientación no medio natural.
- Rutas e campamentos.
- Coordinación dos recursos humanos ao seu cargo.
- Prevención e seguridade nas actividades de lecer e tempo libre no medio natural.
- Situacións de emerxencia no medio natural.
- Impacto das actividades de lecer e tempo libre na natureza.



## BC5. Desenvolvemento de actividades de seguimento e avaliación dos proxectos e actividades de lecer e tempo libre

- Avaliación de proxectos de animación de lecer e tempo libre.
- Técnicas e instrumentos para realización da avaliación no ámbito do lecer e o tempo libre.
- Indicadores de avaliación.
- Elaboración e formalización de rexistros de seguimento.
- Elaboración de memorias e informes.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a avaliación e o seguimento das actividades de lecer e tempo libre.
- Importancia da transmisión da información para o desenvolvemento de proxectos de animación de lecer e tempo libre.
- Xestión de calidade nos proxectos e actividades de lecer e tempo libre.
- Importancia da avaliación no proceso de intervención educativa nas actividades de lecer e tempo libre.

### 1.1.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén formación necesaria para desempeñar as funcións de organización da intervención, dirección ou supervisión, intervención ou execución, avaliación da intervención, promoción e difusión, coordinación ou mediación, xestión da calidade e administración.

A función de dirección ou supervisión fai referencia aos aspectos relacionados coa dirección do equipo de traballo ou grupo de persoas que participan na organización e na posta en práctica da intervención.

A función de organización abrangue aspectos como:

- Detección de necesidades.
- Programación.
- Xestión, coordinación e supervisión da intervención.
- Elaboración de informes.

A función de intervención ou execución abrangue aspectos como:

- Recollida de información.
- Organización e desenvolvemento da actuación.
- Control, seguimento e avaliación das actividades.
- Elaboración da documentación asociada.
- Información e comunicación ás persoas usuarias e outras.

A función de avaliación fai referencia á posta en práctica dos procedementos deseñados para o control e o seguimento da intervención no seu conxunto.

A función de promoción abrangue aspectos como:

- Promoción de campañas e proxectos.
- Elaboración de soportes publicitarios.

A función de coordinación ou mediación abrangue aspectos como:

- Establecemento de retroalimentación.
- Xestión de conflitos.

A función de xestión de calidade abrangue aspectos como:

- Valoración do servizo.
- Control do proceso.

A función de administración abrangue aspectos como:

- Xestión de inventarios e documentación.
- Xestión de recursos humanos, materiais e económicos.
- Xestión do mantemento.
- Xestión de licenzas, autorizacións, permisos, etc.
- Xestión da prevención.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse no sector de servizos de lecer e tempo libre, nos subsectores de actividades lúdicas, deportivas, ambientais e ao aire libre.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), i), k), l), n) e o) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), g), i), j), l) e n).

As liñas de actuación no proceso ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo partirán dun enfoque procedemental do módulo realizando simulacións na aula e fóra dela, e utilizando unha metodoloxía activa e motivadora que implique a participación do alumnado como axente activo dun proceso de ensino e aprendizaxe, para realizar:

- Análise do ámbito de intervención de lecer e tempo libre.
- Planificación de proxectos de animación de lecer e tempo libre.
- Adaptación dos proxectos de animación de lecer e tempo libre ás necesidades dos colectivos.
- Realización de actividades de tempo libre garantindo as condicións de seguridade.
- Técnicas de dirección e negociación.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Autoavaliación e reflexión crítica.
- Respecto e atención á diversidade.

## 1.2 Módulo profesional: Dinamización grupal

- Equivalencia en créditos ECTS: 7.
- Código: MP1124.
- Duración: 123 horas.

### 1.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Desenvolve estratexias de creación de grupos, tendo en conta a relación entre as intervencións en contornos de lecer e as necesidades do grupo.
  - CA1.1. Aplicáronse os principios de intervención con grupos.
  - CA1.2. Caracterizouse o ámbito de intervención da titulación de técnico superior.
  - CA1.3. Valoráronse as necesidades de intervención no grupo.
  - CA1.4. Relacionáronse os procesos de cognición social coa creación de grupos.
  - CA1.5. Valoráronse os motivos sociais de participación nun grupo.
  - CA1.6. Valorouse a importancia de implicar as persoas participantes na creación do grupo.
  - CA1.7. Xustificouse a importancia do respecto mutuo na interacción dentro dun grupo.
  - CA1.8. Aplicáronse técnicas participativas para a posta en marcha dos grupos, considerando os principios de intervención grupal.
- RA2. Dinamiza un grupo adecuando o uso das técnicas de dinámica de grupo ás súas fases.
  - CA2.1. Caracterizouse a estrutura dun grupo.
  - CA2.2. Identificáronse as fases dun grupo.
  - CA2.3. Aplicáronse técnicas de grupo para cada fase en que se ache o grupo.
  - CA2.4. Propuxéronse medidas para garantir un ambiente cooperativo e de satisfacción en situacións de lecer.
  - CA2.5. Utilizáronse métodos activos para xerar a participación dentro do grupo.
  - CA2.6. Organizáronse os espazos en función das características do grupo.
  - CA2.7. Adecuáronse os tempos á realización das técnicas de grupo.
  - CA2.8. Valorouse a importancia da utilización de dinámicas de grupo para interactuar con todos os membros do grupo.
- RA3. Selecciona técnicas de comunicación analizando as características dos grupos e das persoas implicadas no proceso.
  - CA3.1. Análizáronse os elementos do proceso de comunicación.
  - CA3.2. Seleccionáronse estratexias para superar barreiras de comunicación grupal.
  - CA3.3. Adaptáronse as técnicas de comunicación a contextos e grupos.
  - CA3.4. Definíronse os estilos de comunicación que fan máis eficaz o proceso de comunicación en función do contexto.
  - CA3.5. Describíronse as habilidades de comunicación necesarias para favorecer o proceso de comunicación.

- CA3.6. Determináronse as técnicas de comunicación adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural e funcional, sobre todo ás situacións de discapacidade.
- CA3.7. Establecéronse sistemas de avaliación da eficacia dos procesos de comunicación.
- RA4. Organiza equipos de traballo segundo os proxectos, para o que selecciona as técnicas de cooperación e coordinación.
  - CA4.1. Caracterizouse a situación de traballo do equipo e os perfís das persoas que o compoñen.
  - CA4.2. Formuláronse os obxectivos do grupo de traballo.
  - CA4.3. Utilizáronse técnicas participativas para dinamizar o equipo de traballo.
  - CA4.4. Distribuíronse tarefas e cometidos entre compoñentes do grupo en relación coas capacidades de cadaquén.
  - CA4.5. Coordinouse a secuencia das tarefas das persoas compoñentes do grupo de traballo.
  - CA4.6. Determináronse os procedementos de supervisión e avaliación do cumprimento das tarefas e as funcións dos membros do grupo de traballo.
  - CA4.7. Valorouse a importancia de crear un clima de traballo adecuado e a promoción da igualdade nos equipos de traballo.
  - CA4.8. Especificáronse tarefas de formación para os membros do grupo sobre as técnicas e os protocolos que garanten a seguridade nas actividades.
- RA5. Aplica estratexias de xestión de conflitos grupais e solución de problemas, seleccionando técnicas en función do contexto de intervención.
  - CA5.1. Analizáronse as principais fontes dos problemas e conflitos no funcionamento dos grupos.
  - CA5.2. Desenvolvéronse técnicas de xestión de conflitos de grupos dentro do grupo.
  - CA5.3. Desenvolvéronse habilidades sociais de solución de problemas dentro do grupo.
  - CA5.4. Valoráronse as estratexias para a solución de problemas.
  - CA5.5. Seguíronse as fases do proceso de toma de decisións.
  - CA5.6. Valorouse a importancia do uso das estratexias de comunicación na xestión de conflitos e a solución de problemas.
- RA6. Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.
  - CA6.1. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
  - CA6.2. Aplicáronse técnicas de investigación social e sociométricas.
  - CA6.3. Avaliouse a situación persoal e social de partida como profesional.
  - CA6.4. Diseñáronse instrumentos de recollida de información.
  - CA6.5. Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
  - CA6.6. Valoráronse os datos recollidos.
  - CA6.7. Identificáronse as situacións que cumpra mellorar.
  - CA6.8. Marcáronse as pautas de mellora.

## 1.2.2 Contidos básicos

### BC1. Desenvolvemento de estratexias de creación dun grupo

- Psicoloxía social aplicada a grupos.
- Cognición social: análise de elementos relacionados (esquemas sociais e percepción social).
- Motivación social: emocións e motivacións.
- Grupo: características, elementos que o forman e tipos.
- Principios de intervención con grupos: iniciación e dinamización de procesos grupais.
- Análise das necesidades dos grupos en diferentes ámbitos de intervención das persoas coa titulación de técnico superior: instalacións hoteleiras, cámpings, casas de colonias, campamentos, ludotecas, instalacións deportivas, centros escolares en horario extraescolar, etc.
- Métodos activos e técnicas de participación grupal en animación sociocultural e turística.
- Aplicación de técnicas orientadas á creación de grupos en situación de lecer.
- Importancia da participación na creación de grupos.
- Valoración do respecto mutuo como principio de interacción nun grupo.

### BC2. Dinamización de grupo

- Procesos e estrutura dun grupo.
- Fases de desenvolvemento dun grupo.
- Fenómenos que afectan o grupo. Cohesión social: factores que favorecen a cohesión grupal.
- Liderado: tipos; habilidades para o desenvolvemento do liderado.
- Técnicas de dinámica de grupos como metodoloxía de intervención.
- Aplicación de técnicas de grupo: técnicas de presentación, de motivación, de traballo, de comunicación, de resolución de conflitos, e finais ou de avaliación.
- Organización de espazos, tempos e medios necesarios.
- Papel do persoal animador na iniciación e na dinamización de procesos grupais. Función relacional orientada ao mantemento dun grupo: seguimento grupal.
- Importancia de garantir un ambiente cooperativo e de satisfacción en situacións de lecer.
- Valoración da importancia do uso de dinámicas de grupo para a interacción.

### BC3. Selección de técnicas de comunicación

- Proceso de comunicación. Características e funcións: interacción grupal, retroalimentación, comunicación interpersonal e comunicación en grandes grupos.
- Elementos no proceso da comunicación.
- Sistemas de comunicación.
- Tipos de comunicación: verbal, non verbal e escrita.

- Barreiras na comunicación. Dificultades máis habituais. Comunicación e persoas con discapacidade. Localización das barreiras no persoal animador, na poboación usuaria e no contexto. Estratexias de superación de barreiras e de potenciación da comunicación.
- Técnicas de comunicación: adaptación a contextos e grupos.
- Estilos de comunicación. Asertividade.
- Habilidades sociais básicas de comunicación. Características xerais das habilidades básicas de comunicación. Pautas de conduta na atención a participantes. Escoita activa.
- Tipos de estratexias para valorar os sistemas de comunicación.
- Aplicación das novas tecnoloxías para a comunicación.

#### BC4. Organización de equipos de traballo

- Traballo en equipo: composición.
- Comunicación horizontal e vertical no equipo de traballo.
- Coordinación e dinamización de equipos de traballo dentro dunha organización.
- Estratexias de distribución de tarefas e funcións.
- Técnicas de motivación e apoio no desenvolvemento das funcións dos membros do equipo de traballo.
- Condución de reunións: tipos de reunións e técnicas.
- Técnicas de información, motivación e orientación dentro do equipo de traballo.
- Formación das persoas que forman parte do equipo sobre as normas de seguridade das actividades e das instalacións.
- Supervisión e seguimento de tarefas e funcións.
- Ambiente de traballo. Problemas relacionados co ambiente de traballo: burning e moobing.
- Valoración da promoción da igualdade na xeración de equipos de traballo.
- Valoración da importancia dos procesos de comunicación e coordinación dentro dun equipo de traballo.

#### BC5. Aplicación de estratexias de solución de conflitos

- Conflitos individuais e colectivos no grupo. Causas e efectos na integración grupal. Carácter do conflito: funcional e disfuncional. Tipos de conflitos: de tarefas, de relacións e polos procesos.
- Toma de decisións: fases do proceso.
- Actitudes dos grupos ante os conflitos.
- Técnicas para a xestión e a resolución de conflito. Negociación e mediación. Debate, resolución de problemas e reestruturación cognitiva. Técnicas e procedemento.
- Importancia das estratexias de comunicación na solución de problemas grupais.

#### BC6. Avaliación dos procesos de grupo e da propia competencia social

- Avaliación da estrutura e procesos grupais: indicadores.
- Avaliación da situación e da dinámica grupal.

- Análise de estratexias e instrumentos para o estudo de grupos.
- Aplicación das técnicas de investigación social ao traballo con grupos.
- Técnicas de observación e sociometría básica.
- Técnicas de recollida, análise e interpretación de datos.
- Avaliación da competencia social.
- Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.

### 1.2.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén formación necesaria para desempeñar as funcións de organización da intervención, dirección ou supervisión, intervención ou execución, avaliación da intervención, coordinación ou mediación, e xestión da calidade.

A función de organización abrangue aspectos como:

- Detección de necesidades.
- Programación.
- Xestión, coordinación e supervisión da intervención.
- Elaboración de informes.

A función de dirección ou supervisión fai referencia aos aspectos relacionados coa dirección do equipo de traballo ou grupo de persoas que participan na organización, e a posta en práctica da intervención.

A función de intervención ou execución abrangue aspectos como:

- Recollida de información.
- Organización e desenvolvemento da actuación.
- Control, seguimento e avaliación das actividades.
- Elaboración da documentación asociada.
- Información e comunicación ás persoas usuarias e outras.

A función de avaliación fai referencia á posta en práctica dos procedementos deseñados para o control e seguimento da intervención no seu conxunto.

A función de coordinación/mediación abrangue aspectos como:

- Establecemento de retroalimentación.
- Xestión de conflitos.

A función de xestión de calidade abrangue aspectos como:

- Valoración do servizo.
- Control do proceso.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais g), h), i), m), n), ñ), t) e u) do ciclo formativo, e as competencias e), f), g), k), l), m), q) e r).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo partirán dun enfoque procedemental do módulo realizando simulacións na aula e fóra dela, e utilizando unha metodoloxía activa e motivadora que implique a participación do alumnado como axente activo dun proceso de ensino e aprendizaxe, para realizar:

- Creación e dinamización de grupos.
- Adecuación das técnicas de grupo aos grupos cos que intervén.

- Organización de equipos de traballo.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Autoavaliación e reflexión crítica.
- Respecto e atención á diversidade.

As actividades de aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Indagación sobre os ámbitos de actuación e as características das persoas usuarias no ámbito profesional da animación.
- Análise e exposicións críticas acerca de temas relacionados co papel da animación nas dinámicas sociais e na transmisión de valores.
- Desenvolvemento e experimentación de técnicas de liderado, de motivación, de supervisión e de comunicación en contextos de traballo en grupo para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- Aplicación de estratexias e técnicas de comunicación adaptadas a diferentes contextos e tendo en conta os contidos que se vaian transmitir, a finalidade e as características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- Reflexión sobre a importancia do funcionamento dos grupos sobre a socialización, o desenvolvemento persoal e a eficiencia do traballo.



## 1.3 Módulo profesional: Valoración da condición física e intervención en accidentes

- Equivalencia en créditos ECTS: 12.
- Código: MP1136.
- Duración: 240 horas.

### 1.3.1 Unidade formativa 1: Fundamentos biolóxicos e bases do acondicionamento físico

- Código: MP1136\_12.
- Duración: 195 horas.

#### 1.3.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Relaciona os niveis de intensidade do exercicio físico coas adaptacións fisiolóxicas dos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación, e analiza o comportamento destes.
  - CA1.1. Describíronse os efectos da práctica sistematizada de exercicio físico sobre os elementos estruturais e funcionais dos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación.
  - CA1.2. Determináronse os beneficios e os efectos da práctica de actividades físicas para a mellora da calidade de vida.
  - CA1.3. Determinouse a incidencia de hábitos de vida nocivos sobre o nivel de saúde.
  - CA1.4. Identificouse a fisioloxía dos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación, analizando as interaccións entre as estruturas que os integran e a súa repercusión no rendemento físico.
  - CA1.5. Describíronse os mecanismos de adaptación funcional ao esforzo físico dos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación.
  - CA1.6. Describíronse a nivel macroscópico as estruturas anatómicas dos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación.
  - CA1.7. Indicáronse os mecanismos fisiolóxicos que conducen a un estado de fatiga física.
- RA2. Relaciona a mecánica dos exercicios e das actividades de acondicionamento físico básico coa biomecánica e as adaptacións fisiolóxicas do sistema músculo-esquelético, e analiza o seu funcionamento.
  - CA2.1. Relacionáronse os tipos de pancas coas articulacións do corpo humano e a participación muscular nos movementos destas.
  - CA2.2. Clasificáronse os principais movementos articulares do corpo humano en función dos planos e dos eixes do espazo.
  - CA2.3. Relacionouse a acción da gravidade e a localización da carga co tipo de contracción muscular que se produce nos exercicios.
  - CA2.4. Adaptáronse exercicios a diferentes niveis de desenvolvemento da forza e da amplitude de movemento.

- CA2.5. Indicáronse os aspectos para ter en conta durante a execución dos exercicios e as posibles contraindicacións.
- CA2.6. Utilizáronse símbolos, esquemas gráficos e exercicios tipo para interpretar e representar movementos.
- RA3. Elabora programas de acondicionamento físico básico, aplicando os fundamentos dos sistemas de mellora das capacidades físicas básicas.
  - CA3.1. Relacionáronse os principios do adestramento deportivo cos mecanismos adaptativos do organismo ao esforzo físico nos sistemas de mellora da condición física.
  - CA3.2. Indicáronse os factores que hai que ter en conta para evitar lesións ou sobrecargas durante o desenvolvemento das capacidades físicas e perceptivo-motrices.
  - CA3.3. Determináronse as capacidades físicas que se deben desenvolver e os métodos máis adecuados, en función dos datos de valoración.
  - CA3.4. Estableceuse unha secuencia de exercicios para o desenvolvemento das capacidades físicas.
  - CA3.5. Demostrouse a execución dos exercicios de acondicionamento físico básico e dos de mellora das capacidades perceptivo-motrices.
  - CA3.6. Detectáronse os erros máis frecuentes na realización dos exercicios tipo para o desenvolvemento das capacidades físicas e perceptivo-motrices.
  - CA3.7. Determináronse o equipamento e o material tipo para o desenvolvemento da condición física e motriz, e as súas posibles aplicacións.
- RA4. Realiza probas de determinación da condición física e biolóxica adecuadas aos parámetros que se van avaliar, aplicando os protocolos de cada unha, en condicións de seguridade.
  - CA4.1. Confeccionouse unha batería de probas de aptitude física e biolóxica adaptada a un perfil das persoas participantes e aos medios dispoñibles, tendo en conta as condicións en que cada unha está contraindicada.
  - CA4.2. Seleccionáronse os instrumentos e as máquinas de valoración da condición física e biolóxica, en función dos parámetros morfolóxicos e funcionais que se van medir.
  - CA4.3. Subministráronse as axudas físicas ou mecánicas que requiren os diferentes perfís de persoas participantes, especialmente en quen ten un menor grao de autonomía persoal.
  - CA4.4. Explicouse e demostrouse o xeito correcto de realizar as probas e de utilizar os aparellos ou instrumentos e equipamentos de medida da condición física, indicando as normas de seguridade que se deben atender.
  - CA4.5. Identificáronse signos indicadores de risco antes da execución das probas de valoración cardiofuncional e durante elas.
  - CA4.6. Utilizouse o procedemento de observación e de aplicación de cuestionarios para identificar as necesidades individuais, sociais e de calidade de vida de persoas e grupos.
- RA5. Interpreta os resultados das probas de valoración da condición física, rexistrando e analizando os datos nas fichas de control.
  - CA5.1. Seleccionáronse ou adaptáronse fichas de control dos datos de valoración das persoas participantes.

- CA5.2. Rexistráronse os datos das probas de valoración antropométrica, biolóxico-funcional e postural nas fichas de control.
- CA5.3. Comparáronse os datos con baremos de referencia e destacáronse as desviacións que poidan aconsellar a toma de medidas preventivas.
- CA5.4. Elaboráronse informes a partir dos datos rexistrados nas fichas de control, utilizando recursos informáticos específicos.
- CA5.5. Establecéronse relacións causa-efecto entre a actividade física realizada e os datos de sucesivos rexistros de probas de aptitude física e biolóxica dunha mesma persoa participante.
- RA6. Deseña medidas complementarias nos programas de mellora da condición física, analizando a súa repercusión na mellora da saúde e a calidade de vida.
  - CA6.1. Seleccionáronse as técnicas que facilitan a recuperación en función do esforzo físico realizado.
  - CA6.2. Realizáronse as manobras básicas de masaxe de recuperación.
  - CA6.3. Explicáronse o procedemento e as medidas preventivas que hai que ter en conta na aplicación das medidas complementarias hidrotermais, indicando as súas contraindicacións totais ou relativas.
  - CA6.4. Estableceuse a proporción de nutrientes en función do tipo de esforzo físico.
  - CA6.5. Calculouse o balance enerxético entre inxestión e actividade física.
  - CA6.6. Confeccionouse unha listaxe de hábitos dietéticos saudables.

### 1.3.1.2 Contidos básicos

#### BC1. Relación da intensidade do exercicio cos sistemas cardiorrespiratorio e de regulación

- Actividade física e saúde. Efectos da actividade física sobre a saúde. Estilo de vida: concepto e tipos. Relación co exercicio físico. Ámbitos psicolóxico, social e orgánico.
- Hábitos non saudables e condutas de risco para a saúde.
- Contraindicacións absolutas ou relativas da práctica de actividade física.
- Funcións orgánicas e adaptacións ao exercicio físico: metabolismo enerxético. Sistemas de produción de enerxía. Utilización dos sistemas e intensidade do exercicio.
- Sistema cardiorrespiratorio. Funcionamento e adaptacións agudas e crónicas en diferentes tipos de exercicio físico. Factores da condición física relacionados co funcionamento do sistema cardiorrespiratorio.
- Sistema de regulación. Función nerviosa e función hormonal en distintos tipos de exercicio físico. Maduración hormonal e intensidade do exercicio.
- Fatiga. Mecanismo de fatiga. Aspectos hormonais, inmunitarios e patolóxicos da fatiga. Percepción da fatiga e da recuperación. Síndrome de sobreadestramento: diagnóstico, prevención e tratamento. Relación entre traballo e descanso como factor nas adaptacións fisiolóxicas.
- Termorregulación e exercicio físico: mecanismos de regulación. A termorregulación no medio acuático.
- Equilibrio hídrico: rehidratación e exercicio físico.

## BC2. Relación da mecánica do exercicio co sistema músculo-esquelético

- Sistema músculo-esquelético. Anatomía dos sistemas osteoarticular e muscular. Características mecánicas e funcionais das articulacións. Cadeas musculares e fascias. O músculo: tipos, elementos pasivos e activos. Funcións do músculo e o tendón. Reflexos relacionados co ton e as estiradas. Adaptacións agudas e crónicas do sistema músculo-esquelético a diferentes tipos de exercicio físico. Hipertrofia, hiperplasia, tonificación, distensibilidade muscular e mobilidade articular. Comportamento mecánico do sistema músculo-esquelético: biomecánica da postura e do movemento. Tipos de contracción muscular e biomecánica da contracción muscular.
- Análise dos movementos. Eixes, planos, intervención muscular e graos de liberdade fisiolóxicos nos movementos articulares. Sistemas de pancas no aparello locomotor. Descrición e demostración de movementos. Sistema de representación dos movementos. Nomenclatura e terminoloxía. Uso das tecnoloxías na representación de movementos.
- Construción de exercicios a partir dos movementos. Factores da condición física relacionados con exercicios de forza, por parellas ou en grupo, e de amplitude de movementos.
- Exercicios de forza. Deseño e adaptación a diferentes niveis. Postura global e segmentaria; accións musculares e tipo de contracción durante as fases de execución; efecto da acción da gravidade sobre o tipo de contracción; ritmo, velocidade, amplitude e tipo de cargas.
- Exercicios por parellas ou en grupo. Precaucións, localización, agarres e accións externas.
- Exercicios de amplitude de movemento. Deseño e adaptación a diferentes niveis. Rangos de amplitude das articulacións en cada plano ou eixe; tipo de exercicio; accións musculares durante as fases de execución; tempo de mantemento de posturas; ritmo, velocidade e amplitude. Precaucións, localización, agarres e accións externas. Consignas de interpretación das sensacións propioceptivas.

## BC3. Elaboración de programas de acondicionamento físico básico

- Factores da condición física e motriz. Condición física, capacidades físicas e capacidades perceptivo-motrices. Capacidade física e rendemento deportivo. Capacidade física e saúde.
- Capacidade aeróbica e anaeróbica. Sistemas orgánicos implicados no desenvolvemento.
- Forza. Tipos de forza e sistemas orgánicos implicados.
- Amplitude de movemento, mobilidade articular e elasticidade muscular.
- Velocidade. Tipos de velocidade.
- Capacidades perceptivo-motrices. Propriocepción, esquema corporal, estruturación espazo-tempo, equilibrio e coordinación.
- Metodoloxía do adestramento. Aplicación dos principios do adestramento nos métodos de mellora das capacidades físicas. Efectos sobre a composición corporal.
- Principios xerais do desenvolvemento das capacidades físicas.
- Desenvolvemento das capacidades aeróbica e anaeróbica: sistemas e medios de adestramento. Métodos continuos e fraccionados. Marxes de esforzo para a saúde.

- Desenvolvemento da forza: sistemas e medios de adestramento. Métodos intensivo, isométrico, isocinético e extensivo. Marxes de esforzo para a saúde.
- Desenvolvemento da amplitude de movementos: sistemas e medios de adestramento. Métodos activos, pasivos e asistidos.
- Desenvolvemento integral das capacidades físicas e perceptivo-motrices.
- Actividades de acondicionamento físico aplicadas aos diferentes niveis de autonomía persoal. Limitacións de autonomía funcional. Factores limitantes do movemento en función do tipo de discapacidade.
- Singularidades da adaptación ao esforzo e contraindicacións en situacións de limitación na autonomía funcional.
- Discapacidade. Clasificacións médico-deportivas. Tipos e características. Organización e adaptación de recursos. Consideracións básicas para a adaptación dos materiais e a instalación.

#### BC4. Avaliación da condición física e biolóxica

- Ámbitos da avaliación da aptitude física. Tests, probas e cuestionarios en función da idade e do sexo. Vantaxes e dificultades. Requisitos dos tests de condición física.
- Valoración antropométrica no ámbito do acondicionamento físico. Biotipoloxía. Aplicación ao ámbito da actividade física. Probas antropométricas en actividades físicas e deportivas. Protocolos, medicións e índices antropométricos. Aplicación autónoma e colaboración con persoal técnico especialista. Valoración da composición corporal. Valores de referencia da composición corporal en distintos tipos de persoas usuarias. Modelos de composición corporal. Composición corporal e saúde. Índice de masa corporal, porcentaxe de graxa corporal e patrón de distribución da graxa corporal. Determinación da composición corporal mediante pregamentos cutáneos. Determinación da masa ósea en poboacións de risco.
- Probas de medición de capacidades perceptivo-motrices. Protocolos e aplicación dos tests de percepción espacial, de percepción temporal, de estruturación espazo-temporal, de esquema corporal, de coordinación e de equilibrio.
- Probas biolóxico-funcionais no ámbito do acondicionamento físico. Requisitos, protocolos, instrumentos e aparellos de medida. Aplicación autónoma ou en colaboración con persoal técnico especialista.
- Avaliación da capacidade aeróbica e da anaeróbica. Probas indirectas e tests de campo. Limiars. Indicadores de risco.
- Avaliación da velocidade. Probas específicas de avaliación. Tempos de reacción, velocidade segmentaria e capacidade de aceleración.
- Avaliación das manifestacións da forza. Probas específicas de avaliación da forza máxima, forza velocidade e forza resistencia.
- Avaliación da amplitude de movemento. Probas específicas de mobilidade articular e de elasticidade muscular. Valoración postural. Alteracións posturais máis frecuentes: recuperables e patolóxicas. Probas de análise postural no ámbito do acondicionamento físico. Protocolos: aplicación autónoma ou en colaboración con persoal técnico especialista. Instrumentos e aparellos de medida.
- Historial e valoración motivacional. Historial médico e deportivo da persoa participante. Integración de datos.

- Entrevista persoal no ámbito do acondicionamento físico. Cuestionarios para a valoración persoal. Ámbito de aplicación, modelos e ficha de rexistro. Técnicas de entrevista persoal.
- Observación como técnica básica de avaliación nas actividades de acondicionamento físico.
- Normativa de protección de datos. Criterios deontolóxicos profesionais de confidencialidade.

#### BC5. Análise e interpretación de datos

- Rexistro de resultados na aplicación de tests, probas e cuestionarios no ámbito do acondicionamento físico.
- Integración e tratamento da información obtida: modelos de documentos e soportes.
- Recursos informáticos aplicados á valoración e ao rexistro de tests, probas e cuestionarios no ámbito do acondicionamento físico. Software e hardware xenérico e específico de valoración e rexistro de tests, probas e cuestionarios no ámbito do acondicionamento físico.
- Aplicación da análise de datos. Modelos de análise cuantitativa e cualitativa.
- Estatística para a interpretación de datos obtidos nos tests e nas probas. Cruce de datos e relacións entre as variables. Ordenación, representación gráfica, normalización e interpretación de datos. Índices de correlación. Inferencias.
- Análise do cuestionario e do historial. Prescrición do exercicio desde outros/as especialistas. Análise como base do diagnóstico para a elaboración de programas de mellora da condición física. Elaboración do informe específico. Avaliación do estilo de vida da persoa usuaria. Avaliación de factores de risco. Información de fontes externas e coordinación con outros/as especialistas.
- Fluxo de información. Localización e comunicación dos datos elaborados.

#### BC6. Integración de medidas complementarias para a mellora da condición física

- Medidas de recuperación do esforzo físico. Bases biolóxicas da recuperación.
- Métodos e medios de recuperación dos substratos enerxéticos. Osíxeno, niveis de mioglobina e reservas musculares de fosfato. Creatina, glicóxeno muscular e hepático, e eliminación do lactato muscular.
- Medios e métodos de recuperación intrasesión e intersesión: físicos (masaxe, sauna, baños de contraste, auga fría e hidromasaxe) e fisioterapéuticos (electroterapias, terapia con calor de penetración, iontoforese, terapia de corrente dinámica, estimulación nerviosa eléctrica, transcutánea e estimulación eléctrica muscular). Suplementos e fármacos. Axudas psicolóxicas.
- Alimentación e nutrición. Clasificación e grupos de alimentos. Nutrientes. Composición dos alimentos e principios inmediatos. Vitaminas, minerais e auga. Necesidades calóricas. Dieta equilibrada, recomendacións RDA e dieta mediterránea. Necesidades alimentarias antes, durante e despois do exercicio físico, en función dos obxectivos. Axudas ergoxénicas, reposición de auga, solucións electrolíticas, equilibrio nutricional na actividade física e alimentos funcionais. Consecuencias dunha alimentación non saudable. Trastornos alimentarios. Axudas para gañar e perder peso. Dietas hipocalóricas e hipercalóricas.

## 1.3.2 Unidade formativa 2: Primeira intervención en caso de accidente ou situación de emerxencia

- Código: MP1136\_22.
- Duración: 45 horas.

### 1.3.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia, analizando os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.
  - CA1.1. Xustificouse o xeito de asegurar a zona e as manobras necesarias para acceder á persoa accidentada, identificando os posibles riscos, e propúxose a mellor forma de acceso.
  - CA1.2. Seguíronse as pautas de actuación, segundo protocolo, para a valoración inicial dunha persoa accidentada.
  - CA1.3. Identificáronse situacións de risco vital e definíronse as actuacións que levan consigo.
  - CA1.4. Discrimináronse as circunstancias ou os casos en que non se debe intervir e as técnicas que non debe aplicar o/a primeiro/a interviniente de xeito autónomo.
  - CA1.5. Aplicáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
  - CA1.6. Revisouse o contido mínimo dunha caixa de urxencias e as indicacións dos produtos e medicamentos.
  - CA1.7. Determináronse as prioridades de actuación en función da gravidade e do tipo de lesións, e as técnicas de primeiros auxilios que cómpre aplicar.
  - CA1.8. Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente, emerxencia e dó.
- RA2. Aplica técnicas de soporte vital e primeiros auxilios, segundo os protocolos establecidos.
  - CA2.1. Identificáronse e describíronse as fases do protocolo básico de soporte vital.
  - CA2.2. Aplicáronse técnicas de desobstrución da vía aérea.
  - CA2.3. Aplicáronse técnicas de soporte vital segundo o protocolo establecido.
  - CA2.4. Aplicáronse as técnicas básicas e instrumentais de reanimación cardiopulmonar sobre manequíns, mesmo utilizando equipamento de oxigenoterapia e desfibrilador automático e semiautomático.
  - CA2.5. Aplicáronse medidas de posreanimación.
  - CA2.6. Valorouse a importancia de aplicar con precisión os protocolos establecidos.
  - CA2.7. Indicáronse as causas, os síntomas, as pautas de actuación e os aspectos preventivos nas lesións, as patoloxías e os traumatismos máis significativos, en función do medio en que se desenvolve a actividade.
  - CA2.8. Aplicáronse primeiros auxilios ante simulación de patoloxías orgánicas de urxencia e de lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
  - CA2.9. Describíronse as repercusións dunha incorrecta aplicación das técnicas de primeiros auxilios e do traslado da persoa accidentada.
  - CA2.10. Aplicáronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e acompañantes, en función de diferentes estados emocionais.

- CA2.11. Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade e angustia ou agresividade.
- RA3. Aplica métodos de mobilización e inmovilización que permitan a evacuación da persoa accidentada, e apoio psicolóxico, en caso necesario.
  - CA3.1. Valorouse a importancia do autocontrol e de infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
  - CA3.2. Especificáronse as técnicas para superar psicoloxicamente o fracaso na prestación do auxilio.
  - CA3.3. Identificáronse e aplicáronse os métodos básicos para efectuar o rescate dunha persoa accidentada, efectuando as manobras necesarias para acceder á vítima.
  - CA3.4. Aplicáronse os métodos de inmovilización aplicables cando a persoa accidentada ha tido que ser trasladada.
  - CA3.5. Confeccionáronse padiolas e sistemas para a inmovilización e o transporte de persoas enfermas ou accidentadas, utilizando materiais convencionais e inespecíficos ou medios de fortuna.
  - CA3.6. Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
  - CA3.7. Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
  - CA3.8. Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.

### 1.3.2.2 Contidos básicos

#### BC1. Valoración inicial da asistencia nunha urxencia

- Urxencia e emerxencia. Sistemas de emerxencia, sistemas integrais de urxencias e organización de sistemas.
- Protocolo de actuación fronte a emerxencias: valoración inicial, planificación da actuación, localización e formas de acceso, identificación de posibles riscos, protección da zona e acceso á persoa accidentada.
- Terminoloxía médica ou sanitaria nos primeiros auxilios.
- Primeiro/a interviniente como parte da cadea asistencial: conduta PAS (protexer, alertar e socorrer). Perfil do/da primeiro/a interviniente: competencias, obxectivos e límites de actuación. Principios xerais. Riscos e protección. Seguridade na intervención. Prevención de doenzas e contaxios.
- Sistemática de actuación: valoración do nivel de consciencia, comprobación da ventilación e actuación fronte a signos de risco vital.
- Actitudes e control da ansiedade: marco legal, responsabilidade e ética profesional.
- A caixa de primeiros auxilios: instrumentos, material de cura e fármacos básicos.

#### BC2. Aplicación de técnicas de soporte vital e primeiros auxilios

- Protocolos fronte á obstrución de vía aérea. Obstrución completa e incompleta. Casos especiais. Embarazadas, cativos/as e persoas obesas. Vítima consciente e inconsciente.
- Fundamentos da reanimación cardiopulmonar básica (RCPB): instrumental, métodos e técnicas básicas.



- Actuación fronte á parada respiratoria e cardiorrespiratoria. Masaxe cardíaca e desfibrilación externa semiautomática. Accesorios de apoio á ventilación. Balón resucitador. Osixenoterapia.
- Protocolos de RCPB. Persoas adultas. Colectivos especiais. Situacións de afogamento.
- Atención inicial ás emerxencias máis frecuentes. Pautas de intervención na aplicación dos primeiros auxilios. Pautas para a non-intervención.
- Valoración primaria e secundaria. Detección de lesións, doenzas e traumatismos. Causas, síntomas e signos. Alteracións da conciencia. Febre. Vómitos e diarrea. Desmaios. Lipotimias. Síncope. Shock. Dor abdominal e ventre en táboa. Dor torácica.
- Tipos de lesións: clasificación, síntomas e signos. Tratamento básico: hemorraxias, feridas, queimaduras, accidentes eléctricos, accidentes acuáticos e traumatismos. Traumatismos óseos, articulares e musculares; politraumatismos.
- Outras situacións de urxencia: intoxicacións; crise anafiláctica; epilepsia e cadros convulsivos; deshidratación; corpos estraños en pel, ollos, oídos e nariz; pequenos traumatismos; urxencias materno-infantís; traumatismos torácicos; accidentes domésticos; accidentes de tráfico; lesións producidas por calor ou frío.
- Medidas de posreanimación.
- Intervención prehospitalaria en accidentes no medio acuático e afogamento, e intervención ante lesións medulares. Atención específica a parturientes ante situación de parto inminente, consonte protocolo establecido.
- Atención específica a persoas accidentadas que sufriron lesións por axentes físicos, químicos e mecánicos, consonte protocolos establecidos.
- Técnicas e estratexias de superación de situacións de ansiedade, agresividade, angustia e dó.
- Valoración do papel do/da primeiro/a interveniente.
- Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

### BC3. Métodos de mobilización e inmovilización e apoio psicolóxico

- Avaliación da necesidade de efectuar o transporte por doenza repentina ou accidente. Recollida dunha persoa lesionada. Principios básicos do rescate.
- Métodos de mobilización e inmovilización máis adecuados en función da patoloxía. Posicións de seguridade.
- Traslado de persoas accidentadas.
- Transporte de persoas accidentadas a centros sanitarios. Posicións de transporte seguro. Técnicas de inmovilización e transporte de persoas enfermas repentinamente ou accidentadas, utilizando medios convencionais e materiais inespecíficos ou de fortuna.
- Emerxencias colectivas e catástrofes. Métodos de triaxe simple.
- Técnicas de apoio psicolóxico para persoas accidentadas e familiares. Comunicación en situacións de crise. Canles e tipos de comunicación. Comunicación do persoal asistente coa persoa accidentada e coa familia. Perfil psicolóxico da vítima. Habilidades sociais en situacións de crise. escoita activa, resposta funcional e comunicación operativa. Apoio psicolóxico e autocontrol. Técnicas de autocontrol ante situacións de estrés: mecanismos de defensa.

### 1.3.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado adquira as competencias no desempeño das funcións de avaliación da condición física e motivacional de participantes en actividades físicas e deportivas, así como a aplicación dos primeiros auxilios ás persoas que sufran algún accidente no transcurso da práctica.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais c), f), o) e p) do ciclo formativo, e as competencias b), d), n) e ñ).

As actividades de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Integración constante dos coñecementos referidos á bioloxía e a biomecánica na análise dos sistemas de valoración e mellora da condición física, e nas técnicas de primeiros auxilios.
- Experimentación das probas de valoración cos seus protocolos, as condicións de seguridade e o tratamento dos datos, desde o punto de vista tanto de participante como de profesional.
- Análise dos fundamentos dos sistemas de adestramento de mellora das capacidades físicas básicas, en relación coa elaboración e a experimentación dos programas de acondicionamento físico básico.

## 1.4 Módulo profesional: Planificación da animación sociodeportiva

- Equivalencia en créditos ECTS: 4.
- Código: MP1137.
- Duración: 53 horas.

### 1.4.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Aplica métodos, técnicas e instrumentos de análise da realidade, identificando as variables do contexto relevantes para a animación sociodeportiva.
  - CA1.1. Indicáronse os aspectos do contexto que interesa analizar para formular o proxecto de animación sociodeportiva.
  - CA1.2. Concretáronse as técnicas de obtención de información acerca dos proxectos de animación realizados no contexto de intervención.
  - CA1.3. Seleccionáronse técnicas e instrumentos proporcionados para cada aspecto e cada momento da análise da realidade.
  - CA1.4. Extraéronse as conclusións que sirvan de base para o proxecto, a partir do tratamento dos datos.
  - CA1.5. Xustificouse a análise da realidade no éxito da intervención sociodeportiva.
  - CA1.6. Identificáronse as actividades recreativas e os eventos físico-deportivos máis demandados e utilizados en proxectos de animación sociodeportiva.
  - CA1.7. Valoráronse e aplicáronse os aspectos éticos na recollida e no tratamento da información.
  - CA1.8. Empregáronse as tecnoloxías da comunicación na elaboración de instrumentos para a obtención de información.
- RA2. Deseña proxectos de animación sociodeportiva, tendo en conta as características do contexto e as necesidades detectadas na análise da realidade.
  - CA2.1. Xustificouse a oportunidade do proxecto de animación sociodeportiva no contexto estudado.
  - CA2.2. Xustificouse o modelo seleccionado para o deseño de proxectos de animación e a súa aplicación ao ámbito das actividades físico-deportivas e recreativas.
  - CA2.3. Formuláronse obxectivos axustados aos graos de concreción do proxecto e aos datos obtidos na análise da realidade.
  - CA2.4. Propuxéronse estratexias metodolóxicas en función dos obxectivos e do contexto.
  - CA2.5. Seleccionáronse e recolléronse de xeito estruturado, as actividades e os eventos físico-deportivos máis demandados e utilizados en proxectos de animación sociodeportiva.
  - CA2.6. Secuenciáronse as actividades para desenvolver o proxecto.
  - CA2.7. Utilizáronse ferramentas de representación gráfica para a organización e o deseño de proxectos de animación sociodeportiva.

- CA2.8. Definíronse as medidas de prevención e seguridade nos proxectos de animación sociodeportiva.
- CA2.9. Aplicáronse os criterios e os aspectos necesarios para a elaboración do proxecto de animación sociodeportiva.
- RA3. Organiza e xestiona proxectos de animación sociodeportiva, planificando o uso de instalacións e coordinando os recursos materiais e humanos.
  - CA3.1. Determináronse os recursos necesarios para a organización e a xestión de proxectos de animación sociodeportiva.
  - CA3.2. Estableceuse o organigrama de recursos humanos e funcións implicadas no desenvolvemento do proxecto.
  - CA3.3. Adxudicáronse os perfís profesionais do persoal técnico que intervéñen no desenvolvemento de proxectos de animación sociodeportiva, en función do tipo de actividade programada.
  - CA3.4. Determináronse as fórmulas de xestión para a dispoñibilidade dos espazos e/ou instalacións e dos recursos materiais.
  - CA3.5. Estableceuse a coordinación con outros servizos implicados no proxecto.
  - CA3.6. Calculáronse os ingresos e os gastos, e confeccionouse o balance final.
- RA4. Establece os principios para o plan de promoción e difusión das actividades incluídas nos proxectos de animación sociodeportiva, analizando os recursos dispoñibles e os obxectivos que se perseguen.
  - CA4.1. Resaltáronse os puntos fortes das actividades do proxecto.
  - CA4.2. Identificáronse os elementos fundamentais dunha campaña de promoción e difusión.
  - CA4.3. Establecéronse prazos para a promoción das actividades.
  - CA4.4. Caracterizáronse os colectivos aos que se dirixe cada actividade.
  - CA4.5. Xustificouse a importancia dos medios de comunicación na promoción e na difusión dos proxectos de animación sociodeportiva.
  - CA4.6. Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración de materiais de promoción e difusión.
  - CA4.7. Indicouse a partida económica dispoñible para promoción.
  - CA4.8. Deseñáronse campañas de promoción e difusión de actividades recreativas e eventos físico-deportivos incluídos en proxectos de animación sociodeportiva, utilizando os recursos dispoñibles.
- RA5. Avalía proxectos de animación sociodeportiva, analizando os indicadores que permiten a obtención de datos durante as fases do proxecto.
  - CA5.1. Concretáronse as técnicas, os indicadores, os criterios e os instrumentos de avaliación de proxectos de animación sociodeportiva.
  - CA5.2. Especificáronse os momentos nos que se aplican as técnicas de avaliación.
  - CA5.3. Determináronse os procedementos xerais para a xestión da calidade nos proxectos deseñados.
  - CA5.4. Xustificouse a necesidade da avaliación para optimizar o funcionamento dos programas, e para garantir a súa calidade e a súa viabilidade.
  - CA5.5. Determinouse o valor dos indicadores que interveñen no proceso de avaliación.
  - CA5.6. Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración e a presentación de informes de avaliación e memorias.

## 1.4.2 Contidos básicos

### BC1. Análise da realidade en animación sociodeportiva

- Animación sociodeportiva: historia e evolución. O movemento olímpico como fenómeno de participación social.
- Actividades recreativas e eventos físico-deportivos máis demandados e utilizados en proxectos de animación sociodeportiva.
- Estudo das principais fontes de información para a análise da realidade.
- Métodos, técnicas e instrumentos de recollida de información e tratamento de datos: observación, entrevista, cuestionario, enquisa e compilación documental.
- Sistemas de rexistro de información.
- Fiabilidade e validez dos métodos de obtención e rexistro da información.

### BC2. Deseño de proxectos de animación sociodeportiva

- Modelo teórico nos proxectos de animación sociodeportiva.
- Criterios para a elaboración de proxectos de animación sociodeportiva.
- Ferramentas de representación gráfica para a organización e o deseño de proxectos de animación sociodeportiva: diagramas de funcionamento, gráficas e cronogramas.
- Estrutura do proxecto de animación en ámbitos ou sectores específicos.
- Definición das medidas de prevención e seguridade nos proxectos de animación sociodeportiva.

### BC3. Organización e xestión de proxectos de animación sociodeportiva

- Recursos humanos en proxectos de animación sociodeportiva. Organigramas. Perfil do persoal técnico.
- Espazos e instalacións en proxectos de animación sociodeportiva. Espazos habituais de recreación, espazos alternativos, instalacións e equipamentos específicos da recreación.
- Recursos materiais en actividades recreativas e eventos físico-deportivos: materiais tradicionais, materiais alternativos e materiais reciclados.
- Accesibilidade para persoas con discapacidade.

### BC4. Estratexias de promoción e difusión en proxectos de animación sociodeportiva

- Márketing e publicidade.
- Técnicas de promoción e comunicación. Obxectivos da promoción.
- Uso de tecnoloxías da información e da comunicación na promoción e na difusión de proxectos de animación sociodeportiva.
- Accións promocionais. Control orzamentario.

### BC5. Avaliación de proxectos de animación sociodeportiva

- Avaliación de proxectos de animación sociodeportiva.
- Técnicas, indicadores, criterios e instrumentos para a avaliación de proxectos de animación sociodeportiva.
- Soportes informáticos no tratamento da información.

- Xestión da calidade nos proxectos de animación sociodeportiva.

### 1.4.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén formación necesaria para desempeñar as funcións de elaboración, xestión, promoción e avaliación de proxectos de animación sociodeportiva, e complementa a formación necesaria para a consecución dos obxectivos marcados no ciclo, pois permite coñecer estratexias e instrumentos para realizar a análise da realidade na que se intervén, así como os modelos e principios xerais para o deseño e a avaliación de proxectos de animación sociodeportiva.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións localízanse no sector da animación sociodeportiva e da animación turística, así como co lecer e tempo libre.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), q), r), s), v), x) e y) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), o), p), s), t) e u).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Métodos e sistemas para o deseño e a organización de proxectos de animación sociodeportiva.
- Inclusión social nos proxectos de animación sociodeportiva.
- Traballos en grupo sobre proxectos de animación sociodeportiva.
- Análise crítica de propostas.
- Viabilidade dos proxectos de animación sociodeportiva.
- Autoavaliación.

## 1.5 Módulo profesional: Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística

- Equivalencia en créditos ECTS: 10.
- Código: MP1138.
- Duración: 160 horas.

### 1.5.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Programa veladas e actividades culturais con fins de animación turística, e xogos e actividades físico-deportivas recreativas, analizando as súas adaptacións a diferentes contextos.
  - CA1.1. Compilouse información para realizar unha análise diagnóstica do contexto de intervención para levar a cabo un proxecto de referencia.
  - CA1.2. Analizáronse os factores ambientais estacionais, a localización xeográfica e o contorno de intervención implicado para o deseño das actividades.
  - CA1.3. Compilouse información e analizouse o patrimonio lúdico galego e os xogos e deportes populares e tradicionais de Galicia, e procurouse información sobre as variacións locais do propio contexto de intervención.
  - CA1.4. Analizáronse as características, as necesidades, os intereses e as expectativas dos diferentes grupos de persoas usuarias para o deseño das actividades, especialmente nas que presenten algunha limitación no ámbito da súa autonomía persoal.
  - CA1.5. Seleccionáronse estratexias para favorecer a integración de todas as persoas participantes da actividade, especialmente das que presentan limitacións no ámbito da súa autonomía persoal.
  - CA1.6. Seguíronse criterios fisiolóxicos e de motivación na secuenciación das actividades, respectando a estrutura tipo habitual das sesións cunha duración, unha dificultade e unha curva de intensidade adaptadas aos obxectivos formulados.
  - CA1.7. Realizouse a análise e a distribución de recursos para a súa optimización, posibilitando a máxima participación e a consecución dos obxectivos programados.
  - CA1.8. Deseñáronse as técnicas e as estratexias específicas para a promoción e a publicitación das actividades.
  - CA1.9. Deseñáronse técnicas e instrumentos para avaliar os elementos que configuran as actividades, e a súa idoneidade e adecuación aos obxectivos programados.
  - CA1.10. Deseñáronse actividades alternativas para solucionar as posibles contingencias que poidan presentarse en relación ás persoas, os recursos materiais, os espazos e os factores meteorolóxicos.
  - CA1.11. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade.
- RA2. Organiza e xestiona os recursos e os medios para o desenvolvemento das actividades de animación, valorando as adaptacións ás características e aos intereses das persoas participantes, e considerando as directrices expresadas nun proxecto de referencia.

- CA2.1. Seleccionáronse os recursos informáticos, bibliográficos, discográficos e audiovisuais de apoio e consulta.
- CA2.2. Establecéronse as condicións de seguridade e accesibilidade de espazos e instalacións co fin de as adaptar ás necesidades das persoas participantes, para reducir o risco de lesións e/ou accidentes no desenvolvemento das actividades.
- CA2.3. Identificáronse e realizáronse as xestións, os trámites e as solicitudes de permisos, conforme a normativa e a tipoloxía dos contornos de intervención.
- CA2.4. Seguíronse as normas de réxime interno das instalacións e, de ser o caso, as de respecto ao contorno natural, durante o desenvolvemento das actividades e nos períodos de descanso.
- CA2.5. Leváronse a cabo o trámite e a formalización da documentación necesarios para as saídas e excursións.
- CA2.6. Supervisáronse os equipamentos e o material que se van utilizar e, de ser o caso, adaptáronse, corríronse e tomáronse medidas para a solución ou a prevención de posibles problemas, para posibilitar a realización da actividade en perfectas condicións de satisfacción e seguridade.
- CA2.7. Sinaláronse os elementos e os detalles de ambientación e decoración necesarios para crear o ambiente e a motivación adecuados ao tipo de actividade.
- CA2.8. Elixíronse a localización e a disposición idóneas do material en función das actividades que hai que realizar, e prevíuse a súa recollida e a súa almacenaxe, para asegurar a súa conservación en perfectas condicións de uso.
- CA2.9. Deseñáronse protocolos de coordinación para a actuación de todo o persoal técnico, profesional e animador, concretándose e asignándose as tarefas e as responsabilidades, co fin de resolver calquera continxencia que puidese presentarse no desenvolvemento da actividade.
- CA2.10. Indicouse a vestimenta e o material persoal que deben achegar as persoas participantes, para garantir a súa idoneidade coa actividade concreta que hai que realizar.
- CA2.11. Realizáronse as accións necesarias para a montaxe e a preparación das actividades de veladas e espectáculos.
- CA2.12. Deseñouse un ficheiro de xogos e de actividades físico-recreativas atendendo a criterios de organización, ámbito de aplicación, obxectivos que se perseguen, materiais para empregar, número de participantes e outros datos que se consideren necesarios.
- CA2.13. Elaboráronse os guións ou scripts necesarios para o desenvolvemento da velada ou do espectáculo, en función da programación prevista.
- CA2.14. Concretouse un plan de promoción e de comunicación, identificando os medios, os soportes e as estratexias de difusión.
- CA2.15. Supervisáronse sobre o terreo os medios e os recursos relativos aos protocolos de seguridade e de prevención de riscos na súa área de responsabilidade, comprobando que se atopen en estado de uso e operatividade.
- RA3. Dirixe e dinamiza eventos, xogos e actividades físico-deportivas e recreativas, utilizando unha metodoloxía propia da animación e garantindo a seguridade e a satisfacción das persoas participantes.
  - CA3.1. Utilizáronse técnicas, recursos e habilidades de comunicación eficaces e motivadores, ao inicio, durante o desenvolvemento e ao final da actividade, orientados á implicación, á participación e á permanencia, así como estratexias para manter o interese pola actividade.



- CA3.2. Analizáronse e compiláronse fontes de información sobre técnicas e recursos para a animación e a recreación.
- CA3.3. Utilizáronse formas de comunicación alternativa e/ou aumentativa, en función de posibles interferencias ou peculiaridades das persoas participantes que dificultan a comprensión da mensaxe.
- CA3.4. Transmitiuse a información pertinente sobre as características do medio, as instalacións e o material que hai que utilizar no transcurso da actividade, para garantir a súa seguridade e o seu uso satisfactorio, propiciando a confianza das persoas participantes desde o primeiro momento.
- CA3.5. Transmitiuse información completa, clara, precisa e adaptada ás características das persoas participantes, sobre o uso e a conservación da instalación, o espazo, os recursos materiais e a indumentaria, para garantir a seguridade e a satisfacción cos xogos, os eventos e as actividades físico-deportivas e recreativas, e para propiciar a confianza das persoas participantes desde o primeiro momento.
- CA3.6. Demostrouse a realización das tarefas motrices, resaltando os seus aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información para asegurar a comprensión das indicacións.
- CA3.7. Interpretouse e expresouse verbalmente e corporalmente de xeito desinhibido na realización das tarefas motrices para estimular a máxima comprensión e participación.
- CA3.8. Utilizouse unha metodoloxía que favoreza a desinhibición e a integración das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas persoas, especialmente das que presentan limitacións no ámbito da súa autonomía, detectáronse posibles incidencias e propuxéronse solucións.
- CA3.9. Adaptouse o nivel de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes.
- CA3.10. Corrixíronse in situ e de xeito adecuado os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas.
- CA3.11. Empregáronse estratexias asertivas de control e recondución das condutas que perturban o desenvolvemento da actividade e o clima relacional, en función da súa gravidade ou a súa perigosidade.
- CA3.12. Ocupouse o lugar apropiado para manter unha comunicación eficaz e o control das persoas participantes, e para se anticipar ás continxencias.
- RA4. Conduce veladas e espectáculos, aplicando técnicas de comunicación e de dinamización de grupos que aseguren a satisfacción das persoas participantes.
  - CA4.1. Realizouse a presentación e a despedida da velada ou o espectáculo, utilizando as estratexias de comunicación adecuadas ás características do público asistente, incentivando o seu interese e estimulando a súa atención.
  - CA4.2. Respectouse o guión previsto, así como as pausas e os tempos fixados, adaptándoos ás circunstancias e ás eventualidades da velada.
  - CA4.3. Resolvéronse as continxencias imprevistas con naturalidade e bo gusto, utilizando a técnica da improvisación.
  - CA4.4. Utilizáronse os materiais, os aparellos e os equipamentos de xeito eficaz, contribuíndo á súa duración e ao seu bo funcionamento.
  - CA4.5. Utilizáronse no desenvolvemento da velada técnicas de comunicación e motivación, e de expresión e representación, en función do tipo de actividade e das características das persoas participantes.

- CA4.6. Aplicáronse as precaucións que deben tomarse en relación ás medidas específicas de seguridade e hixiene das persoas participantes no desenvolvemento da actividade, e aplicáronselles a estas.
- RA5. Dirixe e dinamiza actividades culturais con fins de animación turística, utilizando unha metodoloxía propia da animación e garantindo a satisfacción das persoas participantes.
  - CA5.1. Explicitouse a vinculación da actividade coa realidade sociocultural do contorno.
  - CA5.2. Localizáronse os recursos culturais presentes en distintos contornos e valoráronse as súas posibilidades de incorporación a programas de animación turística, tendo en conta a normativa que os regula.
  - CA5.3. Informouse ás persoas participantes sobre os obxectivos, os contidos e os procedementos da actividade.
  - CA5.4. Adaptouse a actividade ás características, as necesidades, a nacionalidade, o nivel socioeconómico, a idade e as expectativas das persoas participantes.
  - CA5.5. Demostrouse a forma de realizar as actividades que requiren a execución práctica dalgún tipo de habilidade e o manexo dalgún tipo de material ou utensilio específico.
  - CA5.6. Corrixíronse in situ e de xeito adecuado os erros de execución na realización das actividades.
  - CA5.7. Utilizáronse técnicas de organización de actividades e distribución de grupos acordes cos principios da animación e a dinamización de grupos.
  - CA5.8. Seleccionáronse estratexias metodolóxicas que aseguran a máxima participación, a satisfacción e a implicación das persoas participantes.
  - CA5.9. Utilizáronse os equipamentos e os materiais necesarios seguindo criterios de máxima rendibilidade e durabilidade.
  - CA5.10. Solucionáronse de xeito construtivo as continxencias que se presentaron no desenvolvemento da actividade.
  - CA5.11. Identificáronse as dificultades, os posibles perigos e as barreiras que poidan obstaculizar o desenvolvemento das actividades, leváronse a cabo medidas de prevención e propuxéronse as adaptacións necesarias que garantan a integridade e a seguridade das persoas participantes.
- RA6. Avalía o desenvolvemento e os resultados das actividades de animación e o grao de satisfacción das persoas participantes utilizando as técnicas e os instrumentos máis adecuados para valorar a idoneidade e a adecuación aos obxectivos establecidos.
  - CA6.1. Aplicáronse técnicas e instrumentos para avaliar a idoneidade e a adecuación das actividades de animación turística, cos obxectivos establecidos e coas características das persoas participantes.
  - CA6.2. Avaliáronse os elementos que configuran a actividade.
  - CA6.3. Identificáronse os indicadores que permiten determinar o nivel de satisfacción das persoas participantes.
  - CA6.4. Usáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para o seguimento e a avaliación das actividades.
  - CA6.5. Elaborouse un informe coa información xerada en todo o proceso.
  - CA6.6. Formuláronse propostas de mellora a partir da información e das conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

## 1.5.2 Contidos básicos

### BC1. Programación de veladas, actividades culturais, xogos e actividades físico-recreativas

- Instalacións e contornos para o desenvolvemento de eventos de actividades físico-deportivas e recreativas, veladas e actividades culturais con fins de animación turística: urbanas, turísticas e en medio natural acuático e terrestre. Análise diagnóstica. Clasificación dos contornos turísticos.
- Técnicas de promoción e publicitación. Medios, soportes e estratexias de difusión.
- Colectivos diana en actividades de animación. Nivel de desenvolvemento motor (habilidades e destrezas motrices). Nivel de condición física e biolóxica. Estado afectivo-emocional. Intereses e necesidades. Grao de autonomía persoal: tipos de discapacidades. Problemas de percepción e interpretación da información.
- Técnicas de comunicación. Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.
- Estratexias de integración.
- Aspectos loxísticos das actividades: horarios, espazos, instalacións, recursos, tarefas e responsabilidades.
- Recursos culturais no ámbito da animación turística.
- As veladas e os espectáculos no contexto dun proxecto de animación. Niveis de participación requirida. Tipos de veladas e espectáculos. Técnicas de programación. Obxectivos. Criterios para a elaboración de guións.
- O xogo. Función recreativa e valor educativo. Xogo e etapas evolutivas.
- Tipos de xogos e clasificacións. Xogos motores e sensomotores. Utilización do xogo en diferentes contextos.
- O patrimonio lúdico galego. Xogos e deportes populares e tradicionais de Galicia. Variacións locais.
- Sesión de xogos. Criterios para a súa elaboración: coherencia fisiolóxica, coherencia afectivo-social, variabilidade no tipo de xogos, proporcionalidade na participación dos mecanismos da tarefa motriz e semellanza na organización.
- Actividades físico-recreativas en diferentes ámbitos e contextos de animación. A recreación a través das actividades físicas e deportivas.
- Xogos e actividades físico-recreativas no medio natural. Características que deben ter: globalidade, sustentabilidade, harmonía e respecto polo medio.
- Eventos de xogos e actividades físico-recreativas.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos. Coordinación con diferentes profesionais.

### BC2. Organización e xestión de recursos e medios para o desenvolvemento das actividades de animación

- Recursos culturais do contorno. Fontes de información para a selección e análise.
- O ficheiro de xogos e actividades físico-recreativas: criterios para a elaboración; estrutura.
- O guión ou script: criterios para a elaboración; estrutura.

- Espazos e instalacións. Características para o desenvolvemento de actividades de animación en diferentes contextos. Barreiras arquitectónicas. Accesibilidade universal.
- Materiais para a animación: características, uso e aplicación en diferentes contextos. Protocolos de utilización, criterios de organización e distribución.
- Mantemento e almacenamento do material: supervisión, inventario, localización dos materiais, condicións de almacenamento e conservación.
- Organización da actividade de animación. Cronogramas. Axuste aos obxectivos previstos, ás características e expectativas das persoas participantes, ao contexto e ás directrices da entidade.
- Actos protocolarios en grandes eventos no contexto da animación. Sistemas de coordinación de persoal e actividades. Etapas para a realización e a produción dunha montaxe: escenografía, iluminación, son e efectos especiais. Materiais básicos en decoración. Rotulaxe e grafismo.
- Normativa aplicable ás actividades de animación. Normativa de seguridade en instalacións turísticas e deportivas. Lexislación sobre responsabilidade na tutela de grupos e responsabilidade civil. Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica de actividades físico-recreativas e de animación turística.

### BC3. Dirección e dinamización de eventos, xogos e actividades físico-deportivas e recreativas

- Xogos para o desenvolvemento da competencia motriz, da competencia social e de transmisión cultural. Xogos motores e sensomotores, cooperativos, alternativos, de expresión corporal e multiculturais. Xogos e discapacidade. Espazos e materiais para a práctica.
- Actividades físico-recreativas: acromontaxes, actividades circenses, parcour, actividades físico-recreativas con soporte musical e xogos deportivo-recreativos.
- Xogos e actividades físico-recreativas no medio natural: de pistas e rastrexo. Xogos nocturnos en grandes espazos abertos. Motores de táctica e estratexia en espazos abertos. Xogos de orientación. Cros de orientación.
- Eventos de xogos e actividades físico-recreativas. Presentación da información básica para a participación en eventos físico-deportivos e recreativos. Normativa e regulamentos. Sistemas de xogo e competición.
- Funcións do persoal animador nas sesións e nos eventos de xogos e actividades físicas, deportivas e recreativas. Técnicas, recursos e habilidades de comunicación.
- Metodoloxía da animación físico-deportiva e recreativa.
- Técnicas de animación: danzas e cancións, contos e narracións, feiras ou quermeses, xornadas-tema, rallies e xincanas, pasacalles e cabalgatas, actividades multiformes e outras.
- Criterios para a observación e rexistro de xogos.

### BC4. Condución de veladas e espectáculos

- Técnicas de presentación: calidades do/da presentador/a. Técnicas de comunicación verbal e non verbal. Funcións do/da presentador/a animador/a. Técnica da improvisación.

- Clasificación de veladas e espectáculos segundo tipo de participación requirida (activa, pasiva ou compartida).
- Técnicas de expresión e representación: clasificación e características. Técnicas de expresión corporal. Técnicas de son: limpeza do equipamento. Normas de seguridade. Técnicas de expresión oral: tipos de micrófono; entoación e dicción; composición da mensaxe; guión de presentación. Técnicas de expresión musical: estilos musicais; estilos de baile; seguimento musical en veladas e espectáculos.
- Baile e coreografía. Estilos de baile. Estrutura e deseño dunha coreografía.
- Actividades con pequenos materiais. Técnicas básicas e figuras sinxelas na globoflexia e na papiroflexia.
- Técnicas escenográficas e decoración de espazos: clasificación e características. Posta en escena. Etapas para a realización e a produción dunha montaxe. Técnicas de iluminación: uso da luz. Efectos especiais. Normas de seguridade. Técnicas de ambientación: escenario. Resto de espazos. Tipos de ambientación e combinación de elementos. Materiais básicos de decoración. Rotulaxe e grafismo: elementos que se usan en animación. Proporcións. Teoría da cor. Uso das cores. Uso das letras.
- Técnicas de maquillaxe: materiais e produtos habituais en animación. Procedemento para realizar un maquillaxe. Tipos de maquillaxe. Caracterizacións de maquillaxe. Normas de seguridade e hixiene. Disfraces e vestuario nos espectáculos. Estudos do vestuario escénico: caracterizacións de vestuario. Mantemento do vestuario: complementos.
- Metodoloxía de intervención en veladas e espectáculos: fases da intervención. Análise do grupo. Control de continxencias. Funcións do/da animador/a. Recursos metodolóxicos. Traballo en equipo.
- Criterios metodolóxicos na dirección de veladas e espectáculos: optimización da participación e implicación das persoas usuarias. Selección e secuenciación das actividades. Organización dos recursos humanos e profesionais. Organización das persoas participantes. Identificación de riscos e proposta de solución.
- Recursos metodolóxicos. Elaboración de guións ou scripts: script xeral da velada ou do espectáculo, de vestuario e complementos, de luces (incluíndo o canon de seguimento), de música e de escenografía. Control de tempos nas presentacións e no desenvolvemento.
- Traballo en equipo. Análise do grupo.
- Supervisión do desenvolvemento de veladas e espectáculos: captación. Material informativo. Decoración. Equipamento de luz e son. Preparación do material. Preparación das persoas participantes.

#### BC5. Dirección e dinamización de actividades culturais en animación turística

- Presentación das actividades culturais no marco da animación turística: vinculación co contorno e cos centros de interese das persoas participantes.
- Recursos culturais no ámbito da animación turística: artes e costumes populares, patrimonio histórico-artístico, patrimonio natural, ritos e lendas, xogos autóctonos, festas populares, gastronomía e folclore local e rexional. Regulamentos dos xogos e dos deportes populares e tradicionais.
- Funcións do/da animador/a de actividades culturais na animación turística.

- Metodoloxía da animación de actividades culturais. Estratexias e actitudes do persoal técnico animador para dinamizar e motivar na interacción grupal, e para propiciar a máxima participación, a satisfacción e a implicación das persoas participantes.
- Aspectos loxísticos para a organización de saídas e excursións.
- Criterios para a observación e rexistro de actividades culturais.

#### BC6. Avaliación das actividades de animación

- Avaliación de procesos e resultados das actividades de animación: adecuación das instalacións e dos espazos utilizados. Instrumentos e materiais empregados, e a súa adecuación á actividade e ás características e expectativas das persoas participantes. Persoal da organización implicado. Desenvolvemento da actividade. Elementos complementarios e auxiliares utilizados. Nivel de participación e satisfacción das persoas participantes.
- Técnicas de deseño de instrumentos específicos de avaliación para as actividades de animación. Aplicación de instrumentos específicos de avaliación: seguimento e observación directa. Cuestionarios de satisfacción. Entrevistas personalizadas. Autoavaliación. Formularios de cuestións específicas.
- Detección de necesidades de mellora derivadas da avaliación.
- Elaboración de informes: finalidade, estrutura e presentación.
- Indicadores de calidade.

### 1.5.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado poida desempeñar as funcións de programar, organizar, dirixir, dinamizar e avaliar veladas e actividades culturais con fins de animación turística, e xogos e actividades físico-deportivas recreativas para todos os tipos de persoas usuarias, en diferentes contornos e contextos.

A concreción da función de avaliación abrangue aspectos relacionados co deseño da valoración da intervención, aplicando criterios de calidade a cada fase do proceso.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse en procesos de animación, tanto no sector turístico como en todos os procesos de animación e de aproveitamento educativo do tempo libre con actividades físicas e deportivas.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais f), g), i), j), l), ñ), o) e r) do ciclo formativo, e as competencias d), e), g), h), j), m), n) e p).

As actividades de aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Elaboración de programas de animación turística, e selección e dinamización de actividades.
- Deseño de xogos, a súa aplicación con diferentes colectivos e a súa dinamización en diferentes situacións, contornos e contextos.
- Caracterización das actividades físico-deportivas e recreativas e as posibilidades que ofrecen en función das necesidades sociomotoras de diferentes colectivos.
- Dirección de eventos de carácter físico-deportivo-recreativo.

As liñas básicas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe tenderán a priorizar:

- Análise crítica da utilización do tempo libre nas sociedades actuais. Principais ofertas de utilización do tempo libre presentes nas nosas sociedades. Valores predominantes. Necesidades de diferentes colectivos. Carencias máis significativas na oferta de actividades e equipamentos en relación coas necesidades detectadas.
- Creatividade e achega innovadora, incentivando os procesos de procura e as técnicas de indagación e investigación.
- Participación do alumnado, a súa autonomía, así como a súa capacidade para o traballo cooperativo en grupo, a autoavaliación e a coavaliación.
- Clima de confianza no grupo, que permita a implicación desinhibida e construtiva.
- Uso dunha comunicación empática de calidade coas persoas e cos grupos.

Como estratexias para un mellor desenvolvemento das aprendizaxes propónse:

- Simulación de situacións de práctica.
- Visitas a institucións e colaboración con elas.
- Intervencións prácticas de carácter global e en contextos reais: dinamización de xornadas físico-deportivas, actividades recreativas con diferentes segmentos de poboación, etc.

Este módulo profesional interactúa especialmente coas aprendizaxes adquiridas nos seguintes módulos profesionais:

- Planificación da animación socio-deportiva.
- Actividades de lecer e tempo libre.
- Dinamización grupal.
- Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas.
- Valoración da condición física e intervención en accidentes.

Xa que logo, faise imprescindible a coordinación co profesorado que imparte as ensinanzas dos devanditos módulos profesionais. Así mesmo, propónse que este módulo profesional se desenvolva durante o primeiro curso deste ciclo.

## 1.6 Módulo profesional: Actividades físico-deportivas individuais

- Equivalencia en créditos ECTS: 10.
- Código: MP1139.
- Duración: 186 horas.

### 1.6.1 Unidade formativa 1: Actividades acuáticas: natación

- Código: MP1139\_14.
- Duración: 62 horas.

#### 1.6.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza as actividades acuáticas, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas.
  - CA1.1. Cuantifícase o peso do compoñente físico, do técnico e, de ser o caso, do táctico, nas actividades acuáticas.
  - CA1.2. Relacionáronse as habilidades técnicas específicas das actividades acuáticas coas habilidades e as destrezas motrices básicas.
  - CA1.3. Xustificouse a utilización das actividades acuáticas en propostas de ensinanza e recreación.
  - CA1.4. Analizouse a influencia do medio onde se realizan as actividades acuáticas, nas propostas de ensinanza e recreativas.
  - CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica das actividades acuáticas, adaptándoas ao nivel de execución das persoas usuarias.
  - CA1.6. Analizáronse as características e as condicións de seguridade dos diferentes aspectos das actividades acuáticas.
  - CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza das actividades acuáticas.
- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas de actividades acuáticas, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento de actividades acuáticas, procurando a máxima participación e garantindo condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Defíníronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espazo nas actividades acuáticas.
  - CA2.3. Adaptáronse os espazos e os materiais, de xeito que faciliten a aprendizaxe e a participación de diferentes tipos de persoas.
  - CA2.4. Deseñáronse ferramentas para o control permanente dos riscos, do estado do material, dos equipamentos e das instalacións acuáticas.
  - CA2.5. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben achegar as persoas participantes, para garantir a súa idoneidade coa actividade acuática que se vai realizar.



- CA2.6. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade, na ensinanza de actividades acuáticas.
- CA2.7. Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade, na ensinanza de actividades acuáticas.
- CA2.8. Executáronse con eficacia habilidades e destrezas básicas no medio acuático, demostrando capacidade de combinación entre elas para reproducir os xestos propios da natación.
- CA2.9. Realizáronse técnicas específicas dos estilos de nado adaptándose ás condicións do medio e axustándoas aos modelos técnicos de referencia.
- CA2.10. Realizáronse desprazamentos no medio acuático adaptándose ás condicións do medio, aos materiais auxiliares e ás situacións de apnea, seguindo os modelos técnicos de referencia.
- RA3. Diseña sesións de ensinanza de actividades acuáticas, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia.
  - CA3.1. Describíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía das sesións das actividades acuáticas, a partir da programación xeral.
  - CA3.2. Integráronse os contidos físicos e técnicos das actividades acuáticas, na proposta de tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas individuais.
  - CA3.3. Tivéronse en conta os criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño das progresións das actividades, respectando a dinámica dos esforzos e o ritmo de aprendizaxe individual.
  - CA3.4. Diseñáronse adaptacións das tarefas motrices específicas en función das características das persoas participantes.
  - CA3.5. Aplicáronse criterios de eficacia e seguridade na proposta de uso dos espazos, os equipamentos e os materiais ao longo da sesión.
  - CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
  - CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as posibles continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
  - CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento das actividades acuáticas, e propuxéronse as medidas de seguridade e prevención de riscos necesarias.
- RA4. Dirixe e dinamiza sesións de actividades acuáticas, adaptándoas á actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información inicial e final pertinente, tratando de motivar cara á participación nas actividades acuáticas.
  - CA4.2. Explicóuselles ás persoas participantes a realización das tarefas motrices propostas, resaltando os seus aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
  - CA4.3. Adaptouse o nivel de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
  - CA4.4. Demostráronse as accións motrices específicas das diferentes actividades acuáticas coa calidade suficiente para posibilitar a unha suposta persoa aprendiz a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.

- CA4.5. Corrixíronse os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
- CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas persoas e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.
- CA4.7. Definíronse os criterios que permitan a organización e o control de competicións non oficiais de actividades acuáticas.
- CA4.8. Controlouse o uso do material e resituáronse os equipamentos, en caso necesario, deixando a instalación en perfecto estado para o seu uso.
- RA5. Avalía as actividades acuáticas, analizando os indicadores que permiten a súa optimización en procesos recreativos e de ensinanza.
  - CA5.1. Determináronse os aspectos técnicos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe das actividades acuáticas.
  - CA5.2. Delimitáronse os aspectos físicos significativos na avaliación das actividades acuáticas.
  - CA5.3. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas nas actividades acuáticas, en función dos obxectivos formulados.
  - CA5.4. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar os aspectos cuantitativos nas actividades acuáticas en función dos obxectivos formulados.
  - CA5.5. Deseñáronse ferramentas que acheguen datos sobre a consecución de obxectivos e sobre o nivel de satisfacción das persoas participantes, para a avaliación do proceso metodolóxico.
  - CA5.6. Elaboráronse propostas de mellora a partir da análise da información e das conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### 1.6.1.2 Contidos básicos

#### BC1. Análise das actividades acuáticas

- Actividades acuáticas na animación deportiva. Clasificacións. Aspectos físicos, técnicos e tácticos. Nomenclatura específica.
- Habilidades e destrezas básicas e específicas con aplicación nas actividades acuáticas. Transferencias e interferencias nas aprendizaxes.
- Familiarización co medio acuático.
- Flotación, respiración, propulsión, saltos e caídas como variables propias do desenvolvemento no medio acuático.
- Es estilos de natación: crol, costas, braza e bolboreta. Saídas e viraxes. Elementos de execución técnica. Beneficios e contraindicacións de cada estilo. Implicación das capacidades condicionais.
- Materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares das actividades acuáticas. Uso didáctico e recreativo destes materiais en natación.
- Medidas específicas de prevención e seguridade na realización de actividades físico-deportivas no medio acuático.

- Outras actividades desenvolvidas no medio acuático. Actividades acuáticas para bebés, parto e posparto. Hidrocinesia e fitness acuático.
- Criterios para a manipulación de variables nas actividades acuáticas desde unha perspectiva recreativa.

### BC2. Organización dos recursos implicados nos programas de actividades acuáticas

- Instalacións para a práctica de actividades acuáticas. Tipos e características das instalacións. Barreiras arquitectónicas e adaptación das instalacións.
- Normativa sobre construción e mantemento das instalacións acuáticas. Sistemas de seguridade e supervisión dos aparellos e das máquinas dunha instalación acuática.
- Criterios e normas de uso das instalacións acuáticas en condicións de máxima seguridade. Trato e a comunicación coas persoas usuarias. Resolución de conflitos.
- Recursos humanos nas actividades acuáticas. Responsabilidades. Aspectos de seguridade da súa competencia relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións acuáticas. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas. Procedementos operativos máis comúns.
- Supervisión e mantemento de materiais utilizados en actividades acuáticas. Inventario e condicións de almacenamento.
- Criterios básicos de seguridade aplicables nas actividades acuáticas. Indumentaria e accesorios nas actividades acuáticas. Medidas de autoprotección.
- Materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares para o desenvolvemento das actividades acuáticas.
- Lexislación básica sobre seguridade e prevención de riscos en instalacións acuáticas. Medidas de prevención de riscos nas instalacións acuáticas. Vixilancia e sinalización.

### BC3. Deseño de sesións de iniciación ás actividades acuáticas

- Estrutura da sesión de actividades acuáticas.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes. Concepcións lúdica e competitiva.
- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.
- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensinanza e aprendizaxe das actividades acuáticas. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Obxectivos da sesión de natación en función do binomio nivel-idade.
- Progresión na ensinanza da natación e as actividades acuáticas.
- Actividades acuáticas e intensidade do esforzo. Exercicios de activación na auga, exercicios de relaxación, e tarefas de resistencia, de velocidade e de forza.
- Seguridade. Vantaxes e inconvenientes da situación do persoal técnico dentro ou fóra da auga. Relación da orde das tarefas coa seguridade. Materiais específicos de apoio.
- Exercicios e tarefas para as sesións de actividades acuáticas con diferentes grupos de poboación: xestantes, matronatación, bebés, en idade escolar, persoas adultas, maiores de 65 anos, colectivos especiais e persoas discapacitadas.

- Contextos das actividades acuáticas: escolas, cursos, actividades extraescolares e campamentos.
- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes nas actividades acuáticas.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións de actividades acuáticas.
- Técnicas de control e uso eficiente do espazo e dos materiais. Adaptación das técnicas e os materiais ao contorno non competitivo.

#### BC4. Dirección e dinamización de sesións de actividades acuáticas

- Actividades acuáticas. Actuacións do técnico dentro e fóra do vaso.
- Actividades para a fase de adaptación ao medio acuático. Xogos e actividades de familiarización co medio acuático e control do corpo, de inmersións, manipulacións e desprazamentos básicos, e de iniciación á respiración no medio acuático. Estratexias de axuda na superación de medos e bloqueos. Uso dos materiais de control e apoio.
- Actividades na fase de dominio do medio acuático. Xogos e exercicios para a aprendizaxe dos estilos de nado: crol, costas, braza e bolboreta. Saídas e viraxes. Tarefas de acondicionamento físico a través da natación. Actividades acuáticas en distintos ámbitos: xestantes, matronatación, bebés, en idade escolar, persoas adultas, persoas maiores, persoas con discapacidade ou afectadas por diversidade funcional, e persoas en risco de exclusión social.
- Técnicas de intervención na dirección de sesións de actividades acuáticas. Explicación e demostración das tarefas e os elementos técnicos. Dinamización e control da actividade.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos de actividades acuáticas.
- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica de actividades acuáticas.

#### BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe das actividades acuáticas

- Avaliación das aprendizaxes en natación. Estilos de natación. Saídas e viraxes. Criterios que marcan a execución correcta en cada nivel. Factor cualitativo e cuantitativo.
- Situacións de avaliación das aprendizaxes en natación. Tarefas de avaliación dos aspectos cualitativos dos xestos técnicos. Tarefas de avaliación dos aspectos cuantitativos dos estilos de natación.
- Medios audiovisuais e informáticos no proceso avaliador das actividades acuáticas. Fichas de observación dos xestos técnicos nas actividades acuáticas. Criterios para a súa elaboración e o seu uso. Vídeos.
- Cadros de rexistro de asistencia e satisfacción das persoas usuarias.

## 1.6.2 Unidade formativa 2: Salvamento acuático

- Código: MP1139\_24.
- Duración: 64 horas.

### 1.6.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Organiza os recursos implicados no socorrismo acuático, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.
  - CA1.1. Preparouse o equipamento persoal e os materiais necesarios para prever os riscos durante o desenvolvemento do socorrismo acuático.
  - CA1.2. Deseñáronse ferramentas para o control permanente dos riscos, do estado do material, dos equipamentos e das instalacións.
  - CA1.3. Describíronse as normas para cumprir nas instalacións acuáticas, para garantir a convivencia e a seguridade das persoas usuarias, aplicando técnicas de comunicación eficaces.
  - CA1.4. Revisáronse a instalación acuática, os medios materiais e a súa operatividade, tendo en conta as medidas de prevención de riscos e efectuando as operacións auxiliares de mantemento e reparación que permitan o seu uso segundo a normativa.
  - CA1.5. Vixiouse de forma sistemática e periódica a área designada, para se anticipar ao accidente ou á situación de emerxencia e manter as condicións de seguridade.
- RA2. Rescata persoas en casos simulados de accidente ou situación de emerxencia no medio acuático, aplicando protocolos de salvamento e rescate.
  - CA2.1. Identificáronse os signos que indiquen problemas que supoñan risco real para a persoa usuaria, considerando as condicións da situación.
  - CA2.2. Interveuse de xeito inmediato de acordo co protocolo establecido.
  - CA2.3. Estableceuse a xerarquía das situacións de perigo dunha instalación acuática dada, indicando o protocolo de vixilancia que se utiliza e as modificacións necesarias para as reducir.
  - CA2.4. Definíronse as condutas potencialmente perigosas das persoas usuarias nunha instalación acuática e as posibles consecuencias sobre elas mesmas ou sobre o resto de persoas usuarias, indicando as medidas que o/a socorrista debe adoptar para as poder evitar.
  - CA2.5. Definíronse os protocolos e as técnicas para a posta en práctica dos labores de vixilancia, prevención e actuación ante unha modificación das condicións de salubridade do centro acuático e en caso de accidente.
  - CA2.6. Deseñouse o programa de ensaio ou actuación dos protocolos de actuación.
  - CA2.7. Decidíronse a intervención e, de ser o caso, as técnicas que cómpre realizar, valorando a situación da suposta persoa accidentada, do resto das persoas usuarias e da instalación, e as propias condicións.
  - CA2.8. Utilizáronse os materiais adecuados nun suposto formulado durante a realización das técnicas de entrada, aproximación, control, traslado e extracción da persoa accidentada.
  - CA2.9. Realizáronse con seguridade e eficacia as entradas á auga en función da accesibilidade, a proximidade e as características do contorno.

- CA2.10. Realizáronse con seguridade e eficacia as técnicas de natación adaptadas que permiten a aproximación á persoa accidentada.
- CA2.11. Realizáronse con seguridade e eficacia 300 m de nado libre, coa vestimenta propia de socorrista, nun tempo máximo de oito minutos.
- CA2.12. Mantívose unha flotación dinámica cos brazos levantados fóra da auga, sen desprazarse.
- CA2.13. Realizáronse con seguridade e eficacia técnicas de control e remolque da vítima, mantendo as súas vías respiratorias fóra da auga.
- CA2.14. Realizouse con seguridade e eficacia a secuencia de entrada de cabeza, cincuenta metros de nado libre e mergullo a unha profundidade mínima de dous metros, para recoller un manequín de competición e remolcalo, cunha técnica correcta, durante cincuenta metros, todo iso nun tempo máximo de tres minutos e 30 segundos.
- CA2.15. Realizouse con seguridade e eficacia o remolque sen aletas a unha persoa posiblemente accidentada, ao longo de cen metros, con catro técnicas diferentes e nun tempo máximo de catro minutos.
- CA2.16. Realizouse con seguridade e eficacia o remolque con aletas a unha persoa accidentada de peso e flotabilidade media ao longo de cen metros, utilizando unha soa técnica libre e nun tempo máximo de tres minutos e 45 segundos.
- CA2.17. Realizouse con seguridade e eficacia a extracción da auga dunha persoa posiblemente accidentada consciente ou inconsciente e sen afectación medular, consonte os protocolos e aplicando a técnica correctamente, logo de a remolcar cen metros.
- CA2.18. Realizáronse con seguridade e eficacia técnicas de mergullo e rastrexo con material auxiliar e sen el, evitando pórse en perigo a si mesmo/a, recuperando unha vítima que se atopa no fondo e sacándoa á superficie.
- CA2.19. Realizouse con seguridade e eficacia a extracción dunha persoa accidentada con posible afectación medular utilizando o material adecuado, organizando un grupo de dous/dúas ou tres socorristas, de xeito acorde cos protocolos e aplicando as técnicas correctamente.
- CA2.20. Realizouse a análise crítica e a avaliación das técnicas de entrada, aproximación, control, remolque, extracción e traslado da vítima, segundo o seu estado e as características da instalación acuática, ante unha simulación de rescate, e establecéronse propostas de mellora de xeito xustificado.
- CA2.21. Aplicáronse técnicas de comunicación coa persoa accidentada, cos equipamentos que interveñen na situación de emerxencia, cos/coas espectadores/as e coas persoas acompañantes da vítima, para proporcionar seguridade durante a asistencia.

### 1.6.2.2 Contidos básicos

#### BC1. Organización dos recursos implicados en socorrismo acuático

- Instalacións para a práctica do socorrismo acuático. Tipos e características das instalacións. Barreiras arquitectónicas e adaptación das instalacións.
- Normativa sobre construción e mantemento das instalacións acuáticas. Sistemas de seguridade e supervisión dos aparellos e as máquinas dunha instalación acuática.
- Criterios e normas de uso das instalacións acuáticas en condicións de máxima seguridade. Trato e comunicación coas persoas usuarias. Resolución de conflitos.

- Recursos humanos no socorrismo acuático. Responsabilidades. Aspectos de seguridade da súa competencia relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións acuáticas. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas. Procedementos operativos máis comúns.
- Supervisión e mantemento de materiais utilizados en socorrismo acuático. Inventario e condicións de almacenamento.
- Criterios básicos de seguridade aplicables ao salvamento acuático. Indumentaria e accesorios no socorrismo acuático. Medidas de autoprotección.
- Materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares para o desenvolvemento das actividades do salvamento acuático.
- Posto de salvamento. Materiais de vixilancia, de comunicación, de intervención, de extracción e de evacuación. Mantemento. Partes de incidencias.
- Lexislación básica sobre seguridade e prevención de riscos en instalacións acuáticas. Medidas de prevención de riscos nas instalacións acuáticas. Vixilancia e sinalización.

## BC2. Rescate en instalacións acuáticas

- Situacións de risco máis frecuentes no medio acuático. Prácticas de risco. Condutas inapropiadas. Mergullos perigosos. Apneas forzadas. Actividade con sobreesforzos. Xogos descontrolados.
- Protocolos de supervisión e vixilancia da instalación acuática. Elementos que hai que revisar. Orde e periodicidade da supervisión. Xerarquización dos riscos.
- Características da auga e consideracións relativas a roupa e calzado.
- Accidentes máis frecuentes no medio acuático. Contusións. Feridas. Hidrocución. Golpes de calor. Hipotermias. Lesións por contacto en zonas sensibles.
- Obxectivos, posibilidades e límites de actuación no socorrismo acuático.
- Perfil, actitudes, aptitudes e funcións do/da socorrista. Responsabilidade civil e penal. Coordinación con diferentes profesionais. Normativas de referencia. Doenzas profesionais, riscos de actuación e prevención de riscos.
- Protocolos de actuación e plans de emerxencia. Plans de vixilancia, de comunicación, de traslado e de evacuación. Intervención ante diferentes tipos de vítimas.
- Postos, normas e técnicas de vixilancia.
- Organización do socorrismo: percepción do problema, análise da situación, toma de decisións, execución das accións de rescate, primeiros auxilios e avaliación do rescate.
- Técnicas específicas de rescate acuático. Entrada, aproximación, control, remolque, e extracción da persoa accidentada segundo o estado da vítima e da instalación acuática.
- Adestramento específico das técnicas de salvamento acuático. Simulacros de actuación.
- Aspectos psicolóxicos e técnicas de comunicación na fase crítica do rescate. Comunicación cos membros do equipo de traballo, coas persoas espectadoras ou usuarias, coa accidentada e coas súas familiares ou acompañantes, controlando a situación durante a intervención e no posterior traslado.

### 1.6.3 Unidade formativa 3: Actividades atléticas: atletismo

- Código: MP1139\_34.
- Duración: 30 horas.

#### 1.6.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza as actividades atléticas, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas.
  - CA1.1. Cuantificouse o peso do compoñente físico, do técnico e, de ser o caso, do táctico, nas actividades atléticas.
  - CA1.2. Relacionáronse as habilidades técnicas específicas das actividades atléticas coas habilidades e as destrezas motrices básicas.
  - CA1.3. Xustificouse a utilización das actividades atléticas en propostas de ensinanza e recreación.
  - CA1.4. Analizouse a influencia do medio onde se realizan as actividades atléticas, nas propostas de ensinanza e recreativas.
  - CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica das actividades atléticas, adaptándoas ao nivel de execución das persoas usuarias.
  - CA1.6. Analizáronse as características e as condicións de seguridade dos diferentes aspectos das actividades atléticas.
  - CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza das actividades atléticas.
- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas de actividades, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento de actividades, procurando a máxima participación e garantindo condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Definíronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espazo nas actividades atléticas.
  - CA2.3. Adaptáronse os espazos e os materiais, de xeito que faciliten a aprendizaxe e a participación de diferentes tipos de persoas.
  - CA2.4. Deseñáronse ferramentas para o control permanente dos riscos, do estado do material, dos equipamentos e das instalacións.
  - CA2.5. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben achegar as persoas participantes, para garantir a súa idoneidade coa actividade atlética que se vai realizar.
  - CA2.6. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade, na ensinanza de actividades atléticas.
  - CA2.7. Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos, relativos á súa área de responsabilidade, na ensinanza de actividades atléticas.
- RA3. Deseña sesións de ensinanza de actividades atléticas, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e o grupo de referencia.
  - CA3.1. Describíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía das sesións das actividades atléticas, a partir da programación xeral.



- CA3.2. Integráronse os contidos físicos e técnicos das actividades atléticas, na proposta de tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas individuais.
- CA3.3. Tivéronse en conta os criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño das progresións das actividades, respectando a dinámica dos esforzos e o ritmo de aprendizaxe individual.
- CA3.4. Deseñáronse adaptacións das tarefas motrices específicas en función das características das persoas participantes.
- CA3.5. Aplicáronse criterios de eficacia e seguridade na proposta de uso dos espazos, os equipamentos e os materiais ao longo da sesión.
- CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
- CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as posibles continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
- CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento das actividades atléticas, e propuxéronse as medidas necesarias de seguridade e prevención de riscos.
- RA4. Dirixe e dinamiza sesións de actividades atléticas, adaptándoas á actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información inicial e final pertinente, tratando de motivar cara á participación nas actividades atléticas.
  - CA4.2. Explicóuselles ás persoas participantes a realización das tarefas motrices propostas, resaltando os seus aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
  - CA4.3. Adaptáronse os niveis de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
  - CA4.4. Demostráronse as accións motrices específicas das actividades atléticas coa calidade suficiente para posibilitar a un/unha suposto/a aprendiz a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.
  - CA4.5. Corrixíronse os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
  - CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a súa máxima implicación e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.
  - CA4.7. Definíronse os criterios que permitan a organización e o control de competicións non oficiais de actividades atléticas.
  - CA4.8. Controlouse o uso do material e resituáronse os equipamentos en caso preciso, deixando a instalación en perfecto estado para o seu uso.
- RA5. Avalía as actividades atléticas, analizando os indicadores que permiten a súa optimización en procesos recreativos e de ensinanza.
  - CA5.1. Determináronse os aspectos técnicos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe das actividades atléticas.
  - CA5.2. Delimitáronse os aspectos físicos significativos na avaliación das actividades atléticas.

- CA5.3. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas nas actividades atléticas, en función dos obxectivos formulados.
- CA5.4. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar os aspectos cuantitativos nas actividades atléticas, en función dos obxectivos formulados.
- CA5.5. Deseñáronse ferramentas que acheguen datos sobre a consecución de obxectivos e sobre o nivel de satisfacción das persoas participantes, para a avaliación do proceso metodolóxico.
- CA5.6. Elaboráronse propostas de mellora a partir da análise da información e das conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### 1.6.3.2 Contidos básicos

#### BC1. Análise das actividades atléticas

- Actividades atléticas na animación deportiva. Clasificacións. Aspectos físicos, técnicos e tácticos. Nomenclatura específica.
- Habilidades e destrezas básicas e específicas con aplicación nas actividades atléticas. Transferencias e interferencias nas aprendizaxes.
- Atletismo e actividades físico-deportivas baseadas no atletismo. Carreiras, saltos, lanzamentos e probas combinadas. Adaptación das probas en función da idade.
- Materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares das actividades físico-deportivas baseadas no atletismo. Uso didáctico e recreativo en atletismo.
- Medidas específicas de prevención e seguridade na realización de actividades de atletismo.
- Criterios para a manipulación de variables nas actividades atléticas desde unha perspectiva recreativa.

#### BC2. Organización dos recursos implicados nos programas de actividades atléticas

- Instalacións para a práctica de actividades atléticas. Tipos e características das instalacións. Barreiras arquitectónicas e adaptación das instalacións.
- Criterios e normas de uso das instalacións deportivas en condicións de máxima seguridade. Trato e comunicación coas persoas usuarias. Resolución de conflitos.
- Recursos humanos nas actividades atléticas. Responsabilidades. Aspectos de seguridade da súa competencia relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións das actividades atléticas. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas. Procedementos operativos máis comúns.
- Supervisión e mantemento de materiais utilizados en actividades atléticas. Inventario e condicións de almacenamento.
- Criterios básicos de seguridade aplicables nas actividades atléticas. Indumentaria e accesorios. Medidas de autoprotección.
- Materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares para o desenvolvemento das actividades atléticas.

### BC3. Deseño de sesións de iniciación ás actividades atléticas

- Estrutura da sesión de actividades atléticas.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes. Concepcións lúdica e competitiva.
- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.
- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensino e aprendizaxe das actividades atléticas. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Habilidades e elementos de execución técnica das disciplinas do atletismo. Beneficios e contraindicacións. As disciplinas do atletismo nas actividades recreativas. Implicación das capacidades condicionais.
- Progresión metodolóxica na ensinanza do atletismo.
- Contextos das actividades atléticas: escolas, cursos, actividades extraescolares e campamentos.
- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes nas actividades atléticas.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións de actividades atléticas.
- Técnicas de control e uso eficiente do espazo e dos materiais. Adaptación das técnicas e os materiais ao contorno non competitivo.

### BC4. Dirección e dinamización de sesións de actividades atléticas

- Atletismo. Transferencia das habilidades básicas ás disciplinas do atletismo. Xogos de carreiras, saltos e lanzamentos. Combinación de habilidades. Exercicios de aplicación e asimilación na ensinanza das disciplinas do atletismo. Probas combinadas.
- Técnicas de intervención na dirección de sesións de actividades atléticas. Explicación e demostración das tarefas e os elementos técnicos. Dinamización e control da actividade.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos de actividades atléticas.
- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica de actividades atléticas.

### BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe das actividades atléticas

- Avaliación das aprendizaxes en atletismo. Aspectos de cada modalidade de atletismo que se avalían en cada nivel. Criterios que marcan a execución correcta en cada nivel. Factor cualitativo e cuantitativo.
- Medios audiovisuais e informáticos no proceso avaliador das actividades atléticas. Fichas de observación dos xestos técnicos nas actividades atléticas. Criterios para a súa elaboración e o seu uso. Vídeos.
- Cadros de rexistro de asistencia e satisfacción das persoas usuarias.

## 1.6.4 Unidade formativa 4: Outras actividades físico-deportivas individuais

- Código: MP1139\_44.
- Duración: 30 horas.

### 1.6.4.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza outras actividades físico-deportivas individuais, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas.
  - CA1.1. Cuantifícase o peso do compoñente físico, do técnico e, de ser o caso, do táctico, noutras actividades físico-deportivas individuais.
  - CA1.2. Relacionáronse as habilidades técnicas específicas doutras actividades físico-deportivas individuais coas habilidades e as destrezas motrices básicas.
  - CA1.3. Xustificouse a utilización doutras actividades físico-deportivas individuais en propostas de ensinanza e recreación.
  - CA1.4. Analizouse a influencia do medio onde se realizan outras actividades físico-deportivas individuais, nas propostas de ensinanza e recreativas.
  - CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica doutras actividades físico-deportivas individuais, adaptándoas ao nivel de execución das persoas usuarias.
  - CA1.6. Analizáronse as características e as condicións de seguridade dos diferentes aspectos doutras actividades físico-deportivas individuais.
  - CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza doutras actividades físico-deportivas individuais.
- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas doutras actividades físico-deportivas individuais, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento doutras actividades físico-deportivas individuais, procurando a máxima participación e garantindo condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Definíronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espazo noutras actividades físico-deportivas individuais.
  - CA2.3. Adaptáronse os espazos e os materiais, de xeito que faciliten a aprendizaxe e a participación de diferentes tipos de persoas.
  - CA2.4. Deseñáronse ferramentas para o control permanente dos riscos, do estado do material, dos equipamentos e das instalacións.
  - CA2.5. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben achegar as persoas participantes, para garantir a súa idoneidade coa actividade físico-deportiva individual que se vai realizar.
  - CA2.6. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade, na ensinanza doutras actividades físico-deportivas individuais.
  - CA2.7. Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade, na ensinanza doutras actividades físico-deportivas individuais.

- RA3. Diseña sesións de ensinanza doutras actividades físico-deportivas individuais, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia.
  - CA3.1. Describíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía das sesións doutras actividades físico-deportivas individuais, a partir da programación xeral.
  - CA3.2. Integráronse os contidos físicos e técnicos doutras actividades físico-deportivas individuais na proposta de tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas individuais.
  - CA3.3. Tivéronse en conta os criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño das progresións das actividades, respectando a dinámica dos esforzos e o ritmo de aprendizaxe individual.
  - CA3.4. Deseñáronse adaptacións das tarefas motrices específicas en función das características das persoas participantes.
  - CA3.5. Aplicáronse criterios de eficacia e seguridade na proposta de uso dos espazos, os equipamentos e os materiais ao longo da sesión.
  - CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
  - CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as posibles continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
  - CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento doutras actividades físico-deportivas individuais, e propuxéronse as medidas necesarias de seguridade e prevención de riscos.
- RA4. Dirixe e dinamiza sesións doutras actividades físico-deportivas individuais, adaptándoas á actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información inicial e final pertinente, tratando de motivar cara á participación noutras actividades físico-deportivas individuais.
  - CA4.2. Explicóuselles ás persoas participantes a realización das tarefas motrices propostas, resaltando os seus aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
  - CA4.3. Adaptáronse os niveis de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
  - CA4.4. Demostráronse as accións motrices específicas das modalidades físico-deportivas individuais, coa calidade suficiente para posibilitar a un/unha suposto/a aprendiz a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.
  - CA4.5. Corrixíronse os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
  - CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas, e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.
  - CA4.7. Definíronse os criterios que permitan a organización e o control de competicións non oficiais doutras actividades físico-deportivas individuais.
  - CA4.8. Controlouse o uso do material e resituáronse os equipamentos, en caso necesario, deixando a instalación en perfecto estado para o seu uso.
- RA5. Avalía outras actividades físico-deportivas individuais, analizando os indicadores que permiten a súa optimización en procesos recreativos e de ensinanza.

- CA5.1. Determináronse os aspectos técnicos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe das actividades físico-deportivas individuais.
- CA5.2. Delimitáronse os aspectos físicos significativos na avaliación das actividades físico-deportivas individuais.
- CA5.3. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas nas actividades físico-deportivas individuais, en función dos obxectivos formulados.
- CA5.4. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar os aspectos cuantitativos nas actividades físico-deportivas individuais, en función dos obxectivos formulados.
- CA5.5. Deseñáronse ferramentas que acheguen datos sobre a consecución de obxectivos e sobre o nivel de satisfacción das persoas participantes, para a avaliación do proceso metodolóxico.
- CA5.6. Elaboráronse propostas de mellora a partir da análise da información e das conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

#### 1.6.4.2 Contidos básicos

##### BC1. Análise doutras actividades físico-deportivas individuais

- Outros deportes individuais na animación deportiva. Clasificacións. Aspectos físicos, técnicos e tácticos. Nomenclatura específica.
- Habilidades e destrezas básicas e específicas con aplicación nos deportes individuais. Transferencias e interferencias nas aprendizaxes.
- Criterios para a manipulación de variables noutros deportes individuais desde unha perspectiva recreativa.

##### BC2. Organización dos recursos implicados nos programas doutras actividades físico-deportivas individuais

- Instalacións para a práctica doutras actividades físico-deportivas individuais. Tipos e características das instalacións. Barreiras arquitectónicas e adaptación das instalacións.
- Criterios e normas de uso das instalacións deportivas en condicións de máxima seguridade. Trato e a comunicación coas persoas usuarias. Resolución de conflitos.
- Recursos humanos noutras actividades físico-deportivas individuais. Responsabilidades. Aspectos de seguridade da súa competencia relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións doutros deportes individuais. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas. Procedementos operativos máis comúns.
- Supervisión e mantemento de materiais utilizados noutras actividades físico-deportivas individuais. Inventario e condicións de almacenamento.
- Criterios básicos de seguridade aplicables noutras actividades físico-deportivas individuais. Indumentaria e accesorios noutras actividades físico-deportivas individuais. Medidas de autoprotección.
- Materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares para o desenvolvemento doutras actividades físico-deportivas individuais.

### BC3. Deseño de sesións de iniciación a outras actividades físico-deportivas individuais

- Estrutura da sesión doutras actividades físico-deportivas individuais.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes. Concepcións lúdica e competitiva.
- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.
- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensino e aprendizaxe doutras actividades físico-deportivas individuais. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Contextos das actividades físico-deportivas individuais: escolas, cursos, actividades extraescolares e campamentos.
- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes nos deportes individuais.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións de actividades físico-deportivas individuais.
- Técnicas de control e de uso eficiente do espazo e dos materiais. Adaptación das técnicas e os materiais ao contorno non competitivo.

### BC4. Dirección e dinamización de sesións doutras actividades físico-deportivas individuais

- Técnicas de intervención na dirección de sesións doutras actividades físico-deportivas individuais. Explicación e demostración das tarefas e os elementos técnicos. Dinamización e control da actividade.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos doutras actividades físico-deportivas individuais.
- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica doutras actividades físico-deportivas individuais.

### BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe doutras actividades físico-deportivas individuais

- Situacións de avaliación das aprendizaxes doutras actividades físico-deportivas individuais. Tarefas de avaliación dos aspectos cualitativos dos xestos técnicos. Tarefas de avaliación dos aspectos cuantitativos doutras actividades físico-deportivas individuais.
- Medios audiovisuais e informáticos no proceso avaliador doutras actividades físico-deportivas individuais. Fichas de observación dos xestos técnicos en deportes individuais. Criterios para a súa elaboración e o seu uso. Vídeos.
- Cadros de rexistro de asistencia e satisfacción das persoas usuarias.

## 1.6.5 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado poida desempeñar as funcións de programar, organizar, deseñar, dirixir e avaliar actividades físico-deportivas individuais relacionadas con todos os colectivos, e de previr e rescatar persoas no medio acuático.

A concreción das funcións de programar, organizar, deseñar e dirixir abrangue aspectos

relacionados con:

- Coñecemento das características das persoas usuarias, o contexto de intervención e as posibilidades de adaptación das condicións de práctica.
- Definición e secuenciación das intervencións educativas.
- Programación da intervención e a avaliación.
- Organización dos recursos materiais e das instalacións.
- Definición e elaboración de memorias, informes, protocolos, etc.

A función de avaliación abrangue aspectos relacionados co deseño da valoración da intervención, aplicando criterios de calidade á intervención.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvolveranse na atención a todos os tipos de colectivos, desde un enfoque de iniciación deportiva en contextos de práctica de actividades físico-deportivas individuais, cunha perspectiva lúdico-recreativa.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais f), g), i), j), m), ñ), o) e p) de ciclo formativo, e as competencias d), e), g), h), k), m), n) e ñ).

A formulación deste módulo, que agrupa as actividades físico-deportivas individuais, responde aos trazos que comparten, dado que se basean en habilidades nas que prima o compoñente técnico. Iso permite ofrecer formación común para a adquisición das competencias necesarias para o exercicio profesional en moitas das fases de ensinanza, tanto da natación, como do atletismo e doutras actividades físico-deportivas individuais, abordando tanto a dimensión do saber, como a do saber facer e a de saber estar das devanditas competencias.

Resulta imprescindible que o alumnado adquira o dominio das estratexias didácticas adecuadas para facilitar as aprendizaxes das actividades físico-deportivas individuais en diferentes tipos de persoas usuarias. Dentro desas estratexias didácticas faise necesario un certo nivel na execución dos xestos técnicos das actividades que se inclúen.

As actividades de aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Elaboración de programas de iniciación ás actividades físico-deportivas individuais e de salvamento no medio acuático.
- Deseño de exercicios e a súa aplicación a diferentes colectivos en diversos contextos.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe dentro deste módulo e que facilitarán os resultados de aprendizaxe propostos están relacionadas con:

- Simulación de condicións de práctica.
- Visitas a institucións e colaboracións con elas.
- Intervencións prácticas en contextos reais.

Este módulo profesional interactúa coas aprendizaxes adquiridas nos módulos de Metodoloxía da ensinanza das actividades físico-deportivas, Actividades físico-deportivas para a inclusión, e Valoración da condición física e intervención en accidentes, polo que se fai imprescindible a coordinación co profesorado que imparte as ensinanzas dos devanditos módulos profesionais. Así mesmo, considérase que este módulo profesional se desenvolve durante o primeiro período deste ciclo.



## 1.7 Módulo profesional: Actividades físico-deportivas de equipo

- Equivalencia en créditos ECTS: 9.
- Código: MP1140.
- Duración: 140 horas.

### 1.7.1 Unidade formativa 1: Voleibol

- Código: MP1140\_13.
- Duración: 35 horas.

#### 1.7.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza as actividades de voleibol tendo en conta as variables manipulables para a elaboración de propostas didácticas cun enfoque recreativo.
  - CA1.1. Comparáronse os criterios de agrupación das clasificacións de actividades físico-deportivas de equipo.
  - CA1.2. Cuantificouse o peso dos compoñentes físico, técnico e táctico do voleibol.
  - CA1.3. Relacionáronse as habilidades e as destrezas motrices básicas coas habilidades técnicas específicas do voleibol.
  - CA1.4. Analizáronse os compoñentes estruturais e funcionais do voleibol.
  - CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica do voleibol adaptándoas ao nivel de execución das persoas usuarias.
  - CA1.6. Analizáronse as características das instalacións propias do voleibol.
  - CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza do voleibol.
- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas de ensinanza do voleibol, definindo criterios de seguridade, versatilidade e eficacia.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento do voleibol, procurando a máxima participación e en condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Definíronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espazo no voleibol.
  - CA2.3. Adaptáronse os espazos de xogo de xeito que faciliten a aprendizaxe, a recreación e a participación no voleibol.
  - CA2.4. Proporcionáronse recursos para o control permanente do estado do material, os equipamentos e as instalacións no voleibol.
  - CA2.5. Determináronse recursos informáticos, bibliográficos e audiovisuais de apoio e consulta no voleibol.
  - CA2.6. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben achegar as persoas participantes, para garantir a súa idoneidade no voleibol.
  - CA2.7. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade.

- CA2.8. Comprobase o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade na ensinanza do voleibol.
- RA3. Deseña sesións de ensinanza do voleibol relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia.
  - CA3.1. Identificáronse as fases dunha sesión de voleibol.
  - CA3.2. Definíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía da sesión de voleibol, de acordo coa programación xeral.
  - CA3.3. Integráronse os contidos físicos, técnicos e táctico-estratéxicos na secuencia de tarefas de ensinanza do voleibol.
  - CA3.4. Seguíronse criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño das progresións das actividades, respectando a dinámica dos esforzos e o ritmo de aprendizaxe individual.
  - CA3.5. Deseñáronse adaptacións nas tarefas de ensinanza do voleibol, en función dos perfís das persoas participantes e dos obxectivos da sesión.
  - CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
  - CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
  - CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento das actividades de voleibol, e propuxéronse as medidas de seguridade e prevención para as poder evitar.
- RA4. Dirixe e dinamiza sesións de voleibol, adaptándoas á dinámica da actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información inicial e final da sesión orientada á motivación cara á participación nas actividades de voleibol.
  - CA4.2. Explicouse a realización das tarefas, resaltando os aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
  - CA4.3. Demostráronse as habilidades motrices específicas do voleibol coa calidade suficiente para lle posibilitar ao alumnado a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.
  - CA4.4. Adaptáronse os niveis de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
  - CA4.5. Corrixíronse os erros detectados na execución das actividades de voleibol, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
  - CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica do voleibol que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas, e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.
  - CA4.7. Controlouse o uso dos materiais e dos equipamentos, e resolvéronse as continxencias xurdidas.
  - CA4.8. Definíronse os criterios que permitan a organización e o control das competicións de voleibol.
- RA5. Avalía o programa de ensinanza do voleibol, analizando os indicadores que permiten a súa optimización.

- CA5.1. Establecéronse os niveis de aprendizaxe técnica, táctica e estratéxica do voleibol.
- CA5.2. Determináronse os aspectos técnicos e os táctico-estratéxicos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe do voleibol, en cada nivel de aprendizaxe.
- CA5.3. Establecéronse os aspectos dos fundamentos técnicos que son significativos na avaliación da aprendizaxe do voleibol, en cada nivel de aprendizaxe.
- CA5.4. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas e táctico-estratéxicas do voleibol, en función dos obxectivos formulados.
- CA5.5. Utilizáronse soportes audiovisuais e informáticos para realizar a análise das decisións e das execucións observadas na práctica do voleibol.
- CA5.6. Deseñáronse ferramentas para a avaliación do proceso metodolóxico, seguindo criterios de máxima participación e satisfacción das persoas participantes en actividades de voleibol.
- CA5.7. Elaboráronse propostas de mellora a partir da información e das conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### 1.7.1.2 Contidos básicos

#### BC1. Análise do voleibol

- O voleibol dentro da animación deportiva.
- Criterios de clasificación das actividades de voleibol. Aspectos físicos, técnicos e tácticos. Implicacións para propostas didácticas e recreativas
- O voleibol dentro do deporte para todas as persoas.
- Voleibol: actividade físico-deportiva de equipo de campo dividido. Aspectos estruturais e funcionais. Pensamento estratéxico e procura de solucións técnico-tácticas.
- Criterios de manipulación das variables do voleibol desde unha perspectiva recreativa.
- Tipos, características, requisitos de seguridade e marxe de manipulación didáctica das instalacións e dos equipamentos para a práctica do voleibol.
- Instalacións e equipamentos para a práctica do voleibol: tipos, características, requisitos de seguridade e marxe de manipulación didáctica.

#### BC2. Organización dos recursos para a ensinanza do voleibol

- Criterios para a optimización do uso das instalacións deportivas de voleibol, en condicións de máxima seguridade.
- Organización dos tempos de práctica e dos espazos no voleibol.
- Material específico do voleibol: descrición e características.
- Mantemento do material. Inventario. Localización dos materiais. Condicións de almacenamento. Supervisión de materiais utilizados no voleibol.
- Fichas para o rexistro de incidencias nas instalacións e nos equipamentos de voleibol.
- Fontes de información para a selección e a análise dos recursos de apoio e consulta.
- Indumentaria para a práctica do voleibol.

- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións de actividades físico-deportivas do voleibol. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas nas devanditas instalacións. Coordinación con diferentes profesionais. Normativa de referencia.
- Responsabilidades do persoal técnico animador: aspectos de seguridade da súa competencia, relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.

### BC3. Deseño de sesións de iniciación de voleibol

- Estrutura da sesión de voleibol.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes.
- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.
- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensino e aprendizaxe do voleibol. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Dificultade das tarefas. Factores de dificultade: espazo, número de estímulos, velocidade de execución e grao de oposición.
- Principios estratéxicos do voleibol como liña de dirección da ensinanza. Papel dos fundamentos técnicos no desenvolvemento táctico-estratéxico do xogo colectivo.
- Fundamentos técnicos do voleibol. Aspectos clave na prevención de lesións. Marxes de adaptación aos perfís das persoas participantes.
- Fórmulas de integración da ensinanza de fundamentos técnicos en tarefas globais.
- Progresión metodolóxica na ensinanza do voleibol. Estratexias na práctica.
- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes nas actividades de voleibol.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións de voleibol. Posición das persoas participantes e distancias entre elas, traxectorias dos móbiles, movementos dos/das xogadores/as, etc.

### BC4. Dirección e dinamización de sesións de iniciación ao voleibol

- Iniciación ao voleibol. Actividades para a familiarización co material, os equipamentos e a instalación.
- Fundamentos tácticos do voleibol. Ensino e aprendizaxe dos principios tácticos a través do xogo. Progresión na dificultade das situacións tácticas.
- Fundamentos técnicos individuais e colectivos de ataque e defensa no voleibol. Erros máis frecuentes e posibles causas.
- Aplicación dos fundamentos técnicos á situación de xogo. 1x0, 1+1, 1x1 e 2+2. Organización colectiva do ataque e da defensa, 2x2 e 3x3. Situacións de superioridade, sistemas básicos de recepción, sistemas básicos de ataque e sistemas básicos de defensa.
- Xogo modificado. Aproveitamento lúdico de actividades físico-deportivas de equipo con base no voleibol.
- Técnicas de intervención na dirección de sesións de voleibol. Explicación e demostración de tarefas e fundamentos técnicos. Control e dinamización do voleibol.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos de voleibol.

- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica do voleibol.

#### BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe do voleibol

- Avaliación do nivel táctico-estratéxico do/da xogador/a nas actividades de voleibol.
- Avaliación do nivel técnico do/da xogador/a de voleibol.
- Situacións de avaliación nas actividades de voleibol.
- Medios audiovisuais no proceso avaliador do voleibol.
- Fichas de observación e rexistro nas actividades de voleibol. Criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Escalas descritivas e cadros semiabertos de observación da aprendizaxe táctica no voleibol.

### 1.7.2 Unidade formativa 2: Baloncesto

- Código: MP1140\_23.
- Duración: 35 horas

#### 1.7.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza as actividades de baloncesto tendo en conta as variables manipulables para a elaboración de propostas didácticas cun enfoque recreativo.
  - CA1.1. Comparáronse os criterios de agrupación das clasificacións de actividades físico-deportivas de equipo.
  - CA1.2. Cuantificouse o peso dos compoñentes físico, técnico e táctico do baloncesto.
  - CA1.3. Relaciónáronse as habilidades e as destrezas motrices básicas coas habilidades técnicas específicas do baloncesto.
  - CA1.4. Analizáronse os compoñentes estruturais e funcionais do baloncesto.
  - CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica do baloncesto, adaptándoas ao nivel de execución das persoas usuarias.
  - CA1.6. Analizáronse as características das instalacións propias do baloncesto.
  - CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza do baloncesto.
- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas de ensinanza do baloncesto, definindo criterios de seguridade, versatilidade e eficacia.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento do baloncesto, procurando a máxima participación e en condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Definíronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espazo no baloncesto.
  - CA2.3. Adaptáronse os espazos de xogo de xeito que faciliten a aprendizaxe, a recreación e a participación no baloncesto.
  - CA2.4. Proporcionáronse recursos para o control permanente do estado do material, os equipamentos e as instalacións no baloncesto.

- CA2.5. Determináronse recursos informáticos, bibliográficos e audiovisuais de apoio e consulta no baloncesto.
- CA2.6. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben chegar as persoas participantes, para garantir a súa idoneidade no baloncesto.
- CA2.7. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade.
- CA2.8. Comprobase o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade na ensinanza do baloncesto.
- RA3. Deseña sesións de ensinanza do baloncesto, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia.
  - CA3.1. Identificáronse as fases dunha sesión de baloncesto.
  - CA3.2. Definíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía da sesión de baloncesto, de acordo coa programación xeral.
  - CA3.3. Integráronse os contidos físicos, técnicos e táctico-estratéxicos na secuencia de tarefas de ensinanza do baloncesto.
  - CA3.4. Seguíronse criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño das progresións das actividades, respectando a dinámica dos esforzos e o ritmo de aprendizaxe individual.
  - CA3.5. Deseñáronse adaptacións nas tarefas de ensinanza do baloncesto, en función dos perfís das persoas participantes e dos obxectivos da sesión.
  - CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
  - CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
  - CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento das actividades de baloncesto, e propuxéronse as medidas de seguridade e prevención para as poder evitar.
- RA4. Dirixe e dinamiza sesións de baloncesto, adaptándoas á dinámica da actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información inicial e final da sesión orientada á motivación cara á participación nas actividades de baloncesto.
  - CA4.2. Explicouse a realización das tarefas, resaltando os aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
  - CA4.3. Demostráronse as habilidades motrices específicas do baloncesto coa calidade suficiente para lle posibilitar ao alumnado a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.
  - CA4.4. Adaptáronse os niveis de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
  - CA4.5. Corrixíronse os erros detectados na execución das actividades de baloncesto, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
  - CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica do baloncesto que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas, e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.

- CA4.7. Controlouse o uso dos materiais e dos equipamentos, e resolvéronse as continxencias xurdidas.
- CA4.8. Definíronse os criterios que permitan a organización e o control das competicións de baloncesto.
- RA5. Avalía o programa de ensinanza do baloncesto, analizando os indicadores que permiten a súa optimización.
  - CA5.1. Establecéronse os niveis de aprendizaxe técnica, táctica e estratéxica do baloncesto.
  - CA5.2. Determináronse os aspectos técnicos e os táctico-estratéxicos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe do baloncesto, en cada nivel de aprendizaxe.
  - CA5.3. Establecéronse os aspectos dos fundamentos técnicos que son significativos na avaliación da aprendizaxe do baloncesto, en cada nivel de aprendizaxe.
  - CA5.4. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas e táctico-estratéxicas do baloncesto, en función dos obxectivos formulados.
  - CA5.5. Utilizáronse soportes audiovisuais e informáticos para realizar a análise das decisións e das execucións observadas na práctica do baloncesto.
  - CA5.6. Deseñáronse ferramentas para a avaliación do proceso metodolóxico, seguindo criterios de máxima participación e satisfacción das persoas participantes en actividades de baloncesto.
  - CA5.7. Elaboráronse propostas de mellora a partir da información e das conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### 1.7.2.2 Contidos básicos

#### BC1. Análise do baloncesto

- O baloncesto dentro da animación deportiva.
- Criterios de clasificación das actividades de baloncesto. Aspectos físicos, técnicos e tácticos. Implicacións para propostas didácticas e recreativas
- O baloncesto dentro do deporte para todas as persoas.
- Baloncesto, actividade físico-deportiva de equipo de invasión. Aspectos estruturais e funcionais. Pensamento estratéxico e procura de solucións técnico-tácticas.
- Criterios de manipulación das variables do baloncesto desde unha perspectiva recreativa.
- Instalacións e equipamentos para a práctica do baloncesto: tipos, características, requisitos de seguridade e marxe de manipulación didáctica.

#### BC2. Organización dos recursos para a ensinanza do baloncesto

- Criterios para a optimización do uso das instalacións deportivas de baloncesto, en condicións de máxima seguridade.
- Organización dos tempos de práctica e dos espazos no baloncesto.
- Material específico do baloncesto: descrición e características.
- Mantemento do material. Inventario. Localización dos materiais. Condicións de almacenamento. Supervisión de materiais utilizados no baloncesto.

- Fichas para o rexistro de incidencias nas instalacións e nos equipamentos de baloncesto.
- Fontes de información para a selección e a análise dos recursos de apoio e consulta.
- Indumentaria para a práctica do baloncesto.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións de actividades físico-deportivas do baloncesto. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas nas devanditas instalacións. Coordinación con diferentes profesionais. Normativa de referencia.
- Responsabilidades do persoal técnico animador: aspectos de seguridade da súa competencia, relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.

### BC3. Deseño de sesións de iniciación de baloncesto

- Estrutura da sesión de baloncesto.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes.
- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.
- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensino e aprendizaxe do baloncesto. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Dificultade das tarefas. Factores de dificultade: espazo, número de estímulos, velocidade de execución e grao de oposición.
- Principios estratéxicos do baloncesto como liña de dirección da ensinanza. Papel dos fundamentos técnicos no desenvolvemento táctico-estratéxico do xogo colectivo.
- Fundamentos técnicos do baloncesto. Aspectos clave na prevención de lesións. Marxes de adaptación aos perfís das persoas participantes.
- Fórmulas de integración da ensinanza de fundamentos técnicos en tarefas globais.
- Progresión metodolóxica na ensinanza do baloncesto. Estratexias na práctica.
- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes nas actividades de baloncesto.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións de baloncesto. Posición das persoas participantes e distancias entre elas, traxectorias dos móbiles, movementos dos/das xogadores/as, etc.

### BC4. Dirección e dinamización de sesións de iniciación ao baloncesto

- Iniciación ao baloncesto. Actividades para a familiarización co material, os equipamentos e a instalación.
- Fundamentos tácticos do baloncesto. Ensino e aprendizaxe dos principios tácticos a través do xogo. Progresión na dificultade das situacións tácticas.
- Fundamentos técnicos individuais e colectivos de ataque e defensa no baloncesto. Erros máis frecuentes e posibles causas.
- Aplicación dos fundamentos técnicos á situación de xogo. 1x0, 1x1. Organización colectiva do ataque e da defensa, 2x2 e 3x3. Situacións de superioridade numérica. Contraataque. Balance defensivo: sistemas básicos de ataque e de defensa.



- Xogo modificado. Aproveitamento lúdico de actividades físico-deportivas de equipo con base no baloncesto.
- Técnicas de intervención na dirección de sesións de baloncesto. Explicación e demostración de tarefas e fundamentos técnicos. Control e dinamización do baloncesto.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos de baloncesto.
- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica do baloncesto.

#### BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe do baloncesto

- Avaliación do nivel táctico-estratéxico do/da xogador/a nas actividades de baloncesto.
- Avaliación do nivel técnico do/da xogador/a de baloncesto.
- Situacións de avaliación nas actividades de baloncesto.
- Medios audiovisuais no proceso avaliador do baloncesto.
- Fichas de observación e rexistro nas actividades de baloncesto. Criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Escalas descritivas e cadros semiabertos de observación da aprendizaxe táctica no baloncesto.

### 1.7.3 Unidade formativa 3: Outras actividades físico-deportivas de equipo de invasión

- Código: MP1140\_33.
- Duración: 70 horas

#### 1.7.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza outras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, tendo en conta as variables manipulables para a elaboración de propostas didácticas cun enfoque recreativo.
  - CA1.1. Comparáronse os criterios de agrupación das clasificacións doutras actividades físico-deportivas de equipo.
  - CA1.2. Cuantificouse o peso dos compoñentes físico, técnico e táctico noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA1.3. Relacionáronse as habilidades e as destrezas motrices básicas coas habilidades técnicas específicas doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA1.4. Analizáronse os compoñentes estruturais e funcionais doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, adaptándoas ao nivel de execución das persoas usuarias.
  - CA1.6. Analizáronse as características das instalacións propias doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.

- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas de ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, definindo criterios de seguridade, versatilidade e eficacia.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, procurando a máxima participación e en condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Definíronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espazo noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA2.3. Adaptáronse os espazos de xogo de xeito que faciliten a aprendizaxe, a recreación e a participación noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA2.4. Proporcionáronse recursos para o control permanente do estado do material, os equipamentos e as instalacións noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA2.5. Determináronse recursos informáticos, bibliográficos e audiovisuais de apoio e consulta noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA2.6. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben achegar as persoas participantes, para garantir a súa idoneidade noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA2.7. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade.
  - CA2.8. Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade na ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- RA3. Deseña sesións de ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia.
  - CA3.1. Identificáronse as fases dunha sesión doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA3.2. Definíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía da sesión doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, de acordo coa programación xeral.
  - CA3.3. Integráronse os contidos físicos, técnicos e táctico-estratéxicos na secuencia de tarefas de ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA3.4. Seguíronse criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño das progresións das actividades, respectando a dinámica dos esforzos e o ritmo de aprendizaxe individual.
  - CA3.5. Deseñáronse adaptacións nas tarefas de ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, en función dos perfís das persoas participantes e dos obxectivos da sesión.
  - CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
  - CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
  - CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, e propuxéronse as medidas de seguridade e prevención para as poder evitar.

- RA4. Dirixe e dinamiza sesións doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, adaptándoas á dinámica da actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información inicial e final da sesión orientada á motivación cara á participación noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA4.2. Explicouse a realización das tarefas, resaltando os aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
  - CA4.3. Demostráronse as habilidades motrices específicas doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión coa calidade suficiente para lle posibilitar ao alumnado a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.
  - CA4.4. Adaptáronse os niveis de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
  - CA4.5. Corrixíronse os erros detectados na execución doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
  - CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas, e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.
  - CA4.7. Controlouse o uso dos materiais e dos equipamentos, e resolvéronse as continxencias xurdidas.
  - CA4.8. Defíníronse os criterios que permitan a organización e o control das competicións multideportivas doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- RA5. Avalía o programa de ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, analizando os indicadores que permiten a súa optimización.
  - CA5.1. Establecéronse os niveis de aprendizaxe técnica, táctica e estratéxica doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA5.2. Determináronse os aspectos técnicos e os táctico-estratéxicos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, en cada nivel de aprendizaxe.
  - CA5.3. Establecéronse os aspectos dos fundamentos técnicos que son significativos na avaliación da aprendizaxe doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, en cada nivel de aprendizaxe.
  - CA5.4. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas e táctico-estratéxicas noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión, en función dos obxectivos formulados.
  - CA5.5. Utilizáronse soportes audiovisuais e informáticos para realizar a análise das decisións e das execucións observadas na práctica doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA5.6. Deseñáronse ferramentas para a avaliación do proceso metodolóxico, seguindo criterios de máxima participación e satisfacción das persoas participantes noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
  - CA5.7. Elaboráronse propostas de mellora a partir da información e das conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### 1.7.3.2 Contidos básicos

#### BC1. Análise doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión

- Outras actividades físico-deportivas de equipo dentro da animación deportiva.
- Criterios de clasificación das actividades físico-deportivas de equipo. Aspectos físicos, técnicos e tácticos. Implicacións para propostas didácticas e recreativas.
- Outras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Aspectos estruturais e funcionais. Pensamento estratéxico e procura de solucións técnico-tácticas.
- Criterios de manipulación de variables noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión desde unha perspectiva recreativa.
- Outros deportes de equipo de invasión dentro do deporte para todas as persoas.
- Instalacións e equipamentos para a práctica doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión: tipos, características, requisitos de seguridade e marxe de manipulación didáctica.

#### BC2. Organización dos recursos para a ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión

- Criterios para a optimización do uso das instalacións deportivas doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión en condicións de máxima seguridade.
- Organización dos tempos de práctica e dos espazos noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Material específico noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Descrición e características.
- Mantemento do material. Inventario. Localización dos materiais. Condicións de almacenamento. Supervisión de materiais utilizados noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Fichas para o rexistro de incidencias nas instalacións e nos equipamentos doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Fontes de información para a selección e a análise dos recursos de apoio e consulta.
- Indumentaria para a práctica doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas nas devanditas instalacións. Coordinación con diferentes profesionais. Normativa de referencia.
- Responsabilidades do persoal técnico animador: aspectos de seguridade da súa competencia, relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.

#### BC3. Deseño de sesións de iniciación doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión

- Estrutura da sesión doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes.
- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.

- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensinanza e aprendizaxe doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Dificultade das tarefas. Factores de dificultade: espazo, número de estímulos, velocidade de execución e grao de oposición.
- Principios estratéxicos doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión como liña de dirección da ensinanza. Papel dos fundamentos técnicos no desenvolvemento táctico-estratéxico do xogo colectivo.
- Fundamentos técnicos doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Aspectos clave na prevención de lesións. Marxes de adaptación aos perfís das persoas participantes.
- Fórmulas de integración da ensinanza de fundamentos técnicos en tarefas globais.
- Progresión metodolóxica na ensinanza doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Estratexias na práctica.
- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Posición das persoas participantes e distancias entre elas, traxectorias dos móbiles, movementos dos/das xogadores/as, etc.

#### BC4. Dirección e dinamización de sesións de iniciación a outras actividades físico-deportivas de equipo de invasión

- Iniciación a outras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Actividades para a familiarización co material, os equipamentos e a instalación.
- Fundamentos tácticos doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Ensinanza e aprendizaxe dos principios tácticos a través do xogo. Progresión na dificultade das situacións tácticas.
- Fundamentos técnicos individuais e colectivos de ataque e defensa doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Erros máis frecuentes e posibles causas.
- Aplicación dos fundamentos técnicos á situación de xogo: 1x0, 1+1, 1x1, 2+2. Organización colectiva do ataque e da defensa, 2x2, 3x3 ou outras. Sistemas de superioridade, sistemas básicos de ataque e sistemas básicos de defensa.
- Xogo modificado. Aproveitamento lúdico doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Técnicas de intervención na dirección de sesións doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Explicación e demostración de tarefas e fundamentos técnicos. Control e dinamización doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.

## BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión

- Avaliación do nivel táctico-estratéxico do/da xogador/a noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Avaliación do nivel técnico do/da xogador/a noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Situacións de avaliación noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Medios audiovisuais no proceso avaliador doutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.
- Fichas de observación e rexistro noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión. Criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Escalas descritivas e cadros semiabertos de observación da aprendizaxe táctica noutras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.

### 1.7.4 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado poida chegar a desempeñar as funcións de deseñar, executar e avaliar as sesións de actividades físico-deportivas de equipo para diferentes colectivos.

A concreción destas funcións abrangue aspectos relacionados con:

- Determinación de obxectivos, de procedementos de avaliación e de medidas de seguridade.
- Organización de recursos.
- Deseño, dirección e dinamización de tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas de equipo.
- Avaliación e proposta de melloras de todo o proceso.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse en procesos de ensinanza e de animación deportiva no tempo libre, tanto en contextos de oferta socio-deportiva promovida por entidades públicas e privadas, como en contextos de intervención social específica con determinados sectores da poboación.

O módulo de metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas permitirá, así mesmo, elaborar programas de ensinanza de actividades físico-deportivas de equipo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais f), g), i), j), m), ñ) e o) do ciclo formativo, e as competencias d), e), g), h), k), m) e n).

A formulación deste módulo, que agrupa as actividades físico-deportivas de equipo, responde aos trazos estruturais e funcionais que comparten. Iso permite ofrecer formación común para a adquisición das competencias necesarias para o exercicio profesional en moitas das fases da ensinanza, tanto do baloncesto e do voleibol como de calquera outra actividade físico-deportiva de equipo. Na formación formulada abórdase tanto a dimensión do saber, como a do saber facer e a de saber estar das devanditas competencias.

Este módulo concíbese dun xeito aberto para facilitar a programación, tendo en conta tanto os intereses e as necesidades do alumnado como as instalacións e o material dispoñible en cada centro educativo.

Resulta imprescindible que o alumnado adquiera o dominio das estratexias didácticas adecuadas para axudar nas aprendizaxes das actividades físico-deportivas de equipo a diferentes tipos de persoas usuarias. Dentro desas estratexias didácticas necesítase un certo

nivel na execución dos xestos técnicos das actividades que se inclúen.

Por todo iso faise preciso combinar acertadamente as estratexias metodolóxicas na práctica. Para iso proponse:

- Ofrecerlle ao alumnado, nas situacións de ensinanza, un coñecemento profundo das instalacións, que lle permita transformar os espazos para permitir a máxima participación e lle ofrezca múltiples posibilidades de uso dos materiais específicos das actividades físico-deportivas de equipo e doutros materiais non específicos.
- Formular situacións de aprendizaxe globais e lúdicas baseadas na procura de solucións a problemas táctico-estratéxicos formulados no propio xogo, que poidan servir de referencia ao alumnado no deseño de tarefas.
- Analizar co alumnado as medidas de prevención en todas as situacións de ensinanza en que se desenvolvan actividades prácticas, sobre todo en canto á ocupación do espazo.
- Utilizar fichas de observación sistemática para analizar as decisións tácticas do alumnado e os xestos técnicos, aproveitar o seu uso para que o alumnado elabore novas fichas e as utilice na ensinanza recíproca e como instrumento de coavaliación, dándolle á observación o protagonismo necesario para conseguir a maior asimilación dos contidos táctico-estratéxicos e técnicos por parte do alumnado.
- Variar os agrupamentos durante as prácticas, incentivando as rotacións e os cambios de parellas, de grupo, etc., desta forma se estimule a permanente observación, así como a variedade nas respostas tácticas que se producen no xogo, enriquecendo os procesos de asimilación do alumnado.
- Servirse da gravación como ferramenta para proporcionar ao alumnado información exacta da súa execución. A dificultade para facerse unha representación mental precisa do movemento realizado nas fases de iniciación fai desta ferramenta un recurso didáctico imprescindible na ensinanza dos deportes de equipo, xa que axuda a reducir a distancia entre o modelo pretendido e a súa execución real. Tamén é unha ferramenta útil na avaliación.

Este módulo profesional interactúa especialmente coas aprendizaxes adquiridas nos seguintes módulos profesionais: Planificación da animación sociodeportiva, Dinamización grupal, Metodoloxía da ensinanza das actividades físico-deportivas, e Valoración da condición física e intervención en accidentes. Por iso, faise imprescindible a coordinación co profesorado que imparte as ensinanzas dos devanditos módulos profesionais. Así mesmo, considérase adecuado que este módulo profesional se desenvolva durante o segundo curso deste ciclo.

## 1.8 Módulo profesional: Actividades físico-deportivas de implementos

- Equivalencia en créditos ECTS: 9.
- Código: MP1141.
- Duración: 160 horas.

### 1.8.1 Unidade formativa 1: Actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa

- Código: MP1141\_13.
- Duración: 60 horas.

#### 1.8.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Y Analiza as actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas.
  - CA1.1. Comparáronse os criterios de agrupación das clasificacións de actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa.
  - CA1.2. Cuantificouse o compoñente físico, o técnico e o táctico nas actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa.
  - CA1.3. Relacionáronse as habilidades técnicas específicas das actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa coas habilidades e as destrezas motrices básicas.
  - CA1.4. Analizáronse os compoñentes estruturais e funcionais das actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa.
  - CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica das actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa, adaptándoas ao nivel de execución das persoas participantes.
  - CA1.6. Analizáronse as características e as condicións óptimas de seguridade das instalacións e dos equipamentos específicos das actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa.
  - CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza das actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa.
- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa, procurando a máxima participación e en condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Definíronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espacio nas actividades físico-deportivas de implementos de espacio dividido e participación alternativa.



- CA2.3. Adaptáronse os espazos de xogo de xeito que faciliten a aprendizaxe, a recreación e a participación.
- CA2.4. Deseñáronse ferramentas para o control permanente do estado do material, os equipamentos e as instalacións.
- CA2.5. Utilizáronse os recursos de apoio e consulta (informáticos, bibliográficos, audiovisuais, etc.).
- CA2.6. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben chegar as persoas participantes para garantir a súa idoneidade coa actividade físico-deportiva de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- CA2.7. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade na ensinanza de actividades físico-deportivas de espazo dividido e participación alternativa.
- CA2.8. Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade na ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- RA3. Deseña sesións de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia.
  - CA3.1. Identificáronse as fases dunha sesión de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa, e asimiláronse as características de cada unha.
  - CA3.2. Describíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía da sesión, a partir da programación xeral.
  - CA3.3. Integráronse os contidos técnicos e os táctico-estratéxicos na secuencia de tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
  - CA3.4. Tivéronse en conta criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño de progresións das actividades e o ritmo de aprendizaxe individual.
  - CA3.5. Deseñáronse adaptacións nas tarefas motrices específicas, en función das características das persoas participantes.
  - CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
  - CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
  - CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento das actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa, e propuxéronse as medidas necesarias de seguridade e prevención de riscos.
- RA4. Dirixe e dinamiza sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa, adaptándoas á actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información pertinente ao principio e ao final da sesión, tratando de motivar cara á participación nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.

- CA4.2. Explicouse a realización das tarefas motrices propostas, resaltando os seus aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
- CA4.3. Demostráronse as accións motrices específicas das modalidades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa, coa calidade suficiente para lle posibilitar ao alumnado a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.
- CA4.4. Adaptáronse os niveis de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
- CA4.5. Corrixíronse os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
- CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas, e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.
- CA4.7. Controlouse o uso dos materiais e dos equipamentos, e resolvéronse as continxencias xurdidas.
- CA4.8. Definíronse os criterios para a organización e o control das competicións deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- RA5. Avalía o programa de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa, analizando os indicadores que permiten a súa optimización.
  - CA5.1. Determináronse os aspectos técnicos e tácticos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
  - CA5.2. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa, en función dos obxectivos formulados.
  - CA5.3. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes tácticas nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa, en función dos obxectivos formulados.
  - CA5.4. Diseñáronse ferramentas para a avaliación do proceso metodolóxico, seguindo criterios de máxima participación e satisfacción das persoas participantes.
  - CA5.5. Elaboráronse propostas de mellora a partir da análise da información e as conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### 1.8.1.2 Contidos básicos

#### BC1. Análise das actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa na recreación

- Deportes de implementos de espazo dividido e participación alternativa na animación deportiva. Habilidades e destrezas básicas e específicas con aplicación nos deportes de implemento. Transferencias e interferencias nas aprendizaxes. Nomenclatura específica. Representación gráfica nas actividades físico-deportivas de implemento de espazo dividido e participación alternativa.

- Criterios de clasificación dos deportes de implementos de espazo dividido e participación alternativa. Aspectos físicos, técnicos e tácticos. Implicacións didáctico-recreativas.
- Deportes de implemento de espazo dividido e participación alternativa: tenis de mesa, bádminton, tenis e pádel. Aspectos estruturais e funcionais nas modalidades de individuais e dobres. Procura de solucións técnico-tácticas. Pensamento estratéxico nos deportes de implemento de espazo dividido e participación alternativa. Criterios para a manipulación de variables nos deportes de implemento de espazo dividido e participación alternativa, desde unha perspectiva recreativa.
- Tipos, características e requisitos de seguridade das instalacións e dos equipamentos.

#### BC2. Organización dos recursos para a ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa

- Espazos, equipamentos e materiais non convencionais que poden ser adaptados para a aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- Criterios para a optimización do uso das instalacións deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa en condicións de seguridade. Organización dos tempos de práctica e dos espazos.
- Tipos e características de raquetas en tenis de mesa, bádminton, tenis e pádel. Selección en función das características das persoas participantes.
- Utensilios para pequenas reparacións. Selección de grip e colocación de grips e overgrips en raquetas. Reparacións básicas en tenis, bádminton, pádel e tenis de mesa.
- Tipos de pelotas de tenis de mesa, tenis e pádel. Tipos de volantes de bádminton. Criterios para a súa elección.
- A mesa de tenis de mesa: tipos e características básicas. Criterios para a súa elección.
- Outro material auxiliar: carros para bólas de tenis, pádel, redes e postes.
- Mantemento do material, inventario, localización dos materiais e condicións de almacenamento. Supervisión de materiais utilizados en actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- Fichas para o rexistro de incidencias nas instalacións e nos equipamentos.
- Fontes de información para a selección e a análise dos recursos de apoio e consulta.
- Indumentaria para a práctica.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións de tenis de mesa, bádminton, tenis e pádel. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas nas devanditas instalacións. Coordinación con diferentes profesionais. Normativas de referencia.
- Responsabilidades do persoal técnico animador: aspectos de seguridade da súa competencia, relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.

#### BC3. Deseño de sesións de iniciación ás actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa

- Estrutura da sesión de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes.

- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.
- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensino e aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Xogos modificados e situacións reducidas para a ensinanza dos deportes de implemento de espazo dividido e participación alternativa mediante un enfoque comprensivo.
- Habilidades específicas dos deportes de implementos de espazo dividido e participación alternativa. Aspectos clave na prevención de lesións e marxes de adaptación a distintos perfís de persoas participantes. Aplicacións tácticas.
- Progresión metodolóxica na ensinanza das actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa. Estratexias na práctica.
- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes nos deportes de implementos. Gravación como recurso didáctico. Técnicas de gravación. Planos de observación da execución.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- Adaptación das técnicas e os materiais ao contorno non competitivo.

#### BC4. Dirección e dinamización de sesións de iniciación a actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa

- Iniciación ao tenis. Actividades para a familiarización co material, os equipamentos e a instalación. Empuñaduras: tipos, características e aplicación técnico-táctica. Golpes básicos: dereita, revés, revés a dúas mans, servizo ou saque, volea e remate. Fases na execución de cada golpe: aspectos técnicos e tácticos clave. Erros máis frecuentes: posibles causas; exercicios correctores. Xogos e tarefas para o desenvolvemento do pensamento táctico e para a aplicación dos elementos técnicos asociados. Xogo de individuais e de dobres: movementos básicos e tarefas para a ensinanza e a aprendizaxe dos principios tácticos.
- Iniciación ao pádel. Actividades para a familiarización co material, os equipamentos e a instalación. Empuñaduras: características e aplicación. Golpes básicos: dereita, revés, voleas de dereita e revés, globo, bandexa, remate, rebote a unha parede, rebote en dúas paredes, contrapareda, saque e resto. Fases na execución de cada golpe: aspectos clave. Erros máis frecuentes: posibles causas; exercicios correctores. Xogos e tarefas para o desenvolvemento do pensamento táctico e para a aplicación dos elementos técnicos asociados. Movementos básicos e principios tácticos.
- Iniciación ao bádminton e ao tenis de mesa. Elementos técnicos asociados. Movementos básicos e principios tácticos. Golpes básicos. Fases na execución de cada golpe. Aspectos clave. Erros máis frecuentes. Posibles causas. Exercicios correctores. Xogos e tarefas para o desenvolvemento do pensamento táctico e para a aplicación dos elementos técnicos asociados. Movementos básicos e principios tácticos.
- Técnicas de intervención na dirección de sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa. Explicación e demostración das tarefas e os fundamentos técnicos. Control e dinamización da actividade.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.

- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica de actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.

#### BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa

- Avaliación das aprendizaxes en deportes de implementos de espazo dividido e participación alternativa. Criterios que marcan a execución correcta das diferentes accións técnico-tácticas. Criterios que determinan a idoneidade das respostas táctico-estratéxicas. Tarefas de avaliación dos xestos técnicos. Situacións de avaliación das aprendizaxes: globais de xogo real, reducidas e xogos modificados, e illadas para a observación específica dos xestos técnicos. Tarefas de avaliación das aprendizaxes táctico-estratéxicas: situacións globais de xogo real, reducidas e xogos modificados deseñados para estimular ou inhibir a adopción de determinadas respostas tácticas.
- Deseño de tarefas indicadoras de logro na aprendizaxe dos deportes de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- Medios audiovisuais e informáticos no proceso avaliador das actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.
- Fichas de observación dos xestos técnicos en deportes de implementos de espazo dividido e participación alternativa. Criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Fichas de observación e rexistro das respostas tácticas do alumnado: criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Cadros de rexistro de asistencia e satisfacción das persoas participantes.

### 1.8.2 Unidade formativa 2: Actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea

- Código: MP1141\_23.
- Duración: 60 horas.

#### 1.8.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza as actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas.
  - CA1.1. Comparáronse os criterios de agrupación das clasificacións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
  - CA1.2. Cuantificouse o compoñente físico, o técnico e o táctico nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
  - CA1.3. Relacionáronse as habilidades técnicas específicas das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea coas habilidades e as destrezas motrices básicas.
  - CA1.4. Analizáronse os compoñentes estruturais e funcionais das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
  - CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea adaptándoas ao nivel de execución das persoas participantes.

- CA1.6. Analizáronse as características e as condicións óptimas de seguridade das instalacións e dos equipamentos específicos das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea buscando a máxima participación e en condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Definíronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espazo nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
  - CA2.3. Adaptáronse os espazos de xogo de xeito que faciliten a aprendizaxe, a recreación e a participación.
  - CA2.4. Deseñáronse ferramentas para o control permanente do estado do material, os equipamentos e as instalacións.
  - CA2.5. Utilizáronse os recursos de apoio e consulta (informáticos, bibliográficos, audiovisuais, etc.).
  - CA2.6. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben chegar as persoas participantes para garantir a súa idoneidade coa actividade físico-deportiva de implementos de espazo común e participación simultánea.
  - CA2.7. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade na ensinanza de actividades físico-deportivas de espazo común e participación simultánea.
  - CA2.8. Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade na ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- RA3. Deseña sesións de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia.
  - CA3.1. Identificáronse as fases dunha sesión de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, e asimiláronse as características de cada unha.
  - CA3.2. Describíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía da sesión, a partir da programación xeral.
  - CA3.3. Integráronse os contidos técnicos e os táctico-estratéxicos na secuencia de tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
  - CA3.4. Tivéronse en conta criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño de progresións das actividades e o ritmo de aprendizaxe individual.
  - CA3.5. Deseñáronse adaptacións nas tarefas motrices específicas, en función das características das persoas participantes.

- CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
- CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
- CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, e propuxéronse as medidas necesarias de seguridade e prevención de riscos.
- RA4. Dirixe e dinamiza sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, adaptándoas á actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información pertinente ao principio e ao final da sesión, tratando de motivar cara á participación nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
  - CA4.2. Explicouse a realización das tarefas motrices propostas, resaltando os seus aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
  - CA4.3. Demostráronse as accións motrices específicas das modalidades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea coa calidade suficiente para lle posibilitar ao alumnado a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.
  - CA4.4. Adaptáronse os niveis de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
  - CA4.5. Corrixíronse os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
  - CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas, e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.
  - CA4.7. Controlouse o uso dos materiais e dos equipamentos, e resolvéronse as continxencias xurdidas.
  - CA4.8. Definíronse os criterios para a organización e o control das competicións deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- RA5. Avalía o programa de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, analizando os indicadores que permiten a súa optimización.
  - CA5.1. Determináronse os aspectos técnicos e tácticos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
  - CA5.2. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, en función dos obxectivos formulados.
  - CA5.3. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes tácticas nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea, en función dos obxectivos formulados.
  - CA5.4. Deseñáronse ferramentas para a avaliación do proceso metodolóxico, seguindo criterios de máxima participación e satisfacción das persoas participantes.

- CA5.5. Elaboráronse propostas de mellora a partir da análise da información e as conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### 1.8.2.2 Contidos básicos

#### BC1. Análise das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea na recreación

- Deportes de implementos de espazo común e participación simultánea na animación deportiva. Habilidades e destrezas básicas e específicas con aplicación nos deportes de implemento. Transferencias e interferencias nas aprendizaxes. Nomenclatura específica. Representación gráfica nas actividades físico-deportivas de implemento de espazo común e participación simultánea.
- Criterios de clasificación dos deportes de implementos de espazo común e participación simultánea. Aspectos físicos, técnicos e tácticos. Implicacións didáctico-recreativas.
- Deportes de implemento de espazo común e participación simultánea: floorball, mazaball, hóckey (nas súas diferentes modalidades) e lacrosse. Aspectos estruturais e funcionais. Procura de solucións técnico-tácticas. Pensamento estratéxico nos deportes de implemento de espazo común e participación simultánea. Criterios para a manipulación de variables nos deportes de implemento de espazo común e participación simultánea, desde unha perspectiva recreativa. Tipos, características e requisitos de seguridade das instalacións e dos equipamentos de floorball, mazaball, hóckey (nas súas diferentes modalidades) e lacrosse.
- Tipos, características e requisitos de seguridade das instalacións e equipamentos.

#### BC2. Organización dos recursos para a ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea

- Espazos, equipamentos e materiais non convencionais que poden ser adaptados para a aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- Criterios para a optimización do uso das instalacións deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea en condicións de seguridade. Organización dos tempos de práctica e dos espazos.
- Tipos de mazas en mazaball, de sticks en floorball e hóckey, e de paus de lacrosse. Selección en función das características das persoas participantes.
- Utensilios para reparacións básicas de mazas en mazaball, de sticks en floorball e hóckey, e de paus de lacrosse; de bates e guantes en béisbol e sóftbol e de paus de golf.
- Tipos de pelotas de mazaball, floorball, lacrosse e hóckey nas súas diferentes modalidades. Criterios para a súa elección.
- Outro material auxiliar: portarías, carros de transporte e bolsas de material.
- Mantemento do material, inventariado e localización dos materiais; condicións de almacenamento. Supervisión de materiais utilizados en actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- Fichas para o rexistro de incidencias nas instalacións e nos equipamentos.
- Fontes de información para a selección e a análise dos recursos de apoio e consulta.
- Indumentaria para a práctica.



- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas nas devanditas instalacións. Coordinación con diferentes profesionais. Normativas de referencia.
- Responsabilidades do persoal técnico animador: aspectos de seguridade da súa competencia, relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.

### BC3. Deseño de sesións de iniciación ás actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea

- Estrutura da sesión de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes.
- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.
- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensino e aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Xogos modificados e situacións reducidas para a ensinanza dos deportes de implemento de espazo común e participación simultánea mediante un enfoque comprensivo.
- Habilidades específicas dos deportes de implementos de espazo común e participación simultánea. Aspectos clave na prevención de lesións e marxes de adaptación a distintos perfís de persoas participantes. Aplicacións tácticas.
- Progresión metodolóxica na ensinanza das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea. Estratexias na práctica.
- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes nos deportes de implementos. Gravación como recurso didáctico. Técnicas de gravación. Planos de observación da execución.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- Adaptación das técnicas e os materiais ao contorno non competitivo.

### BC4. Dirección e dinamización de sesións de iniciación a actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea

- Iniciación ao mazaball, floorball, lacrosse e hóckey (diferentes modalidades): actividades para a familiarización co material, os equipamentos e a instalación. Formas de agarre da maza, o pau e o stick. Características e aplicación destas no control e a adaptación da bóla mediante o implemento. Condución, progresión, pase, golpeo e bloqueo. Fases na execución de cada acción técnico-táctica. Aspectos clave. Erros máis frecuentes. Posibles causas. Exercicios correctores. Xogos e tarefas para o desenvolvemento do pensamento táctico e para a aplicación dos elementos técnicos asociados. Movementos básicos e principios tácticos.
- Técnicas de intervención na dirección de sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea. Explicación e demostración das tarefas e os fundamentos técnicos. Control e dinamización da actividade.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.

- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.

#### BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea

- Avaliación das aprendizaxes en deportes de implementos de espazo común e participación simultánea. Criterios que marcan a execución correcta das accións técnico-tácticas. Criterios que determinan a idoneidade das respostas táctico-estratéxicas. Tarefas de avaliación dos xestos técnicos. Situacións de avaliación das aprendizaxes: globais de xogo real, reducidas e xogos modificados, e illadas para a observación específica dos xestos técnicos. Tarefas de avaliación das aprendizaxes táctico-estratéxicas: situacións globais de xogo real, reducidas e xogos modificados deseñados para estimular ou inhibir a adopción de determinadas respostas tácticas.
- Deseño de tarefas indicadoras de logro na aprendizaxe dos deportes de implementos de espazo común e participación simultánea.
- Medios audiovisuais e informáticos no proceso avaliador das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.
- Fichas de observación dos xestos técnicos en deportes de implementos de espazo común e participación simultánea. Criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Fichas de observación e rexistro das respostas tácticas do alumnado: criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Cadros de rexistro de asistencia e satisfacción das persoas participantes.

### 1.8.3 Unidade formativa 3: Actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa, e deportes con implementos de tipoloxía psicomotriz

- Código: MP1141\_33.
- Duración: 40 horas.

#### 1.8.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza as actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas.
  - CA1.1. Comparáronse os criterios de agrupación das clasificacións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
  - CA1.2. Cuantificouse o compoñente físico, o técnico e o táctico nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
  - CA1.3. Relacionáronse as habilidades técnicas específicas das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz coas habilidades e as destrezas motrices básicas.
  - CA1.4. Analizáronse os compoñentes estruturais e funcionais das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.

- CA1.5. Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, adaptándoas ao nivel de execución das persoas participantes.
- CA1.6. Analizáronse as características e as condicións óptimas de seguridade das instalacións e dos equipamentos específicos das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- CA1.7. Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- RA2. Organiza os recursos implicados nos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.
  - CA2.1. Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, buscando a máxima participación e en condicións de máxima seguridade.
  - CA2.2. Definíronse a organización das persoas, a localización dos materiais e a utilización do tempo e do espazo nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
  - CA2.3. Adaptáronse os espazos de xogo de xeito que faciliten a aprendizaxe, a recreación e a participación.
  - CA2.4. Deseñáronse ferramentas para o control permanente do estado do material, os equipamentos e as instalacións.
  - CA2.5. Utilizáronse os recursos informáticos, bibliográficos e audiovisuais de apoio e consulta.
  - CA2.6. Concretáronse a vestimenta e o material persoal que deben achegar as persoas participantes para garantir a súa idoneidade coa actividade físico-deportiva de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
  - CA2.7. Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade na ensinanza de actividades físico-deportivas de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
  - CA2.8. Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade na ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- RA3. Deseña sesións de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia.
  - CA3.1. Identificáronse as fases dunha sesión de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, e asimiláronse as características de cada unha.
  - CA3.2. Describíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía da sesión, a partir da programación xeral.
  - CA3.3. Integráronse os contidos técnicos e os táctico-estratéxicos na secuencia de tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.

- CA3.4. Tivéronse en conta criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño de progresións das actividades e o ritmo de aprendizaxe individual.
- CA3.5. Deseñáronse adaptacións nas tarefas motrices específicas, en función das características das persoas participantes.
- CA3.6. Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.
- CA3.7. Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
- CA3.8. Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, e propuxéronse as medidas necesarias de seguridade e prevención de riscos.
- RA4. Dirixe e dinamiza sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, adaptándoas á actividade e ás características do grupo.
  - CA4.1. Proporcionouse a información pertinente ao principio e ao final da sesión, tratando de motivar cara á participación nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
  - CA4.2. Explicouse a realización das tarefas motrices propostas, resaltando os seus aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información.
  - CA4.3. Demostráronse as accións motrices específicas das modalidades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz coa calidade suficiente para lle posibilitar ao alumnado a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.
  - CA4.4. Adaptáronse os niveis de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material e a información que se transmite.
  - CA4.5. Corrixíronse os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos.
  - CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas, e atallando as condutas que perturban o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado.
  - CA4.7. Controlouse o uso dos materiais e dos equipamentos, e resolvéronse as continxencias xurdidas.
  - CA4.8. Definíronse os criterios para a organización e o control das competicións deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- RA5. Avalía o programa de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, analizando os indicadores que permiten a súa optimización.
  - CA5.1. Determináronse os aspectos técnicos e tácticos significativos para ter en conta na avaliación da aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
  - CA5.2. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes técnicas nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo

común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, en función dos obxectivos formulados.

- CA5.3. Seleccionáronse as actividades e os instrumentos adecuados para avaliar as aprendizaxes tácticas nas actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz, en función dos obxectivos formulados.
- CA5.4. Deseñáronse ferramentas para a avaliación do proceso metodolóxico, seguindo criterios de máxima participación e satisfacción das persoas participantes.
- CA5.5. Elaboráronse propostas de mellora a partir da análise da información e as conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### 1.8.3.2 Contidos básicos

#### BC1. Análise das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz na recreación

- Deportes de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz na animación deportiva. Habilidades e destrezas básicas e específicas con aplicación nos deportes de implemento. Transferencias e interferencias nas aprendizaxes. Nomenclatura específica. Representación gráfica nas actividades físico-deportivas de implemento de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- Criterios de clasificación dos deportes de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz: aspectos físicos, técnicos e tácticos. Implicacións didáctico-recreativas.
- Deportes de implemento de espazo común e participación alternativa: béisbol e sóftbol. Aspectos estruturais e funcionais. Procura de solucións técnico-tácticas. Pensamento estratéxico nos deportes de implemento de espazo común e participación alternativa. Criterios para a manipulación de variables nos deportes de implemento de espazo común e participación alternativa, desde unha perspectiva recreativa. Tipos, características e requisitos de seguridade das instalacións e dos equipamentos de béisbol e sóftbol.
- Deportes de implemento de tipoloxía psicomotriz: golf. Aspectos estruturais e funcionais. Procura de solucións técnico-tácticas. Pensamento estratéxico nos deportes de implemento de tipoloxía psicomotriz. Criterios para a manipulación de variables nos deportes de implemento de tipoloxía psicomotriz, desde unha perspectiva recreativa. Tipos, características e requisitos de seguridade das instalacións e dos equipamentos de golf.
- Tipos, características e requisitos de seguridade das instalacións e os equipamentos.

#### BC2. Organización dos recursos para a ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz

- Espazos, equipamentos e materiais non convencionais que poden ser adaptados para a aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- Criterios para a optimización do uso das instalacións deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz en condicións de seguridade. Organización dos tempos de práctica e dos espazos.

- Tipos de bates e guantes en béisbol e sóftbol. Selección en función das características das persoas participantes.
- Paus de golf: tipos. Enumeración e características dos paus de golf. Selección en función das características das persoas participantes.
- Utensilios para pequenas reparacións.
- Tipos de pelotas de béisbol, sóftbol e golf. Criterios para a súa elección.
- Bólas de golf: tipos e características. Selección en función das características das persoas participantes.
- Outro material auxiliar.
- Material auxiliar de golf: bolsa para paus de golf, fundas, guantes, carros, tees, arranxapiques, marcabolos, tarxeta de resultados e medidores.
- Mantemento, inventario e localización dos materiais; condicións de almacenamento. Supervisión de materiais utilizados en actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- Fichas para o rexistro de incidencias nas instalacións e nos equipamentos.
- Fontes de información para a selección e a análise dos recursos de apoio e consulta.
- Indumentaria para a práctica.
- Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións. Factores de risco e zonas potencialmente perigosas nas devanditas instalacións. Coordinación con diferentes profesionais. Normativas de referencia.
- Responsabilidades do persoal técnico animador: aspectos de seguridade da súa competencia, relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.

### BC3. Deseño de sesións de iniciación ás actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz

- Estrutura da sesión de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- Modelos de sesión segundo os perfís das persoas participantes.
- Criterios para garantir a coherencia entre a formulación de obxectivos e a proposta de actividades.
- Criterios específicos de secuenciación e temporalización das tarefas de ensino e aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz. Integración da ensinanza de habilidades específicas en tarefas globais.
- Xogos modificados e situacións reducidas para a ensinanza dos deportes de implemento de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz mediante un enfoque comprensivo.
- Habilidades específicas dos deportes de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz. Aspectos clave na prevención de lesións e marxes de adaptación a distintos perfís de persoas participantes. Aplicacións tácticas.
- Progresión metodolóxica na ensinanza das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz. Estratexias na práctica.

- Ferramentas de reforzo das aprendizaxes nos deportes de implementos. Gravación como recurso didáctico. Técnicas de gravación. Planos de observación da execución.
- Normas básicas de seguridade que cómpre ter en conta nas sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- Adaptación das técnicas e os materiais ao contorno non competitivo.

#### BC4. Dirección e dinamización de sesións de iniciación a actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz

- Iniciación ao béisbol e sóftbol. Actividades para a familiarización co material, os equipamentos e a instalación. Agarre do bate: características e aplicación. Uso do guante. Accións técnico-tácticas fundamentais: lanzamento e recepción da pelota. Bateo. Carreira. Fases na execución de cada acción. Aspectos clave. Erros máis frecuentes. Posibles causas. Exercicios correctores. Xogos e tarefas para o desenvolvemento do pensamento táctico e para a aplicación dos elementos técnicos asociados. Movementos básicos e principios tácticos.
- Iniciación ao golf. Actividades para a familiarización co material, os equipamentos e a instalación. Terminoloxía básica: campo, burato, tee ou área de saída, corredor, green, rough, búnker, obstáculo de auga, fóra de límites, bandeira e terreo en reparación. Grip ou empuñadura: tipos, características e aplicación. Conceptos básicos sobre a execución técnica dos golpes: stance, postura e aliñamento. Golpes básicos: swing, pitch e chip (xogo curto), golpe de bunker e putt. Fases na execución do golpe: backswing, downswing. Aspectos clave. Erros máis frecuentes. Posibles causas. Exercicios correctores. Xogos e tarefas para a aprendizaxe dos golpes. Aplicacións didácticas para desenvolvemento do golf en instalacións polideportivas. Movementos básicos e principios tácticos e de tipoloxía psicomotriz.
- Técnicas de intervención na dirección de sesións de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz. Explicación e demostración das tarefas e os fundamentos técnicos. Control e dinamización da actividade.
- Directrices, medios e normas para a dirección de torneos e eventos de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- Aplicación da lei de prevención de riscos laborais a diferentes contextos de práctica de actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.

#### BC5. Avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz

- Avaliación das aprendizaxes en deportes de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz. Criterios que marcan a execución correcta das accións técnico-tácticas. Criterios que determinan a idoneidade das respostas táctico-estratéxicas. Tarefas de avaliación dos xestos técnicos. Situacións de avaliación das aprendizaxes: globais de xogo real, reducidas e xogos modificados, e illadas para a observación específica dos xestos técnicos. Tarefas de avaliación das aprendizaxes táctico-estratéxicas: situacións globais de xogo real, reducidas e xogos modificados deseñados para estimular ou inhibir a adopción de determinadas respostas tácticas.

- Deseño de tarefas indicadoras de logro na aprendizaxe dos deportes de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- Medios audiovisuais e informáticos no proceso avaliador das actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz.
- Fichas de observación dos xestos técnicos en deportes de implementos de espazo común e participación alternativa e de tipoloxía psicomotriz. Criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Fichas de observación e rexistro das respostas tácticas do alumnado: criterios para a súa elaboración e o seu uso.
- Cadros de rexistro de asistencia e satisfacción das persoas participantes.

#### 1.8.4 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para chegar a desempeñar as funcións de deseñar, executar e avaliar sesións de actividades físico-deportivas de implementos e, en coordinación co módulo de Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas, tamén a de elaborar programas de ensinanza de actividades físico-deportivas de implementos para diferentes colectivos.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse en procesos de ensinanza e de animación deportiva no tempo libre, tanto en contextos de oferta socio-deportiva promovida por entidades públicas e privadas, como en contextos turísticos e en contextos de intervención social específica con determinados sectores de poboación.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais f), g), i), j), m), ñ) e o) do ciclo formativo, e as competencias d), e), g), h), k), m) e n).

A formulación deste módulo, que agrupa as actividades físico-deportivas de implementos, responde aos trazos estruturais e funcionais que comparten. Iso permite ofrecer formación común para a adquisición das competencias necesarias para o exercicio profesional en moitas das fases de ensinanza das actividades físico-deportivas de implementos, abordando tanto a dimensión do saber, como a do saber facer e a de saber estar das devanditas competencias.

As características específicas destes deportes van requirir das persoas que se están a formar o dominio dunha serie de estratexias metodolóxicas na práctica, de cara a facilitar as aprendizaxes das actividades físico-deportivas de implementos a diferentes tipos de persoas participantes. Así mesmo, o persoal técnico debe adquirir un certo nivel na execución dos xestos técnicos destas actividades deportivas, para posibilitar a representación mental adecuada da tarefa que se está a aprender.

A experiencia do alumnado canto á aprendizaxe das actividades físico-deportivas de implementos debe recoller o necesario dinamismo do proceso de ensino e aprendizaxe, e debe servir para analizar e asimilar as estratexias didácticas específicas destas actividades e para as aplicar no seu futuro desempeño profesional, tendo en conta que o ámbito no que vai traballar non é o do adestramento deportivo. Neste sentido propónse:

- Comezar con estratexias globais, modificando a situación real, é dicir, recortando os espazos e adaptando os materiais e os equipamentos, entre outros. Os xogos modificados e as situacións reducidas son o marco idóneo para o desenvolvemento desta fase da ensinanza.
- Utilizar a continuación estratexias globais, polarizando a atención inicialmente nos aspectos salientables da acción técnico-táctica e posteriormente en aqueles outros



aspectos que resulten difíciles de asimilar. Poden utilizarse tanto as situacións reducidas, nun principio, como a práctica en contexto real, en momentos máis avanzados do proceso.

- Por último, en ocasións será preciso tamén recorrer a estratexias analíticas, fundamentalmente en tenis, bádminton, pádel, tenis de mesa e golf, aínda que é recomendable que se utilicen só cando sexa estritamente necesario e nunca antes de ter utilizado suficientemente as estratexias globais descritas anteriormente. As execucións aprendidas ou modeladas por esta vía volverán a ser contrastadas unha e outra vez en contextos globais, sen caer nos excesos analíticos do modelo tradicional.

Igualmente importante é utilizar técnicas, procedementos, recursos e ferramentas didácticas que contribúan a optimizar as aprendizaxes, ofrecéndolle ademais ao alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas futuras intervencións didácticas. Neste sentido recoméndase:

- Presentar nas situacións de ensinanza multitude de posibilidades de uso dos materiais específicos de actividades físico-deportivas de implementos e doutros materiais non específicos.
- Analizar co alumnado as medidas de prevención en todas as situacións de ensinanza nas que se desenvolvan actividades prácticas, sobre todo as cuestións relacionadas coa ocupación do espazo, a orientación das tarefas de golpeo e o raio de acción do binomio xogador implemento, entre outros, e exixir o seu cumprimento.
- Utilizar fichas de observación sistemática para analizar os xestos técnicos e as decisións tácticas de quen participa na práctica, aproveitar o seu uso para que o alumnado elabore novas fichas e as utilice na ensinanza recíproca e como instrumento de coavaliación, dándolle á observación o protagonismo necesario para conseguir a maior asimilación dos contidos técnicos e táctico-estratéxicos.
- Servirse da gravación como ferramenta para lle proporcionar ao alumnado información exacta da súa execución. A dificultade nas fases de iniciación para facerse unha representación mental precisa do movemento realizado fai desta ferramenta un recurso didáctico imprescindible na ensinanza dos deportes de implemento, axudando a reducir a distancia entre o modelo pretendido e a súa execución real.
- Variar os agrupamentos nas situacións de ensinanza, incentivando as rotacións e os cambios de parellas, de grupo e outros. Deste xeito, estímúlase a permanente observación, así como a variedade nas respostas tácticas que se producen no xogo, enriquecendo os procesos de asimilación do alumnado.

Este módulo profesional interactúa especialmente coas aprendizaxes adquiridas nos módulos profesionais de Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas, e de Valoración da condición física e intervención en accidentes, polo que se fai imprescindible a coordinación co profesorado que imparte as ensinanzas dos devanditos módulos. Así mesmo, no módulo de Dinamización grupal atoparase o apoio necesario en todo o referente a procedementos e técnicas de comunicación e de optimización das relacións grupais, aspectos clave para a produción de aprendizaxes.

## 1.9 Módulo profesional: Actividades físico-deportivas para a inclusión social

- Equivalencia en créditos ECTS: 6.
- Código: MP1142.
- Duración: 105 horas.

### 1.9.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Programa actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores, analizando a influencia da práctica de actividade físico-deportiva sobre as variables do proceso de avellentamento.
  - CA1.1. Identificáronse e contrastáronse instrumentos de valoración e rexistro das características físicas, fisiolóxicas, psicolóxicas e sociolóxicas das persoas maiores.
  - CA1.2. Propuxéronse distintos métodos de avaliación da condición física e a valoración funcional das persoas maiores.
  - CA1.3. Identificáronse os principais factores de risco en relación á actividade física realizada de maneira regular e sistemática.
  - CA1.4. Identificáronse as principais patoloxías asociadas a este sector de poboación e a súa relevancia na práctica de actividades físicas e deportivas.
  - CA1.5. Formuláronse obxectivos específicos para os programas de inclusión sociodeportiva dirixidos ás persoas maiores, nos ámbitos motor, psicolóxico e social.
  - CA1.6. Deseñáronse e adaptáronse programas específicos de actividades físicas para a mellora dos aspectos motores, psicolóxicos e sociais afectados polo proceso de avellentamento.
  - CA1.7. Potenciouse a práctica da actividade física e deportiva como un elemento de prevención, fomento, desenvolvemento e rehabilitación da saúde.
  - CA1.8. Seleccionáronse medios, recursos e axudas técnicas necesarias para a realización das actividades físico-deportivas por parte das persoas maiores.
  - CA1.9. Establecéronse estratexias metodolóxicas e orientacións didácticas de intervención que favorezan a participación das persoas maiores nas actividades.
  - CA1.10. Determinouse a importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social, consecución de autonomía e mellora da saúde das persoas maiores.
  - CA1.11. Analizouse a idoneidade dos recursos, os espazos e as instalacións para utilizar nas actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores.
  - CA1.12. Tivéronse en conta as medidas de prevención de riscos e seguridade nas instalacións onde se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores.
- RA2. Programa adaptacións de actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade en grupos ordinarios, analizando as modificacións necesarias en función do tipo de discapacidade.

- CA2.1. Analizáronse as características morfolóxicas, fisiolóxicas e condutuais das persoas con discapacidade.
- CA2.2. Deseñáronse adaptacións das actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade física, establecendo as máis adecuadas ás súas necesidades e posibilidades, e atendendo aos obxectivos dos programas.
- CA2.3. Deseñáronse adaptacións das actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade intelectual establecendo as máis adecuadas ás súas necesidades e posibilidades, e atendendo aos obxectivos dos programas.
- CA2.4. Deseñáronse adaptacións das actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade sensorial establecendo as máis adecuadas ás súas necesidades e posibilidades, e atendendo aos obxectivos dos programas.
- CA2.5. Seleccionáronse os medios, os recursos e as axudas técnicas específicas que facilitan a realización das actividades físico-deportivas en función do tipo de discapacidade.
- CA2.6. Establecéronse estratexias metodolóxicas e orientacións didácticas que favorezan a comunicación coas persoas con discapacidade e a súa intervención nas actividades físico-deportivas.
- CA2.7. Deseñáronse estratexias na práctica que propicien situacións de colaboración e cooperación entre as persoas participantes.
- CA2.8. Determinouse a importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social, na consecución de autonomía e na mellora da saúde nas persoas con discapacidade.
- CA2.9. Analizouse a idoneidade dos recursos, das instalacións e dos espazos utilizados nas actividades de inclusión sociodeportiva para persoas con discapacidade, identificando as barreiras arquitectónicas.
- CA2.10. Propuxéronse solucións para garantir a accesibilidade ás instalacións das persoas con discapacidade.
- CA2.11. Tivéronse en conta as medidas de prevención de riscos e seguridade nas instalacións onde se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva para persoas con discapacidade.
- RA3. Programa actividades de inclusión sociodeportiva de persoas en risco de exclusión social, analizando a influencia da práctica de actividade físico-deportiva sobre os niveis de socialización dos colectivos.
  - CA3.1. Analizáronse as características psicosociais específicas que concirnen á intervención sociodeportiva en colectivos con risco de exclusión social.
  - CA3.2. Formuláronse obxectivos específicos e modelos de intervención sociodeportiva para cada tipo de situación de risco de exclusión social, en consonancia coa orientación da intervención das institucións de referencia.
  - CA3.3. Deseñáronse actividades físico-deportivas que potencien as habilidades de relación en contornos e colectivos que sofren risco de exclusión social.
  - CA3.4. Establecéronse estratexias de intervención e orientacións didácticas que favorezan a comunicación e a participación dos colectivos e as persoas en situación de risco de exclusión social.
  - CA3.5. Promocionáronse os valores a través das actividades físico-deportivas de inclusión.
  - CA3.6. Analizouse a influencia da actividade física para o desenvolvemento social e humano no ámbito da inclusión.

- CA3.7. Analizouse a idoneidade dos recursos, das instalacións e dos espazos utilizados nas actividades de inclusión sociodeportiva de persoas en risco de exclusión social.
- CA3.8. Tivéronse en conta as medidas de prevención de riscos e seguridade nas instalacións onde se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva de persoas en risco de exclusión social.
- RA4. Aplica estratexias de intervención sociodeportiva para os colectivos de persoas maiores, propiciando a súa participación integral nas actividades e relacionándoas cos obxectivos da programación.
  - CA4.1. Desenvolvéronse as técnicas de intervención específicas para os obxectivos formulados no ámbito motor.
  - CA4.2. Desenvolvéronse as técnicas de intervención específicas para os obxectivos formulados no ámbito cognitivo.
  - CA4.3. Desenvolvéronse as técnicas de intervención específicas para os obxectivos formulados no ámbito social.
  - CA4.4. Utilizáronse e adaptáronse os materiais, os recursos e os espazos de práctica, perseguindo a máxima participación en condicións de seguridade.
  - CA4.5. Avaliáronse os beneficios da práctica de actividade física na saúde e estado de benestar dos colectivos de persoas maiores.
- RA5. Aplica estratexias de intervención sociodeportiva para persoas con discapacidade, propiciando a súa participación integral nas actividades e relacionándoas cos obxectivos da programación.
  - CA5.1. Desenvolvéronse estratexias de intervención para persoas con discapacidade física.
  - CA5.2. Desenvolvéronse estratexias de intervención para persoas con discapacidade intelectual.
  - CA5.3. Desenvolvéronse estratexias de intervención para persoas con discapacidade sensorial.
  - CA5.4. Utilizáronse os materiais, os recursos e os espazos de práctica perseguindo a máxima participación en condicións de seguridade.
  - CA5.5. Avaliáronse os beneficios da práctica de actividade física na inclusión de persoas con discapacidade.
- RA6. Aplica estratexias de intervención sociodeportiva para os colectivos de persoas en risco de exclusión social, relacionándoas cos obxectivos da programación valorando a participación integral nas actividades.
  - CA6.1. Desenvolvéronse estratexias para a toma de decisións nos colectivos de persoas en risco de exclusión social.
  - CA6.2. Xustificouse a utilización das actividades físico-deportivas nos procesos de inclusión social como medio de transmisión de valores.
  - CA6.3. Utilizáronse estilos de intervención que desenvolven os aspectos socializadores das actividades físico-deportivas.
  - CA6.4. Utilizouse variedade de materiais, espazos, recursos e roles de actuación posibilitando a máxima participación.
  - CA6.5. Avaliáronse os beneficios da práctica de actividade física na inclusión social dos colectivos de persoas en risco de exclusión social.

- RA7. Deseña a avaliación do proceso de inclusión sociodeportiva establecendo os instrumentos que permitan obter información relevante en función dos obxectivos da intervención.
  - CA7.1. Adaptáronse modelos de avaliación de procesos de intervención social ao ámbito sociodeportivo
  - CA7.2. Seleccionáronse indicadores e instrumentos de avaliación para o control e o seguimento da consecución dos obxectivos formulados nas intervencións sociodeportivas.
  - CA7.3. Aplicáronse técnicas e actividades de avaliación, atendendo aos obxectivos establecidos e aos criterios de cada intervención.
  - CA7.4. Formuláronse conclusións a partir da interpretación da información obtida e da análise de datos que permitan novos enfoques na avaliación do proceso.
  - CA7.5. Propuxéronse melloras a partir da identificación das causas dunha intervención non adecuada.
  - CA7.6. Valorouse a transcendencia de establecer procedementos de avaliación para mellorar a intervención.

## 1.9.2 Contidos básicos

### BC1. Programación de actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores

- Proceso de avellentamento: características físicas, fisiolóxicas, psicolóxicas e sociolóxicas das persoas maiores.
- Detección de factores de risco en persoas maiores, para a súa incorporación nun programa de actividade física. Control sistemático e continuo durante o programa.
- Instrumentos de valoración dos aspectos fisiolóxicos no ámbito da actividade física. Avaliación da condición física e valoración funcional.
- Patoloxías asociadas ás persoas maiores e a súa relevancia para a práctica de actividades físicas e deportivas: diabetes, osteoporose, artrose, etc.
- Programas específicos de actividades físico-deportivas para persoas maiores. Orientacións no ámbito fisiolóxico. Beneficios e contraindicacións.
- Obxectivos e adaptacións para os programas de inclusión sociodeportiva dirixidos ás persoas maiores nos ámbitos motor, psicolóxico e social.
- Estratexias metodolóxicas e recomendacións didácticas de intervención que favorezan a participación das persoas maiores nas actividades de inclusión sociodeportiva. Proceso de comunicación nas actividades. Técnicas de intervención grupal.
- Importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social das persoas maiores. Beneficios do exercicio físico sobre os aspectos psicolóxicos e sociolóxicos.
- Idoneidade dos recursos, as instalacións e os espazos utilizados nas actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores.
- Medidas de prevención de riscos, seguridade e saúde nas instalacións nas que se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores.

## BC2. Programación de adaptaciones de actividades de inclusión sociodeportiva para persoas con discapacidade en grupos ordinarios

- Discapacidade. Tipos de discapacidade: física, sensorial e intelectual.
- Características morfolóxicas, fisiolóxicas e condutuais diferenciais das persoas con discapacidade física, sensorial e intelectual. Valoración funcional.
- Obxectivos dos programas de actividades de inclusión para persoas con discapacidade.
- Actividades físico-deportivas adaptadas. Criterios que cómpre ter en conta na proposta de adaptacións. Medios e axudas técnicas específicas. Posibilidades segundo grao e tipo de discapacidade.
- Estudo do control de continxencias.
- Implicación das persoas con discapacidade nas actividades físico-deportivas. Técnicas para impulsar a participación e a confianza.
- Estratexias metodolóxicas e recomendacións didácticas que favorezan a comunicación das persoas con discapacidade nas actividades físico-deportivas.
- Estratexias na práctica que permitan agrupamentos flexibles, roles e funcións das persoas participantes, propiciando situacións de colaboración e cooperación.
- Importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social das persoas con discapacidade. As actividades sociodeportivas integradoras.
- Barreiras arquitectónicas. Adaptacións do espazo e do material.
- Accesibilidade ás instalacións para as persoas con discapacidade.
- Medidas de prevención de riscos, seguridade e saúde nas instalacións onde se realice nas actividades de inclusión sociodeportiva para persoas con discapacidade.

## BC3. Programación de actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas en risco de exclusión social

- Exclusión social e actividade físico-deportiva.
- Poboacións en risco de exclusión social. Características psicosociais específicas.
- Modelos de intervención sociodeportiva para situacións de risco de exclusión social.
- Institucións representativas na oferta de programas: características e orientacións.
- Participación social na actividade físico-deportiva como vehículo de integración.
- Actividades físico-deportivas no ámbito da exclusión social. Adaptacións aos programas das actividades físico-deportivas.
- Obxectivos dos programas de actividades de inclusión físico-deportiva para colectivos en situación de risco de exclusión social. Elementos de coherencia entre as características dos colectivos e as pautas da organización ou institución.
- Promoción de valores a través das actividades físico-deportivas de inclusión.
- Estratexias de intervención e recomendacións didácticas para colectivos e persoas en situación de risco de exclusión social.
- Importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social, a autonomía e a saúde das persoas en situación de risco de exclusión social.
- Medidas de prevención de riscos, seguridade e saúde nas instalacións onde se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva de persoas en risco de exclusión social.

#### BC4. Aplicación de estratexias de intervención sociodeportiva para os colectivos de persoas maiores

- Estratexias de intervención para a mellora ou o mantemento das capacidades físicas e da funcionalidade. Resistencia, forza, flexibilidade, reeducación do esquema corporal, equilibrio, coordinación, percepción espacial, relaxación e respiración. Batería de tests específicos de valoración da capacidade funcional.
- Actividades físicas dirixidas cara á mellora da condición física orientada á saúde e o benestar en grupos de persoas maiores nos distintos medios: tai chi, ioga, pilates, aerobic e aqua-aerobic. Ximnasia de mantemento.
- Outras actividades orientadas cara á intervención sociodeportiva. Deportes adaptados. Deportes recreativos. Marchas e saídas.
- Estratexias de intervención para a mellora ou o mantemento das capacidades cognitivas. Memoria semántica e sensorial, capacidade discursiva, resolución de problemas, toma de decisións e valoración do risco.
- Estratexias de intervención para a mellora das capacidades sociais. Participación e comunicación.
- Beneficios e contraindicacións que pode reportar a práctica de actividades físicas na saúde e no estado de benestar dos colectivos de persoas maiores.
- Espazos e materiais. Adaptacións específicas. Condicións de seguridade nas instalacións sociais.
- Medidas de prevención de riscos, seguridade e saúde nas instalacións onde se realicen as actividades para os colectivos de persoas maiores.

#### BC5. Aplicación de estratexias de intervención sociodeportiva para os colectivos de persoas con discapacidade

- Estratexias de intervención nas adaptacións de actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade física. Axudas técnicas. Materiais facilitadores. Adaptación de regulamentos.
- Estratexias de intervención nas adaptacións de actividades físico-deportivas para persoas con discapacidade intelectual. Axudas técnicas. Materiais facilitadores. Adaptación de regulamentos.
- Estratexias de intervención nas adaptacións das actividades físico-deportivas para persoas con discapacidade sensorial. Axudas técnicas. Materiais facilitadores. Adaptación de regulamentos.
- Adaptacións de actividades físico-deportivas e recreativas para persoas con discapacidade física, intelectual ou sensorial. Espazos e materiais. Barreiras arquitectónicas. Accesibilidade.
- Estratexias para aumentar a participación en condicións de seguridade.
- Beneficios e contraindicacións que pode reportar a práctica de actividades físicas na saúde e no estado de benestar, na inclusión de persoas con discapacidade.

#### BC6. Aplicación de estratexias de intervención sociodeportiva para os colectivos de persoas en risco de exclusión social

- Estratexias referidas á asunción e á utilización de normas e regras en grupos con risco de exclusión social. Contratos. Debates. Reflexións. Xogo de roles.

- Actividades físico-deportivas e valores culturais. Deportes autóctonos e deportes universais. Igualdade fronte á norma. Ídolos e modelos de comportamento social.
- Socialización e actividades físico-deportivas. Metodoloxía participativa. Organización de grupos. Xestión de conflitos.
- Estratexias de uso para aumentar a participación e cooperación.
- Espazos e materiais. Adaptacións específicas. Condicións de seguridade nas instalacións.
- Beneficios e contraindicacións que pode reportar a práctica de actividades físicas na saúde e no estado de benestar, na inclusión social dos colectivos de persoas en risco de exclusión social.

#### BC7. Deseño da avaliación do proceso de intervención no ámbito da atención a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas con risco de exclusión social

- Características e modelos de avaliación no ámbito da atención a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas con risco de exclusión social.
- Indicadores de avaliación dos procesos de intervención sociodeportiva no ámbito da atención a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas con risco de exclusión social.
- Características diferenciais dos proxectos de intervención sociodeportiva e dos programas de actividades físicas, no ámbito da atención a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas con risco de exclusión social.
- Referentes persoais e contextuais que permitan obter información relevante para o proceso de avaliación, no ámbito da atención a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas con risco de exclusión social.
- Técnicas, instrumentos e indicadores de avaliación, atendendo aos ámbitos de intervención e en función dos colectivos implicados.
- Análise e discusión de datos. Análise cuantitativa, análise estrutural e interpretación cualitativa e referencial.
- Importancia da avaliación na mellora dos procesos de intervención.

### 1.9.3 Orientacións pedagóxicas

As actividades profesionais asociadas á formación que se imparte neste módulo desenvolveranse na atención a persoas con discapacidade, persoas maiores e persoas en risco de exclusión social, en contextos de práctica de actividades físicas e deportivas cun enfoque socializador, recreativo e de iniciación, sempre dentro das marxes da saúde.

A concreción da función de avaliación abrangue aspectos relacionados co deseño da valoración da intervención, aplicando criterios de calidade aos diferentes pasos do proceso.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais c), f), h), j), k), n), o) e u) do ciclo formativo, e as competencias b), d), f), h), i), l), n) e r).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe dentro deste módulo, e que facilitarán os resultados de aprendizaxe propostos, teñen que ver con:

- Análise das características específicas das persoas ou dos colectivos aos que se van dirixir as intervencións, dos contextos en que se van aplicar e das características das institucións implicadas.



- Elaboración de programas, proxectos e actividades que amosen a súa congruencia coas necesidades dos colectivos ou as persoas a quen se dirixen e coas institucións onde se desenvolve a intervención.
- Deseño dos procesos avaliativos de intervención para conseguir unha óptima calidade nas súas intervencións.

Todas estas liñas de actuación terán en conta as seguintes estratexias para un mellor desenvolvemento das aprendizaxes:

- Simulación de situacións de práctica.
- Visitas e colaboracións con institucións.
- Traballo en grupo, creatividade e autoavaliación do traballo desenvolvido.

Dado o carácter deste módulo profesional, enténdese que se poderán utilizar aprendizaxes adquiridas noutros módulos profesionais, como Dinamización grupal, Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas, Valoración da condición física e intervención en accidentes, Actividades físico-deportivas individuais, Actividades físico-deportivas de equipo e Actividades físico-deportivas de implementos, polo que a coordinación de todo o profesorado implicado é un factor decisivo para a optimización do proceso.

Así mesmo, considérase conveniente que este módulo profesional se desenvolva durante o segundo ano deste ciclo.

## 1.10 Módulo profesional: Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas

- Equivalencia en créditos ECTS: 8.
- Código: MP1143.
- Duración: 107 horas.

### 1.10.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Avalía a dificultade das tarefas motrices, analizando os mecanismos que se poñen en xogo e a súa repercusión no proceso de aprendizaxe en distintos momentos evolutivos.
  - CA1.1. Analizáronse distintos modelos de ensinanza e as posibilidades que ofrecen para a aprendizaxe das habilidades motrices.
  - CA1.2. Establecéronse os elementos da tarefa motriz que teñen que ver co mecanismo de percepción.
  - CA1.3. Establecéronse os elementos da tarefa motriz que teñen que ver co mecanismo de decisión.
  - CA1.4. Establecéronse os elementos da tarefa motriz que teñen que ver co mecanismo efector.
  - CA1.5. Identificáronse as características das persoas participantes que inflúen nos procesos de aprendizaxe de actividades físico-deportivas.
  - CA1.6. Valorouse a necesidade de adecuar a dificultade das aprendizaxes de tarefas motrices aos momentos madurativos das persoas participantes.
- RA2. Elabora programas de ensinanza de actividades físico-deportivas, relacionando os elementos que o compoñen.
  - CA2.1. Diseñouse o programa de ensinanza nos contextos de ensinanza de actividades físico-deportivas.
  - CA2.2. Xustificouse o programa de ensinanza de actividades físicas e deportivas atendendo ás características e necesidades do contexto.
  - CA2.3. Establecéronse obxectivos en función dos graos de concreción do programa de ensinanza de actividades físico-deportivas.
  - CA2.4. Definíronse criterios de secuenciación no programa de ensinanza, en función das variables que favorecen a aprendizaxe de actividades físico-deportivas.
  - CA2.5. Seleccionáronse estratexias metodolóxicas en función do tipo de actividades físico-deportivas do grupo de referencia.
  - CA2.6. Adaptáronse os programas de actividades físico-deportivas á diversidade das características das persoas participantes.
  - CA2.7. Diseñáronse as funcións e as responsabilidades do persoal técnico na programación de actividades físico-deportivas e recreativas.
- RA3. Organiza os recursos implicados nos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas, definindo criterios de eficacia e eficiencia.
  - CA3.1. Seleccionáronse os materiais específicos ou adaptados, en función das características dos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas.

- CA3.2. Selecciónáronse os materiais, os espazos e os tempos, de acordo coas unidades de traballo do programa de ensinanza de actividades físico-deportivas.
- CA3.3. Definiuse a organización das persoas, dos materiais, do tempo e do espazo como recursos de ensinanza.
- CA3.4. Concretáronse os materiais, os espazos, a organización e os tempos de práctica, atendendo ás características das persoas participantes.
- CA3.5. Determinouse a importancia de xerar contornos seguros na ensinanza de actividades físico-deportivas.
- RA4. Deseña progresións de ensinanza de actividades físico-deportivas relacionándoas co tipo de actividade e coas persoas participantes.
  - CA4.1. Selecciónáronse as tarefas en función dos perfís de dificultade.
  - CA4.2. Establecéronse progresións nas tarefas en función dos tipos de contidos.
  - CA4.3. Programáronse adaptacións das tarefas en función do desenvolvemento motor, a capacidade de abstracción e as motivacións dos diferentes tipos de persoas participantes.
  - CA4.4. Verificouse a coherencia das progresións cos obxectivos da programación.
  - CA4.5. Estableceuse o papel do persoal técnico e das persoas usuarias na realización das tarefas.
  - CA4.6. Valorouse a necesidade de establecer progresións na ensinanza, para facilitar aprendizaxes das persoas participantes.
- RA5. Avalía o programa de ensinanza de actividades físico-deportivas especificando os indicadores que permiten a súa optimización.
  - CA5.1. Contrastáronse modelos de avaliación de procesos de ensinanza de actividades físico-deportivas.
  - CA5.2. Establecéronse os criterios para elaborar instrumentos de avaliación do nivel de aprendizaxe das actividades físico-deportivas.
  - CA5.3. Establecéronse os instrumentos para comprobar a eficacia e eficiencia dos espazos e dos recursos empregados, en referencia á súa funcionalidade e á súa adecuación.
  - CA5.4. Determináronse sistemas de valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos previstos.
  - CA5.5. Establecéronse criterios que solucionen os desaxustes detectados na avaliación.
  - CA5.6. Concretáronse situacións e elementos para a discusión e a interpretación de datos.
  - CA5.7. Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.

## 1.10.2 Contidos básicos

### BC1. Avaliación da dificultade das tarefas motrices

- Aprendizaxe das habilidades motrices: modelos de ensinanza e concepcións de aprendizaxe. Proceso básico de adquisición de habilidades motrices.
- Implicación dos mecanismos de realización das accións motrices. Variables asociadas ao mecanismo de percepción: cantidade e relevancia de estímulos, grao de incerteza do medio e tempo de permanencia. Variables asociadas ao mecanismo de decisión:

número e tipo de alternativas, tempo dispoñible e grao de oposición. Variables asociadas ao mecanismo efector: capacidades físicas e calidades motrices implicadas, velocidade e precisión de realización exixida.

- Desenvolvemento motor. Características das etapas. Implicación coa aprendizaxe motriz.
- Análise de tarefas e estratexias na práctica. Características, tipos, condicións da práctica e niveis de dificultade. Características das persoas participantes.

#### BC2. Elaboración de programas de ensinanza de actividades físico-deportivas

- Contextos de ensinanza de actividades físico-deportivas. Escolas deportivas e multideportivas. Actividades extraescolares. Actividades físico-deportivas de inclusión.
- Elementos básicos da programación de ensinanza de actividades físico-deportivas. Características, funcións, tipos e niveis de concreción dos contidos dun programa de actividades físico-deportivas. Análise e elaboración de obxectivos. Intencións de aprendizaxe e coherencia cos contextos de práctica. Deseño de obxectivos en función das características das persoas usuarias e contextos de práctica das actividades físico-deportivas.
- Estratexias de ensinanza e factores que interveñen na elaboración dos programas de ensinanza. Atención á diversidade.
- Modelos didácticos de intervención.
- Estilos de ensinanza: directivos e de procura.
- Tipos de información no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Niveis de concreción na ensinanza de actividades físico-deportivas: unidade didáctica, sesión e tarefa.
- Funcións do técnico e responsabilidades no desenvolvemento dos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas.

#### BC3. Organización dos recursos para a ensinanza de actividades físico-deportivas

- Materiais específicos e adaptados para a práctica de actividades físico-deportivas. Características, tipos e condicións de seguridade.
- Espazos para a práctica e posibilidades para a posta en marcha de actividades físico-deportivas.
- Espazos e materiais, e as súas posibilidades para a aprendizaxe de actividades físico-deportivas. Adaptacións e modificacións en función das características das persoas participantes.
- Escenarios de aprendizaxe de actividades físico-deportivas. Organización, material e control de continxencias.
- Seguridade nos diferentes contornos para desenvolvemento de actividades físico-deportivas.

#### BC4. Deseño de progresións de ensinanza de actividades físico-deportivas

- Criterios de secuenciación e temporalización das tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas.
- Criterios para ordenar as tarefas de ensino e aprendizaxe en función do carácter da actividade físico-deportiva. Mecanismo de percepción, de decisión e de execución.

- Actividades de ensinanza para o desenvolvemento de tarefas físico-deportivas. Características de cada tipo de participante: desenvolvemento motor, motivacións e nivel de abstracción, nivel de condición física e saúde.
- Papeis do persoal técnico e das persoas usuarias na realización das tarefas.
- Progresións de ensinanza. Ritmos de aprendizaxe. Tareas de ensinanza adaptadas aos ritmos de aprendizaxe. Ferramentas de reforzo: feedback, posibilidade de transferencia e adaptacións.

#### BC5. Avaliación do proceso de ensinanza de actividades físico-deportivas

- Modelos, técnicas e instrumentos de avaliación de programas de ensinanza de actividades físico-deportivas. Información inicial, final e durante o proceso. Avaliación do rendemento motor. Avaliación do proceso de aprendizaxe. Toma de decisións.
- Modelos de avaliación do proceso de ensinanza.
- Indicadores de avaliación sobre os elementos do proceso de ensinanza. Características dos instrumentos de avaliación de ensinanza de actividades físico-deportivas. Selección de instrumentos de avaliación. Técnicas de avaliación. Test. Cuestionarios. Follas de observación. Entrevistas. Técnicas grupais. Gravacións. Proxectos. Exercicios prácticos.
- Deseño de instrumentos de avaliación con base no programa e nas aprendizaxes establecidas.
- Actividades de avaliación das aprendizaxes, atendendo aos obxectivos marcados no programa de ensinanza. Selección e deseño de tarefas con base no tipo de avaliación requirido. Feedback como un referente de avaliación.
- Memorias e informes de avaliación. Fundamentos para propostas de mellora: discusión e interpretación de datos.
- Beneficios que achegan a programación e a avaliación no desenvolvemento práctico de actividades físico-deportivas como ferramenta de aprendizaxe.

### 1.10.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado adquira as competencias necesarias para desempeñar as funcións de deseño, programación e avaliación das actividades físicas e deportivas que se levarán a cabo con persoas que desexen iniciarse neste tipo de actividades.

A concreción da función de deseño e programación abrangue aspectos relacionados con:

- Coñecemento das características das persoas usuarias e os contextos de intervención.
- Definición e secuenciación das intervencións educativas.
- Programación da intervención e a avaliación.
- Programación da organización dos recursos.
- Definición e/ou elaboración da memoria, informes, protocolos, etc.

A concreción da función de avaliación abrangue aspectos relacionados co deseño da valoración da intervención, aplicando criterios de calidade ás súas intervencións.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvolveranse na atención a persoas en contextos de práctica de actividades físico-deportivas, cun enfoque recreativo e de iniciación.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais c), f), j) e o) do ciclo formativo, e as competencias b), d), h) e n).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permitan alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Previamente ao deseño da intervención, análise das características específicas das persoas ás que vai dirixida, dos contextos nos que se vai aplicar e das características das institucións.
- Deseño e elaboración de programas, proxectos e actividades que organicen e secuencien os procesos de intervención, tendo en conta as características das institucións en que se desenvolve a intervención, as persoas destinatarias implicadas e os recursos.
- Finalmente, deseño dos procesos avaliativos da intervención, para conseguir unha óptima calidade nas súas intervencións.

Todas estas liñas terán en conta as seguintes estratexias para un mellor desenvolvemento das aprendizaxes:

- Simulación de situacións de práctica.
- Visitas e colaboracións con institucións.
- Traballo en grupo, creatividade e autoavaliación do traballo desenvolvido.
- Reflexión crítica conxunta sobre as propias actuacións.

Dado o carácter transversal deste módulo profesional, que se sustenta principalmente na interacción coas aprendizaxes adquiridas noutros módulos profesionais, como Dinamización grupal, Actividades físico-deportivas para a inclusión social, Valoración da condición física e intervención en accidentes, Actividades físico-deportivas individuais, Actividades de equipamento e Actividades de implementos, faise imprescindible a coordinación co profesorado que imparte as ensinanzas dos devanditos módulos profesionais. Así mesmo, considérase básico que este módulo profesional se desenvolva durante o primeiro ano deste ciclo.

## 1.11 Módulo profesional: Proxecto de ensinanza e animación sociodeportiva

- Equivalencia en créditos ECTS: 5.
- Código: MP1144.
- Duración: 26 horas.

### 1.11.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
  - CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.
  - CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
  - CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.
  - CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.
  - CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.
  - CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.
  - CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.
  - CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.
  - CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.
- RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.
  - CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.
  - CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.
  - CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.
  - CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.
  - CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.
  - CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.
  - CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.
  - CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.
  - CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.
- RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.

- CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.
- CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.
- CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
- CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.
- CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.
- CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.
- CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.
- CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.
- RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.
  - CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.
  - CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
  - CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
  - CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
  - CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
  - CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
  - CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.
- RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.
  - CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
  - CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
  - CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
  - CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
  - CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
  - CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
  - CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
  - CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
  - CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.



- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

### 1.11.2 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional complementa a formación establecida para o resto dos módulos profesionais que integran o título nas funcións de análise do contexto, deseño do proxecto e organización da execución.

A función de análise do contexto abrangue as subfuncións de compilación de información, identificación de necesidades e estudo de viabilidade.

A función de deseño do proxecto ten como obxectivo establecer as liñas xerais para dar resposta ás necesidades presentadas, concretando os aspectos salientables para a súa realización. Inclúe as subfuncións de definición do proxecto, planificación da intervención e elaboración da documentación.

A función de organización da execución abrangue as subfuncións de programación de actividades, xestión de recursos e supervisión da intervención.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.

Fomentaranse e valoraranse a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos procesos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

O equipo docente exercerá a titoría das seguintes fases de realización do traballo, que se realizarán fundamentalmente de xeito non presencial: estudo das necesidades do sector produtivo, deseño, planificación e seguimento da execución do proxecto.

A exposición do informe, que realizará todo o alumnado, é parte esencial do proceso de avaliación e defenderase ante o equipo docente.

Polas súas propias características, a formación do módulo relaciónase con todos os obxectivos xerais do ciclo e con todas as competencias profesionais, persoais e sociais, barranto no relativo á posta en práctica de diversos aspectos da intervención deseñada.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Execución de traballos en equipo.
- Responsabilidade e autoavaliación do traballo realizado.
- Autonomía e iniciativa persoal.
- Uso das TIC.

## 1.12 Módulo profesional: Formación e orientación laboral

- Equivalencia en créditos ECTS: 5.
- Código: MP1145.
- Duración: 107 horas.

### 1.12.1 Unidade formativa 1: Prevención de riscos laborais

- Código: MP1145\_12.
- Duración: 45 horas.

#### 1.12.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Recoñece os dereitos e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
  - CA1.1. Relacionáronse as condicións laborais coa saúde do/da traballador/a.
  - CA1.2. Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde dos/das traballadores/as.
  - CA1.3. Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
  - CA1.4. Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
  - CA1.5. Valoráronse as medidas de protección específicas de traballadores/as sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
  - CA1.6. Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.
  - CA1.7. Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas dos/das traballadores/as en materia de prevención de riscos laborais.
- RA2. Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da animación sociodeportiva e da animación turística.
  - CA2.1. Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
  - CA2.2. Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
  - CA2.3. Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
  - CA2.4. Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
  - CA2.5. Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.

- RA3. Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
  - CA3.1. Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
  - CA3.2. Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
  - CA3.3. Determináronse os xeitos de representación dos/das traballadores/as na empresa en materia de prevención de riscos.
  - CA3.4. Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
  - CA3.5. Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
  - CA3.6. Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
  - CA3.7. Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
  - CA3.8. Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
- RA4. Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
  - CA4.1. Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
  - CA4.2. Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
  - CA4.3. Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
  - CA4.4. Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
  - CA4.5. Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
  - CA4.6. Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

### 1.12.1.2 Contidos básicos

#### BC1. Dereitos e obrigas en seguridade e saúde laboral

- Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
- Análise dos dereitos e das obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as en prevención de riscos laborais.
- Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
- Protección de traballadores/as especialmente sensibles a determinados riscos.

## BC2. Avaliación de riscos profesionais

- Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
- Determinación dos danos á saúde do/da traballador/a que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
- Riscos específicos no sector da animación sociodeportiva e da animación turística en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
- Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.

## BC3. Planificación da prevención de riscos na empresa

- Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
- Órganos de representación e participación dos/das traballadores/as en prevención de riscos laborais.
- Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
- Planificación da prevención na empresa.
- Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
- Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
- Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

## BC4. Aplicación de medidas de prevención e protección na empresa

- Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
- Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
- Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
- Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

## 1.12.2 Unidade formativa 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego

- Código: MP1145\_22.
- Duración: 62 horas.

### 1.12.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
  - CA1.1. Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
  - CA1.2. Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
  - CA1.3. Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.

- CA1.4. Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- CA1.7. Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
  - CA2.1. Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
  - CA2.2. Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
  - CA2.3. Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
  - CA2.4. Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
  - CA2.5. Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
  - CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
  - CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
  - CA2.8. Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
  - CA2.9. Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
  - CA2.10. Identificáronse os órganos de representación dos/das traballadores/as na empresa.
  - CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
  - CA2.12. Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.
- RA3. Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
  - CA3.1. Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
  - CA3.2. Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
  - CA3.3. Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dun/dunha traballador/a e as cotas correspondentes a el/ela e á empresa.
  - CA3.4. Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

- CA3.5. Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
  - CA4.1. Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
  - CA4.2. Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exixencias do proceso produtivo.
  - CA4.3. Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
  - CA4.4. Valórouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
  - CA4.5. Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
  - CA4.6. Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
  - CA4.7. Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva
  - CA4.8. Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
  - CA4.9. Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

### 1.12.2.2 Contidos básicos

#### BC1. Xestión do conflito e equipos de traballo

- Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
- Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
- Equipos no sector da animación sociodeportiva e da animación turística segundo as funcións que desempeñen.
- Dinámicas de grupo.
- Equipos de traballo eficaces e eficientes.
- Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
- Conflito: características, tipos, causas e etapas.
- Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

#### BC2. Contrato de traballo

- Dereito do traballo.
- Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.

- Análise da relación laboral individual.
- Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
- Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
- Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
- Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
- Sindicatos e asociacións empresariais.
- Representación dos/das traballadores/as na empresa.
- Conflitos colectivos.
- Novos contornos de organización do traballo.

### BC3. Seguridade social, emprego e desemprego

- A seguridade social como pilar do estado social.
- Estrutura do sistema de seguridade social.
- Determinación das principais obrigas dos/das empresarios/as e dos/das traballadores/as en materia de seguridade social.
- Protección por desemprego.
- Prestacións contributivas da seguridade social.

### BC4. Procura activa de emprego

- Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
- Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
- Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
- Proceso de toma de decisións.
- Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
- Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

## 1.12.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector de animación sociodeportiva e da animación turística.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais q), r), s), t), u), v), w) e z) do ciclo formativo, e as competencias o), p), q), r), s), t) e v).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os ob-

xectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector da animación sociodeportiva e da animación turística.
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:
  - Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
  - Manexo de fontes de información, incluídos os recursos de internet para a procura de emprego.
  - Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector de animación sociodeportiva e da animación turística a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector de animación sociodeportiva e da animación turística.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo semanais sexan consecutivas.



## 1.13 Módulo profesional: Empresa e iniciativa emprendedora

- Equivalencia en créditos ECTS: 4.
- Código: MP1146.
- Duración: 53 horas.

### 1.13.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.
  - CA1.1. Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
  - CA1.2. Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
  - CA1.3. Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
  - CA1.4. Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.
  - CA1.5. Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
  - CA1.6. Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
  - CA1.7. Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
  - CA1.8. Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
- RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.
  - CA2.1. Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
  - CA2.2. Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
  - CA2.3. Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
  - CA2.4. Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.

- CA2.5. Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística en función da súa posible localización.
- CA2.6. Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
- CA2.7. Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada con servizos de animación sociodeportiva e de animación turística e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
- CA2.8. Identificáronse, en empresas de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
- CA2.9. Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
- CA2.10. Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
- CA2.11. Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
- CA2.12. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- RA3. Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.
  - CA3.1. Analizouse o concepto de empresario/a, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
  - CA3.2. Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
  - CA3.3. Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.
  - CA3.4. Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
  - CA3.5. Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
  - CA3.6. Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
  - CA3.7. Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
  - CA3.8. Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística tendo en conta a súa localización.
  - CA3.9. Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- RA4. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.

- CA4.1. Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- CA4.2. Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
- CA4.3. Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada con servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
- CA4.4. Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, notas provisionais e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.
- CA4.5. Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

### 1.13.2 Contidos básicos

#### BC1. Iniciativa emprendedora

- Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
- A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
- Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
- Actuación das persoas emprendedoras no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.
- O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
- Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
- Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.

#### BC2. A empresa e o seu contorno

- A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
- Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
- Localización da empresa.

- O/a empresario/a. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
- Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
- Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
- Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

### BC3. Creación e posta en marcha dunha empresa

- Formas xurídicas das empresas.
- Responsabilidade legal do empresariado.
- A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
- Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
- Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.
- Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

### BC4. Función administrativa

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.
- Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
- Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
- Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística: documentos administrativos e documentos de pagamento.
- Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

## 1.13.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais r), s), t), u), w), x) e y) do ciclo formativo, e as competencias p), q), r), t) y u).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas de animación sociodeportiva e animación turística, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector dos servizos relacionados coa animación sociodeportiva e a animación turística.
- Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.
- Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade de animación sociodeportiva e animación turística composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluírá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.

O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados previsional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

## 1.14 Módulo profesional: Formación en centros de traballo

- Equivalencia en créditos ECTS: 22.
- Código: MP1147.
- Duración: 384 horas.

### 1.14.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa, relacionándoas co tipo de servizo que presta.
  - CA1.1. Identificouse a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área desta.
  - CA1.2. Comparouse a estrutura da empresa coas organizacións empresariais tipo existentes no sector.
  - CA1.3. Relacionáronse as características do servizo e o tipo de clientela co desenvolvemento da actividade empresarial.
  - CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.
  - CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.
  - CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes en esta actividade.
- RA2. Aмосa hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.
  - CA2.1. Recoñecéronse e xustificáronse a dispoñibilidade persoal e temporal necesarias no posto de traballo.
  - CA2.2. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes persoais (puntualidade, empatía, etc.) e profesionais (orde, limpeza, responsabilidade, etc.) necesarias para o posto de traballo.
  - CA2.3. Recoñecéronse e xustificáronse os requisitos actitudinais ante a prevención de riscos na actividade profesional.
  - CA2.4. Recoñecéronse e xustificáronse os requisitos actitudinais referidos á calidade na actividade profesional.
  - CA2.5. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes relacionadas co propio equipo de traballo e coa xerarquía establecida na empresa.
  - CA2.6. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes relacionadas coa documentación das actividades realizadas no ámbito laboral.
  - CA2.7. Recoñecéronse e xustificáronse as necesidades formativas para a inserción e a reinserción laboral no ámbito científico e técnico do bo facer profesional.
  - CA2.8. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da Lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.

- CA2.9. Puxéronse en marcha os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.
- CA2.10. Mantívose unha actitude de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas.
- CA2.11. Mantivéronse organizados, limpos e libres de obstáculos o posto de traballo e a área correspondente ao desenvolvemento da actividade.
- CA2.12. Responsabilizouse do traballo asignado, interpretando e cumprindo as instrucións recibidas.
- CA2.13. Estableceuse unha comunicación eficaz coa persoa responsable en cada situación e co membros do equipo.
- CA2.14. Coordinouse co resto do equipo, comunicando as incidencias salientables que se presenten.
- CA2.15. Valorouse a importancia da súa actividade e a necesidade de adaptación aos cambios de tarefas.
- CA2.16. Responsabilizouse da aplicación das normas e os procedementos no desenvolvemento do seu traballo.
- RA3. Programa actividades de animación sociodeportiva para o tempo libre, dirixidas a todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes contextos, seguindo as directrices da empresa e colaborando co equipos responsables dos programas.
  - CA3.1. Identificáronse as características propias do centro de traballo e dos programas que se desenvolven.
  - CA3.2. Requiriuse a información pertinente sobre as persoas destinatarias de cada programa.
  - CA3.3. Definiuse unha proposta de intervención consonte os recursos e o tempo dispoñible.
  - CA3.4. Propuxéronse actividades adaptadas ás características das persoas participantes e ao contexto de intervención.
  - CA3.5. Seleccionáronse as estratexias de intervención acordes cos obxectivos e as persoas destinatarias.
  - CA3.6. Prevíronse actividades alternativas para solucionar as posibles contingencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
- RA4. Diseña sesións para o ensino de xogos e actividades físico-deportivas individuais, de implementos e de equipo, para todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes contextos, seguindo as directrices establecidas na programación xeral.
  - CA4.1. Identificáronse as características propias do centro de traballo e dos programas que se desenvolven nel.
  - CA4.2. Requiriuse a información pertinente sobre as persoas destinatarias dos programas.
  - CA4.3. Definiuse unha proposta de intervención consonte os recursos e o tempo dispoñibles.
  - CA4.4. Diseñáronse as adaptacións oportunas nas tarefas de ensino e aprendizaxe, en función das características das persoas participantes e do contexto de intervención.
  - CA4.5. Seleccionáronse as estratexias metodolóxicas para o ensino das actividades físico-deportivas, adecuándoas aos obxectivos e ás persoas destinatarias.

- CA4.6. Seguiuse a secuencia adecuada nas tarefas, conforme criterios fisiolóxicos, motivacionais e de construción das aprendizaxes.
- CA4.7. Prevíronse actividades alternativas para solucionar as continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.
- RA5. Dirixe e dinamiza actividades de animación para o tempo libre, garantindo a satisfacción e a seguridade das persoas participantes.
  - CA5.1. Relacionouse con naturalidade coas persoas participantes, adecuando o seu comportamento social ás súas características.
  - CA5.2. Combináronse adecuadamente o tempo e o espazo, conseguindo a máxima participación e en condicións óptimas de seguridade.
  - CA5.3. Rendibilizouse o uso dos materiais, organizando adecuadamente as persoas participantes.
  - CA5.4. Motiváronse as persoas participantes para conseguir a súa máxima implicación na actividade.
  - CA5.5. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favoreza as relacións interpersoais, nun clima de cordialidade e confianza.
  - CA5.6. Atalláronse as condutas disruptivas, cando estas se produciron, utilizando estratexias asertivas adecuadas.
  - CA5.7. Realizouse o control e o seguimento da actividade, respondendo e solucionando as continxencias xurdidas no transcurso da actividade.
- RA6. Dirixe e dinamiza sesións de ensino de xogos e de actividades físico-deportivas individuais, de implementos e de equipo, garantindo a satisfacción, a aprendizaxe e a seguridade das persoas participantes.
  - CA6.1. Proporcionouse a información pertinente ao principio e ao final da sesión, motivando cara á aprendizaxe de actividades físico-deportivas.
  - CA6.2. Combináronse adecuadamente o tempo e o espazo, conseguindo a máxima participación e en condicións óptimas de seguridade.
  - CA6.3. Rendibilizouse o uso dos materiais, organizando adecuadamente as persoas participantes.
  - CA6.4. Explicouse a realización das tarefas motrices utilizando as canles de información pertinentes en cada caso.
  - CA6.5. Adaptouse a intensidade e a dificultade das tarefas, os espazos e os materiais ás características das persoas participantes.
  - CA6.6. Corrixíronse os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas.
  - CA6.7. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favorece as relacións interpersoais, nun clima de cordialidade e confianza.
  - CA6.8. Atalláronse as condutas disruptivas, cando estas se produciron, utilizando estratexias asertivas adecuadas.
  - CA6.9. Controlouse a actividade respondendo adecuadamente ás continxencias xurdidas no seu transcurso.
- RA7. Avalía os programas e as actividades de ensino e animación, incorporando criterios de calidade para a procura da excelencia na oferta do servizo.
  - CA7.1. Aplicáronse os instrumentos de avaliación establecidos, para avaliar a idoneidade e a pertinencia dos programas e as actividades de ensino e animación.



- CA7.2. Avaliáronse os elementos que configuran as actividades de ensino e animación: espazos utilizados, instalacións, instrumentos e material, persoal da organización implicado, desenvolvemento da actividade, elementos complementarios e auxiliares, nivel de participación e satisfacción das persoas participantes.
- CA7.3. Utilizáronse as tecnoloxías da información e a comunicación para o seguimento e a avaliación das actividades.
- CA7.4. Elaboráronse os informes pertinentes coa información xerada en todo o proceso, e presentáronse de xeito coherente para a súa consulta e utilización na elaboración de futuras programacións.
- CA7.5. Reflexionouse sobre a propia intervención, valorando a aplicación dos coñecementos, das habilidades e das actitudes desenvolvidas.
- CA7.6. Elaboráronse propostas de mellora, a partir da análises da información e as conclusións recollidas na avaliación de todo o proceso.

### **1.14.2 Orientacións pedagóxicas**

Este módulo profesional contribúe a completar as competencias do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva, e os obxectivos xerais do ciclo, tanto os que se alcanzaran no centro educativo como os de difícil consecución nel.

## 2. Anexo II

### A) Espazos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m <sup>2</sup> (30 alumnos/as)	Superficie en m <sup>2</sup> (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente.	60	40	47 %
Sala ximnasio, que incluíra vestuarios, duchas e almacén.	480	480	9 %
Aula técnica físico-deportiva con almacén.	90	60	5 %
Pista polideportiva.	968	968	16 %
Sala polideportiva de barrio. (1)			7 %
Piscina climatizada de 25 metros de longo e 2 metros de profundidade. (1)			7 %
Instalacións non convencionais urbanas e no medio natural. (1)			6 %
Instalacións de atletismo. (1)			1 %
Pistas de tenis. (1)			1 %
Pistas de pádel. (1)			1 %

(1) Espazo non necesariamente situado no centro de formación.

- A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional poderá autorizar unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ao número de alumnos e alumnas, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.
- O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas no centro educativo, por un grupo de alumnado, respecto da duración total destas.
- Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnado que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.
- En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

### B) Equipamentos mínimos

Equipamento
<ul style="list-style-type: none"><li>– Equipamentos informáticos instalados en rede e con conexión a internet.</li><li>– Software de propósito xeral. Software específico da valoración da condición física e biolóxica.</li><li>– Software para a elaboración de programas de adestramento.</li><li>– Equipamentos audiovisuais. Material para rexistro fotográfico dixital.</li><li>– Moblaxe axeitada para cada espazo.</li><li>– Material específico para salas ximnasio.</li><li>– Equipamento de son e iluminación.</li><li>– Materiais específicos para a valoración da condición física, a condición biolóxica e os aspectos psicosociais.</li><li>– Modelos anatómicos, osteoarticulares e musculares.</li><li>– Material didáctico convencional e alternativo do ámbito da actividade física.</li><li>– Material específico para a práctica de tenis e de pádel.</li></ul>

#### Equipamento

- Material específico para a práctica de actividades físico-deportivas de equipo de campo dividido e de invasión.
- Material específico para a práctica de actividades físico-deportivas para a inclusión social.
- Material específico para a práctica de xogos e actividades físico-recreativas.
- Material específico para a iniciación ao golf.
- Materiais para a aprendizaxe dos estilos de natación e a recreación no medio acuático: elementos flotantes, somerxibles e de axuda á propulsión.
- Material para salto, lanzamento e carreiras para levar a cabo nas instalacións de atletismo.
- Material de primeiros auxilios e para a inmovilización.
- Caixa de primeiros auxilios equipada.
- Manequín de reanimación cardiopulmonar.
- Simulador de desfibrilador semiautomático.
- Manequín de arrastre.
- Equipamento e materiais para o salvamento acuático.
- Contedor de residuos con compartimentos para reciclaxe.

### 3. Anexo III

#### A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva

Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
▪ MP1123. Actividades de lecer e tempo libre.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
	Servizos á Comunidade.	Profesorado técnico de formación profesional.
▪ MP1124. Dinamización grupal.	Educación Física. Intervención Sociocomunitaria.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1137. Planificación da animación sociodeportiva.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1138. Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1139. Actividades físico-deportivas individuais.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1140. Actividades físico-deportivas de equipo.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1141. Actividades físico-deportivas de implementos.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1142. Actividades físico-deportivas para a inclusión social.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1143. Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1144. Proxecto de ensinanza e animación sociodeportiva.	Educación Física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1145. Formación e orientación laboral.	Formación e Orientación laboral.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP1146. Empresa e iniciativa emprendedora.	Formación e Orientación laboral.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.

#### B) Titulacións habilitantes para os efectos de docencia

Corpos	Especialidades	Titulacións
▪ Profesorado de ensino secundario.	Formación e Orientación Laboral	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Diplomado/a en Ciencias Empresariais.</li> <li>– Diplomado/a en Relacións Laborais</li> <li>– Diplomado/a en Traballo Social.</li> <li>– Diplomado/a en Educación Social.</li> <li>– Diplomado/a en Xestión e Administración Pública.</li> </ul>
	Intervención Sociocomunitaria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Mestre/a, en todas as súas especialidades.</li> <li>– Diplomado/a en Educación Social.</li> <li>– Diplomado/a en Traballo Social.</li> </ul>

**C) Titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras administracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración educativa**

Módulos profesionais	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1123. Actividades de lecer e tempo libre.</li> <li>▪ MP1124. Dinamización grupal.</li> <li>▪ MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes.</li> <li>▪ MP1137. Planificación da animación sociodeportiva.</li> <li>▪ MP1138. Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística.</li> <li>▪ MP1139. Actividades físico-deportivas individuais.</li> <li>▪ MP1140. Actividades físico-deportivas de equipo.</li> <li>▪ MP1141. Actividades físico-deportivas de implementos.</li> <li>▪ MP1142. Actividades físico-deportivas para a inclusión social.</li> <li>▪ MP1143. Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas.</li> <li>▪ MP1144. Proxecto de ensinanza e animación sociodeportiva.</li> <li>▪ MP1145. Formación e orientación laboral.</li> <li>▪ MP1146. Empresa e iniciativa emprendedora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou o título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes.</li> </ul>

**D) Titulacións habilitantes para os efectos de docencia para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras administracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración educativa**

Módulos profesionais	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1123. Actividades de lecer e tempo libre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou o título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mestre/a, en todas as súas especialidades.</li> <li>▪ Diplomado/a en Educación Social.</li> <li>▪ Diplomado/a en Traballo Social.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1145. Formación e orientación laboral.</li> <li>▪ MP1146. Empresa e iniciativa emprendedora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diplomado/a en Ciencias Empresariais.</li> <li>▪ Diplomado/a en Relacións Laborais</li> <li>▪ Diplomado/a en Traballo Social.</li> <li>▪ Diplomado/a en Educación Social.</li> <li>▪ Diplomado/a en Xestión e Administración Pública.</li> </ul>

## 4. Anexo IV

### Validacións

#### A) Validacións entre módulos profesionais de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990 (LOXSE) e os establecidos no título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva ao abeiro da Lei orgánica 2/2006

Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais e ciclos formativos aos que pertencen	Módulos profesionais
Animación de lecer e tempo libre. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación Sociocultural. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1123. Actividades de lecer e tempo libre</li> </ul>
Animación e dinámica de grupos. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior en Animación Sociocultural. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Educación Infantil. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>
Fundamentos biolóxicos e bases do acondicionamento físico. Primeiros auxilios e socorrismo acuático. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes.</li> </ul>
Xogos e actividades físicas recreativas para animación. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación Turística. (Hostalaría e Turismo).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1138. Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística</li> </ul>
Actividades físico-deportivas individuais. Primeiros auxilios e socorrismo acuático. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1139. Actividades físico-deportivas individuais.</li> </ul>
Actividades físico-deportivas de equipo. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1140. Actividades físico-deportivas de equipo.</li> </ul>
Actividades físico-deportivas con implementos. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1141. Actividades físico-deportivas de implementos.</li> </ul>
Metodoloxía didáctica das actividades físico-deportivas. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1143. Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas.</li> </ul>
Organización e xestión dunha pequena empresa de actividades de tempo libre e socioeducativas. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación Turística. (Hostalaría e Turismo).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación Sociocultural. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1146 Empresa e iniciativa emprendedora.</li> </ul>
Formación en centro de traballo. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1147. Formación en centros de traballo.</li> </ul>

**B) Validacións entre módulos profesionais establecidos no título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva e os doutros títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006 (LOE)**

Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais	Módulos profesionais para validar e ciclos formativos aos que pertencen
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>	<p>MP1328. Atención a grupos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao medio de Guía no Medio Natural e de Tempo Libre.</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao medio de Actividades Equestres.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>	<p>MP0211. Destrezas sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>	<p>MP0017. Habilidades sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Acondicionamento Físico.</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Integración Social. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Mediación Comunicativa. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Educación Infantil. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Promoción en Igualdade de Xénero. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Educación e Control Ambiental. (Seguridade e Ambiente).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes.</li> </ul>	<p>MP0020. Primeiros auxilios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclo formativo de grao medio de Actividades Equestres.</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao medio de Farmacia e Parafarmacia. (Sanidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao medio de Condución de Vehículos de Transporte por Estrada. (Transporte e Mantemento de Vehículos).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Integración Social (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Mediación Comunicativa (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Educación Infantil. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Promoción de Igualdade de Xénero. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Animación Sociocultural e Turística. (Servizos Socioculturais e á Comunidade).</li> <li>▪ Ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental. (Sanidade).</li> </ul>

## 5. Anexo V

### A) Correspondencia das unidades de competencia acreditadas consonte o establecido no artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, cos módulos profesionais para a súa validación

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
<ul style="list-style-type: none"> <li>UC1868_2: Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre.</li> <li>UC1869_3: Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1123. Actividades de lecer e tempo libre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>UC1867_2: Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e da xuventude.</li> <li>UC1870_3: Xerar equipos de monitores/as, dinamizalos e supervisalos en proxectos educativos de tempo libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>UC1093_3: Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>UC0273_3: Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria.</li> <li>UC0272_2: Asistir como primeiro/a interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>UC1658_3: Elaborar, xestionar, promocionar e avaliar proxectos de animación físico-deportivos e recreativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1137. Planificación da animación sociodeportiva.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>UC1659_3: Organizar e dinamizar eventos, actividades e xogos de animación físico-deportiva e recreativa para todos os tipos de persoas usuarias.</li> <li>UC1095_3: Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa.</li> <li>UC1096_3: Organizar e desenvolver veladas e espectáculos con fins de animación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1138. Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>UC1094_3: Organizar e desenvolver actividades lúdicas e físico-recreativas en animación turística.</li> <li>UC1095_3: Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa.</li> <li>UC1096_3: Organizar e desenvolver veladas e espectáculos con fins de animación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1138. Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística</li> </ul>

Nota: as persoas matriculadas neste ciclo formativo que teñan acreditadas todas as unidades de competencia incluídas no título, consonte o procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, terán validado o módulo profesional “MP1143. Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas”.

### B) Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1123. Actividades de lecer e tempo libre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>UC1868_2: Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre.</li> <li>UC1869_3: Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de</li> </ul>



Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
	tempo libre educativo.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UC1867_2: Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e da xuventude.</li> <li>▪ UC1870_3: Xerar equipos de monitores/as, dinamizalos e supervisalos en proxectos educativos de tempo libre.</li> <li>▪ UC1093_3: Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UC0273_3: Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria.</li> <li>▪ UC0272_2: Asistir como primeiro/a interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1137. Planificación da animación sociodeportiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UC1658_3: Elaborar, xestionar, promocionar e avaliar proxectos de animación físico-deportivos e recreativos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1138. Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UC1659_3: Organizar e dinamizar eventos, actividades e xogos de animación físico-deportiva e recreativa para todos os tipos de persoas usuarias.</li> <li>▪ UC1094_3: Organizar e desenvolver actividades lúdicas e físico-recreativas en animación turística.</li> <li>▪ UC1095_3: Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa.</li> <li>▪ UC1096_3: Organizar e desenvolver veladas e espectáculos con fins de animación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MP1139. Actividades físico-deportivas individuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UC1084_3: Programar actividades de ensinanza e acondicionamento físico básico relativas a actividades de natación.</li> <li>▪ UC1085_3: Dirixir a aprendizaxe e o acondicionamento físico básico en actividades de natación.</li> </ul>

## 6. Anexo VI

### Organización dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva para o réxime ordinario

Curso	Módulo	Duración	Especialidade do profesorado
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes.</li> </ul>	240	Educación Física.
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1138. Xogos e actividades físico-recreativas e de animación turística</li> </ul>	160	Educación Física.
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1139. Actividades físico-deportivas individuais.</li> </ul>	186	Educación Física.
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1141. Actividades físico-deportivas de implementos.</li> </ul>	160	Educación Física.
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1143. Metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas.</li> </ul>	107	Educación Física.
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1145. Formación e orientación laboral.</li> </ul>	107	Formación e Orientación Laboral.
Total 1º (FCE)		960	
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1123. Actividades de lecer e tempo libre</li> </ul>	156	Educación Física. Servizos á Comunidade.
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1124. Dinamización grupal.</li> </ul>	123	Educación Física. Intervención Sociocomunitaria.
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1137. Planificación da animación sociodeportiva.</li> </ul>	53	Educación Física.
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1142. Actividades físico-deportivas para a inclusión social.</li> </ul>	105	Educación Física.
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1140. Actividades físico-deportivas de equipo.</li> </ul>	140	Educación Física.
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1146 Empresa e iniciativa emprendedora.</li> </ul>	53	Formación e Orientación Laboral.
Total 2º (FCE)		630	
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1144. Proxecto de ensinanza e animación sociodeportiva.</li> </ul>	26	Educación Física.
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1147. Formación en centros de traballo.</li> </ul>	384	

## 7. Anexo VII

### Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración

Módulo profesional	Unidades formativas	Duración
<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1136. Valoración da condición física e intervención en accidentes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1136_12. Fundamentos biolóxicos e bases do acondicionamento físico.</li> </ul>	195
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1136_22. Primeira intervención en caso de accidente ou situación de emerxencia.</li> </ul>	45
<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1139. Actividades físico-deportivas individuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1139_14. Actividades acuáticas: natación.</li> </ul>	62
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1139_24. Salvamento acuático.</li> </ul>	64
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1139_34. Actividades atléticas: atletismo.</li> </ul>	30
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1139_44. Outras actividades físico-deportivas individuais.</li> </ul>	30
<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1140. Actividades físico-deportivas de equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1140_13. Voleibol.</li> </ul>	35
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1140_23. Baloncesto.</li> </ul>	35
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1140_33. Outras actividades físico-deportivas de equipo de invasión.</li> </ul>	70
<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1141. Actividades físico-deportivas de implementos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1141_13. Actividades físico-deportivas de implementos de espazo dividido e participación alternativa.</li> </ul>	60
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1141_23. Actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación simultánea.</li> </ul>	60
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1141_33. Actividades físico-deportivas de implementos de espazo común e participación alternativa, e deportes con implementos de tipoloxía psicomotriz.</li> </ul>	40
<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1145. Formación e orientación laboral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1145_12. Prevención de riscos laborais.</li> </ul>	45
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MP1145_22. Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego</li> </ul>	62